



Certame Fotográfico "Viaxando" da OMIX

O concurso está dirixido a mozos
de entre 12 e 35 anos

Páxina 16



II Festival Hércules Brass", en agosto

Expertos e alumnos en música de
vento de España, Portugal, Bélxica
e Francia

Páxina 30

"Verão Atístico" en Monção

Férias Divertidas
2015"

Páxina 44



"Chegamos para mellorar O Porriño", Eva García de la Torre, alcaldesa

15 nenos e nenas saharauís reciben a benvinda do Concello de Ponteareas

O acto contou coa asistencia
dos alcaldes de Ponteareas,
Xosé Represas, do alcalde de As
Neves, Xosé Manuel Rodríguez,
e do alcalde de Arbo, Horacio
Gila

Páxina 12

Os Alcaldes respostan

Ponteareas	Páxina 8
O Porriño	Páxina 17
As Neves	Páxina 20
Tui	Páxina 21
Salceda	Páxina 22
Lalín	Páxina 26
Sober	Páxina 31



Telf: 986 64 08 34



Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:

- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto
o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

CONFITERIA
Regino
TLF: 986640834
Ponteareas (Pontevedra)

Opinión

Despois das eleccións

Empeza o desprazamento e este sábado día 14 tivo lugar a operación limpeza, novas caras ocuparon postos de goberno municipal. Non chegará facelo coma sempre con auga e xabón, haberá que empregarse a fondo pois hai cheiro e putrefacción, será ben desinfectar todo. Pero coidado, moitos deles e delas, que son os subversivos radicais, poden destruír o xa destruído. E entón veñen “os bos” e, para garantir a nosa destrución impecable, advírtelles que se incumpren a lei tal como eles amparan, serán chamados á orde. Que cara! Pois seica si, que o goberno advirte aos novos gobernantes que actuará se incumpren a lei. Que lei? A deles? A de todos? A que chega tarde? A que prescribe? A que indulta aos amigos e inculpa aos demais? A lei que nos trouxo ata aquí? Que lei? A que deixa impunes a tantos chourizos? A lei que permite os desafuzamentos de pais con fillos, con dependentes? A lei que deixa que non se atendan a alumnos con necesidades educativas especiais? A lei que deixa sen medicamentos aos enfermos? A lei que permite o pago, copago e repago de servizos públicos? Aquela que atende obediencia e mansa os ditados de instancias insensibles como o FMI e supraestruturas mundiais e europeas que se soben os seus soldos mentres propoñen baixar o dos demais? Que lei é esa? A que autoriza a marchar a tantos ladróns a paraísos fiscais, coidando especialmente a aqueles políticos –afectos ao goberno– que facendo uso privilexiado de datos defraudaron e colleron, amasaron e levaron? A que lei se refiren, os do goberno, a que deixa que se leven as divisas a outros lares? A das contas opacas? A das tarxetas blac que aínda se paponean por aí? A que deu e dá acubillo a imputados, condenados, sospeito-

sos, caraduras de todo tipo de tráfico de influencias? A lei que permitiu que todas as plantillas de moitas empresas –beneficiarias do favor do goberno– sexan dunha determinada filiación política, a súa mesma, que todos sabemos? Antes de seguir a meter medo, deberían precisar se a lei vai funcionar, se ten medios, se esa lei obriga a todos, se salta como presunta culpabilidade para uns, e como presunta inocencia para outros. E isto é o que non pode ser, por moito goberno que sexa. Eles tamén están e estaban suxeitos á mesma lei que incumpriron. A lei non culpa a quen nos deixou tan tristes e frustrados. Non está contemplado. Coidado. Todos estamos moi indignados co papel que desenvolveron, coas medias que aplicaron sobre de nós, coa desfeita que deixan aínda que presuman de limpar algún filtro do tubo de escape. Non hai dereito, abusaron e na súa soberbia aplicaron a lei manipulando aos artifices da mesma, manipulando as normas de convivencia e perturbando as estruturas vitais das comunidades, incluso vendéndonos o futuro e o dos nosos fillos, deturpando a transparencia e a convivencia democrática que tiñamos. Pero ese goberno, o mesmo que ameaza desde o seu propio medo, que se mire no espello, que saiba que isto só é comezo de algo. A partir de aquí, destes levantamentos dos múltiples niños de corruptelas que son os concellos, haberá que seguir limpando as súas arrogancias, soberbias e abusos. A lei, a verdadeira Lei terá que caer sobre deles para repoñer tanto que nos quitaron e sementar algo de ilusión ou porvir.



Baldomero Iglesias Dobbarrio

Mero

Insisten

Están todas as forzas destrutivas do suposto poder democrático en perfecta orde de revista, listas para atacar. Empezaron orientándose contra os concellos rebeldes, contra os “extremistas” que tiveron a ousadía de arrebatarlles parte do “seu” poder que tiñan asentado “perseculaseculorum”. Están todos en disposición de non pasar a máis mínima faragulla pola súa –novidosa– peneira. A mesma peneira que ningún deles pasaría se se lles fixese mirar no espello. Pobres de nós. Temos para rato ratos cos de Rato. Para máis inri teñen da súa man os poderes xudiciais que, previamente, eles nomearon para que lles boten un capote e tapen as “propelías” que fixeron. Tamén están os medios de espallamento e intervención social, como voceiros desa dereita corrupta. Empregan –hábeles– a omisión intencionada, a sospeita, a difamación, as nubes de fume para o despiste, as cortinas ofensivas doutros temas menos trascendentais, a mentira, a intolerancia e falta de respecto, e así chegan a este atropelo que vemos todos os días. Son cómplices e, ao mesmo tempo, silenciadores do sufrimento que provoca esta agresión constante, o abuso policial e institucional que socava a democracia e o dereito de expresión, que exercen desde a súa maioría. Fíxéronse, non defensores da diversidade de opinión, nin discrepantes, senón cómplices dos verdugos e de tales dores, corifeos da infamia, indignos representantes da esclarecedora información. Eses –os mesmos–, na súa independencia, deberan ser tamén máis ou menos veraces, anque nunca xamais difamadores. Todos eles –e elas–, agora perdedores, piden vinganza. Non pararán ata que lles faga morrer de

vergoña diante tanto insulto e soberbia. Empezaron comparando uns tuits –moi desafortunados, certamente; indignantes e de provocación– cos seus crimes e saqueos, coa evasión de capitais e corruptelas que afectan a todo o Estado, coas perversións de xentes que aínda habitan nas súas filas e que fixeron (e fan) apoloxía de terrorismo e da ditadura pasada, de racismo e desprezo constante dos dereitos humanos. Aínda todos eles non aplicaron nin respectaron a Lei da Memoria Histórica nin rexeitaron debidamente aquela loucura. Están, aproveitando a baixeza dos sabidos tuits, ocupando o territorio do despiste das súas propias infamias, saben que van –en breve– aflorar por debaixo das alfombras moitas máis artes de desprezo. É unha reacción de medo que eles teñen. Natural. Levan tantos anos zugándonos o sangue que, agora que chegan estes e vaise ver todo. Non ven delito no esperpento de case todos estar manchados pola estafa continuada, nin no espectáculo tráxico do sangue e sufrimento. Non aceptan a derrota, perderon “el cortijo”. Indican que mesmo o sistema electoral é malo pois permite estas cousas de coordinación entre partidos, e hai que cambialo. Non é certo que foran os máis votados. Se así fora, estarían gobernando sen problemas. Terían que gañar a maioría que, nalgúns sitios, non acadaron. Mentres os demais poden confabularse para xuntar e establecer esa maioría, cun acordo de goberno. Ou non? A democracia é isto: poucos ou moitos, hai que ter algúns amigos. Todos despois de tanto insulto viráronlles as costas e non quixeron saber deles. Isto é así, aínda na democracia leve que deixaron, lonxe aínda de listas directas, abertas e participativas. Aínda han querer cambiar a lei para, de novo, favorecerse. De todas formas todo isto ten algo de bo: vemos perfectamente os perfís dos participantes, hábiles difamadores, con tanta experiencia. Van costa abaixo e sen freo, de cara ao precipicio.

Por: Esther Movilla-Castillo

Papeis principais tamén na vida

|| Canto foi a recadación da función de onte? " Isto apresúranse a preguntar os actores e actrices dunha compañía local o día seguinte ás súas actuacións. Cabería pensar de inmediato –á vez que sería xusto– que tratan de repartirse o despacho a partes proporcionais, atendendo á súa categoría de protagonistas, secundarios ou de repartición. Non obstante, farano a partes iguais. Consideran que cada un deles emprega moito esforzo e tempo en dedicarse á súa paixón, con independencia do personaxe que representan. Convéncense, de forma acertada, de que non se podería prescindir de ningún no escenario e de que nada tería sentido se non se crese con firmeza na forza do traballo en equipo. "Todos protagonistas! ", parece que corean arroupándose coma se todos os actores fosen un só. E, como dicía, deste modo –a

partes iguais– chega a cada peto unha boa cantidade de satisfacción, porque lonxe do que cabería pensar de inmediato –á vez que sería xusto– non falo de ganancia económica nin de moedas nin billetes. Falo de amantes do teatro con nome e apelidos, ourensanos, que, sabendo que o teatro é a súa necesidade, fan diso un medio social, un camiño para outros. É con este espírito co que se fusionan os compoñentes de “Abran Paso Teatro y Ene máis un” convertendo cada función nunha axuda para unha asociación da súa cidade. Actúase con mimo para que a obra guste, para que pague a pena pagar unha entrada, para conseguir uns duros a través da arte, para que a arte cobre máis sentido se cabe, aínda que para os actores sempre o teña.

Teatro a cambio de solidariedade. Un troco perfecto no que o intérprete encontra o oco vocacional de expresión e o beneficio dedícase a algún labor loable. Pero non por ser un troco deixa de ter mérito nin quero deixar de expresalo. Cada risa do espectador esperta en cada personaxe un sorriso disimulado que esconde o orgullo de saber un granito de area dentro do ben común. Si, sei que poderíamos tratar tamén o ego do actor ou a necesidade de exhibición que nos achacan, ata que punto se senten as asociacións agradecidas ou son os actores os que se senten gabados pola oportunidade de mostrarse en público? Sexa cal sexa a resposta, non invalida que horas de dedicación se tornen en axuda e que o teatro –que é pel, que é vida, que

é enerxía, que é sensibilidade– non se á parte da realidade social na que vive. Podería tamén risearse de ventaxista gabar un proxecto no que participo, pero, neste caso, non sinto pudor porque é máis forte a necesidade de agradecer a cada compoñente a súa entrega e de valorar cada segundo que rouban ao seu tempo libre, ás súas familias, a outros quefaceres para dedicarlle a ensaio e representacións. Son educadores, estudantes, autónomos, enfermeiras... que se converten en profesionais, sen facer do teatro a súa profesión, senón a súa paixón. Podo entón agora, con independencia do papel que representan na comedia "Quen saca os cubos?" consideralos a todos actores principais, papeis protagonistas... no teatro da vida. Fala

Stanislavski do concepto de "atractivo escénico" como ese halo que cobre o actor cando está en escena e que esperta no espectador unha atracción irremediable. Trátase dunha calidade indefinible e intanxible, que provén dun encanto creado artisticamente. Como mostra da miña admiración, concluirei que estes actores levan con eles outro atractivo que transcende o escenario e que irradian coa súa xenerosidade todo o seu arredor.



Por: Pablo González Mariñas

Por: Guillermo Rodríguez

Director de Novas do Eixo Atlántico

A felicidade, Tsipras, Pablo Iglesias e Popper

Arde Atenas, arde Berlín, arde París... O espectáculo destas semanas cunha Europa superpotente, ofendida pola utilización, máis ou menos táctica, dun instrumento tan democrático como é un referendun, e dende logo arrogante e fachendosa dende a súa opulencia, que prende pola gorxa aos gregos, o seu democrático Goberno, aos seus líderes, tumba a Varufakis e humilla a Tsipras constitúe un motivo non só de escándalo, senón tamén de obrigada reflexión.

Neste ring político, o benestar, a felicidade do pobo foi un concepto-obxectivo manexado por ambas e dúas partes enfrontadas no debate dialéctico con profusión mediática e táctica. O concepto tan manoseado de "populismo" ben podería ser aplicado aos dous contendentes: populismo de dereitas, populismo de esquerdas.

Atento aos comunicados dos medios e ás declaracións dos protagonistas políticos, a min véuseme á cachola a difícil demarcación entre ciencia e metafísica, Popper, por suposto. O mestre dixo que de todas as ideas políticas, a que pretende a búsqueda da felicidade do pobo é a máis perigosa. Está claro: cada un de nós entende a felicidade a súa maneira. O pracer e a dor non se poden concebir e aplicar en abstracto, carecen de sustancia propia, son inseparables dos axentes humanos. Xa que logo, todo intento de utilizar o poder, o Estado, para promover a felicidade humana non só recorda a Forsthooff, senón que provoca inevitablemente unha obstaculización das liberdades e xuízos individuais.

A política ten de resolver problemas, pero non aspirar a salvar ao home. Hai que ir amodiño, proba e erro, sabendo que, como dicía Gramsci, hai que combater o pesimismo da razón co optimismo da vontade. O cambio social non é unha conquista subitánea construída sobre un ideal puramente utópico. A utopía é imprescindible, pero primeiro, e isto é claro na España actual, o primeiro é reducir o sufrimento das persoas máis desfavorecidas e vulnerables. Os novos partidos que aspiran a gobernar o país deberían ir a modo, gañar experiencia e centrarse nese obxectivo, sen agredir gratuitamente a ninguén. Metodolóxicamente é mellor axudar xa aos débiles, con ideas e propostas, que fomentar un teórico estado feliz da xustiza e igualdade universal. Proceder de forma progresiva, cautelosa e experimental: testar con conciencia e firmeza o grao de cambio social que pode conseguirse racionalmente dende a gradual experiencia. O mestre Popper falaba de "enxeñería fragmentada, consciente e sistemática".

O moderno cabalo de Troia da U.E.

Tanto a Odisea de Homero como a Eneida de Virxilio fálannos da existencia dun mítico cabalo de madeira que os gregos utilizaron para entrar na fortificada cidade de Troia.

No seu ventre ían soldados que unha vez dentro da cidade abrían as portas para que as tropas gregas entraran e así derrotar aos seus enemigos provocando a definitiva caída de Troia.

Ben que se unha mítica recreación literaria, ben que sexa certo, hoxe está moi de actualidade o cabalo e os gregos,

so que os termos e os protagonistas están cambiados de lugar. Os gregos comprobamos como a bordo de luxosos coches de alta gama e vestidos de negro "coma o home do frac", o cabalo de Troia da Unión Europea entrou no seu territorio para non deixar pedra sobre pedra e someter aos gregos a unha vida de miseria intolerable. De Grecia herdamos as ensinanzas dun Sócrates, dun Platón (que foi o seu discípulo destacado), quen nos mostrou en "Diálogos", aquilo que o maestro lle ensinara, xa que Sócrates non deixon

obra escrita. Tamén herdamos a Aristóteles que nos ensinou a razoar, a usar os nosos coñecementos dunha maneira ordenada. Antes, nos estudos de bacharelato, existía unha asignatura de Filosofía e Lóxica que era moi dura. Os profesores dábanlle grande importancia e hoxe, co paso dos anos e vendo o que se ve, eu que pasei por elas, estoulle enormemente agradecido.

O Goberno grego sentouse a negociar coas regras aristotélicas, ou sexa, razoando e utilizando argumentos lóxicos, pero atopouse que na súa fronte estaban sentados os discípulos de Pitágoras, os esbirros do FMI e do BCE, do Eurogrupo que non razonan; eles non alcanzan a entender máis que números frios. O seu cabalo de Troia chámase débeda, chámase recortes inmisericordes, aínda que o pobo pase fame, o que importa é que os banqueiros poidan seguir disfrutando das súas dachas, dos seus paraísos fiscais, para iso son eles os que mandan.

O goberno grego tentou derrubar os muros dunha Europa liberal, mezquina, sen alma. O seu cabalo de Troia era a razón, a análise dunha situación, a do pobo grego, que

fora da mesa de negociacións todos estaban de acordo que era imposible puideran pagar semellante débeda. Vencer o cabalo de Troia que nestas última década entrou en forma de préstamos para satisfacer empresas armamentísticas alemáns e francesas. Hoxe dinlle que teñen que devolver eses cartos. Cando lle concederon os préstamos para que se armaran ata ata os dentes porque así conviña a Europa e aos EEUU de América que tiña e ten grande interese en que alguén faga de guardian no flanco sur de Europa, non lle puxeron pegas, ata tiveron a colaboración

envenenada de empresas de cualificación que falsearon as contas gregas para que entraran no euro. ¿Curioso, verdade?

Hai quen desqualifica aos gregos chamándolle de todo. Son os que teñen comida na neveira, tarxeta visa e toman café e puro todos os días. Só entenden canto lles vai costar a débeda dos gregos; débeda que non houberan comprometido se non os forzaran a ser os vixias ben armados do flanco sur de Europa. Por que non lles embargas ou recollen tantos avións e tanques que lle venderon como fan os bancos cando o com-

prador, animado por unha hipoteca fácil de pagar, non pode facer fronte a ese gasto? Unhas preferentes, vamos. Sócrates foi forzado a beber cicuta porque dixeron que coas súas ensinanzas estaba alimentando o espírito dunha poboación que pensaba, que discurría. Hoxe os gregos vense obrigados a beber a cicuta da miseria, da falta de traballo, porque din que poden contaminar a outros que tamén teñen fortes débedas con esta Europa dos mercaderes que hoxe todos sufrimos e farián o mesmo se Grecia conseguirá non pagar esa forzada débeda.

¡Loa ao pobo grego, a dignidade dos seus gobernantes, aínda que teñan que beber a cicuta como Sócrates!!



Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema L.



Maré galega para gañar

Diversos partidos (CXG, BNG, EU, Anova...), canda entidades sociais, como Somos Nós, formularon xa a súa proposta para unha candidatura galega de unidade para as vindeiras eleccións xerais. E dun xeito moi maioritario as distintas opinións concordan na necesidade de que a candidatura teña o seu centro de decisión na Galicia e dea lugar a un grupo parlamentario de seu e na altísima conveniencia de que a candidatura se constrúa dende a base social, cun nido protagonismo da sociedade civil, ao xeito dunha maré galega.

Ocorre que Pablo Iglesias, secretario xeral de Podemos e factor esencial na renovación da axenda política no Estado, quere que as siglas do seu partido estean en todos os colexios electorais, quer en coalición (en Catalunya, Valencia e Galicia), quer sós (no resto do Estado). E semella que poderá acadar este obxectivo en Catalunya, en coalición con ICV, mais non tan doadamente en Valencia, na que os nacionalistas de *Compromís* ollan con moita desconfianza a primacía que tenta pór Pablo Iglesias.

Na Galicia, a forza desta maré galega, desta plataforma de unidade cívica semella incuestionábel. A unidade é un factor esencial, mais

tamén o é o protagonismo social, cívico. **Unha maré apoiada por x partidos achega moito máis ca unha**



coalición de x partidos. Velaí o evidente desenfoque que sofre Pablo

Iglesias na súa proposta electoral no que se refire a Galicia.

Esta maré galega vai precisando a definición dun programa de mínimo común denominador moi nclusivo que ha dar resposta aos desexos sociais dunha, maior transparencia e unha mellor gobernanza, xunto con propostas que poñan a economía ao servizo das persoas e da sustentabilidade. Pero tamén cara unha proposta de reforma político-constitucional que blinde o noso autogoberno, garanta un financiamento acaído dos servizos autonómicos e locais e lle restitúa Galicia a súa plena capacidade de decisión sobre a súa economía. Como sempre o autogoberno galego é a clave do noso benestar.

A arrincadeira: aniversario do Estatuto do 1936

Este domingo cumpríronse 79 anos dun acto de vontade moi importante: a aprobación por una amplísima maioría de galegos do Estatuto do 1936. Un plebiscito que nos permitiu acadar ao nivel máis alto de autonomía na Constitución do 1978. Estará a sociedade galega do 2015 á altura?

Pararmos os desafiuzamentos.

A Constitución non recoñeceu un dereito subxectivo á vivenda, senón que converteu a provisión de vivenda digna nun dos principios reitores das políticas sociais e económicas, só reclamábel en función das leis que regulasen estas políticas. A recesión multiplicou os casos de desafiuzamentos de vivendas, quer por execucións hipotecarias, quer pola falla de pagamento dos alugueiros. E o PP, gobernante na altura na Xunta, no Estado e en moitos concellos amosouse absolutamente desleixado cara estes problemas.

No que atinxe ás execucións hipotecarias, a lei procesual civil impedía cuestionar dentro do procedemento executivo a legalidade da débeda, nomeadamente as cláusulas abusivas dos xuros convencionais ou de demora e da taxación unilateralmente imposta pola entidade bancaria. E a solución chegou do Tribunal da Unión Europea, malia que Rajoy traspuxo a norma ao seu xeito canto a prazos.

Nesta caste de desafiuzamentos imponse a tutela xudicial. Mais compre distinguirmos, neste ámbito, estes desaloxos dos xerados pola falla de pagamento dos alugueiros. No último caso (agás algunhas excepcións) semella que non se lle pode facer apandar indefinidamente aos pro-

pietarios coas consecuencias desta falla de pagamento. Mais tamén compre derogar a normativa que impide parar o despexo pagando a débeda pendente ás persoas que xa o fixeran no pasado. E compre

que os Xulgados dean conta ás Oficinas municipais de servizos sociais da admisión de toda demanda desta caste tan logo como se produza.

O que si precisa unha resposta unificada a ambos os dous tipos de desafiuzamento é a garantía do dereito a unha vivenda digna.

Garantía que requirirá da intensa coordinación entre os concellos, competentes na asistencia social primaria, e a Xunta, competente na política de vivenda. Da Xunta habían vir solucións como un parque de vivendas para alugueiros sociais que merecese este nome e todas as medidas posibles para pór o maior número de vivendas baleiras ao dispoñer das persoas en risco de perda da súa vivenda.

É indubidábel que as novas maiorías gobernantes nos principais concellos galegos asumen esta prioridade. Mais, que dicir da Xunta? Será quén de traballar man a man cos gobernos municipais doutra cor política? Coñecendo ao PP e a Feijóo compre dubidalo, máis aló de quitar a foto.



A pinza PP-PSOE

P e PSOE seica monopolizaron a representación política dende 1982, despois da desfeita da UCD. O chamado "sistema da transición" é, basicamente, a do bipartidismo dinástico, abeirado na lei D'Hondt e nunha retroalimentación que abrolla con descaro cando se lle cuestiona seriamente. Se no 1979 a UCD, Coalición Democrática (antecedentes principais do actual PP) e PSOE deron cabo á experiencia do goberno de coalición n'A Coruña de Domingos Merino, hoxe día voltamos á pinza amosada nos recentes Plenos de organización da mesma cidade e de Lugo. O mesmo Feijóo ven de declarar nunha entrevista que quere "un PSOE forte que lle diga non aos nacionalistas e a Podemos".

E realidade un dos principais motivos polos que o PSOE, neste contexto, é un problema e non unha solución está no seu carácter de franquicia institucional, que lle merca ao PP ideas como a blindaxe da priorización do pagamento da débeda a respecto do mantemento dos servizos públicos (reforma "express" do artigo 135 da Constitución en outubro do 2011) ou unha idea monolítica de España que tende á continua recentralización e á negación da plurinacionalidade do Estado. E, á vista da iconografía de Pedro Sánchez na súa recente Conferencia Política e da limitada visión territorial de Carme Chacón, semella que o problema ha continuar.

Vivimos un tempo de fondas remudas institucionais, sociais e políticas. Xa que logo, máis cedo ca tarde, o PSOE terá que decidir se quere partillar dun outro relato, axustado a unha idea plurinacional do Estado a unha socialdemocracia renovada e participativa, ou tenciona defender unha democracia de baixa calidade, que despreza os valores da participación cidadá e asume como dogma as estreitas lindes do austericidio.

A ARRINCADEIRA: MANUEL MARÍA, POETA CÍVICO.

Ninguén pode negar o acerto da escolla este ano da Academia a respecto do protagonista do Día das Letras Galegas. Manuel María é o noso máis senlleiro poeta cívico dende Curros. Coherente coa súa ideoloxía, sempre foi persoa atenta e aberta, quen a sumar e tender pontes coas persoas que non pensaban coma ela. Ogallá o 2016, ademais de conmemoralocanda ás Irmandades da Fala que cumpren o seu Centenario-, afonde na cultura que preferiu tender pontes a excluír ninguén, como adoitaba facer Manuel María



Por: Isídoro Gracia

A un par de xeracións vista: Cantos pasos pode dar Europa cara a conflitos como os que marcaron o seu pasado sen chegar un punto sen retorno?

Analizar calquera proceso europeo en clave local e a curto prazo, como o que está pasando con Grecia, incluso os cambios de políticas económicas e sociais, sexa cal for a magnitude do cambio, ocultará a importancia e/ou gravidade do sucedido.

A Unión Europea é algo máis que unha mera suma de Estados, é unha creación que tivo e aínda ten (ou debería ter) como primeiro obxectivo salvar á propia civilización europea do colapso, ao que se viu abocada polas continuas guerras entre veciños. Isto vírono claro, non só os pais fundadores da C.E. senón dirixentes relativamente próximos, en termos históricos, como Kolh, Mitterrand, ou Felipe González, incluso alguén tan pouco prol Unión como Thatcher. Como é posible que os seus actuais herdeiros nas funcións de goberno perdan esta perspectiva?

Máis Unión Europea ou volta a un pasado trágico

Os estudosos da historia elaboraron ferramentas que permiten, ao amparo de múltiples experiencias anteriores, prever en que dirección vanse a mover os acontecementos futuros, si non se corrixe o rumbo coas decisións políticas oportunas, e cos medios, non sempre agradables, adecuados. A principios dos anos 60 do pasado século houbo un traballo que é de aplicación case directa: Estudo da Historia, de Toynbee. Nel ordénanse as fases de como civilizacións, que deron lugar a Nacións e ata Imperios de moi longa duración, naceron, creceron, colapsaron, desintegráronse e foron substituídas por outras, en ocasións filiais delas mesmas. Segundo as experiencias estudadas, á fase de colapso, consistente na incapacidade de dar solucións aos problemas dos seus cidadáns segue inevitablemente

a desintegración. O colapso produce un cisma no corpo social, corpo social que, segundo a obra de referencia, fracciona nunha minoría dominante, un proletariado interno e un proletariado externo.

As políticas aplicadas na UE para dar solución a unha crise xerada pola perfectamente identificable minoría dominante, permitiu o crecemento incontrolado do proletariado interno: parados, estafados, desposeídos da vivenda e servizos públicos, explotados laborais, dependentes privados de axuda, etc. E a falta dunha política exterior mínimamente coherente deixou chegar ata as mesmas portas de Europa a unha gran masa de proletariado externo, co engadido que esa masa ten un elemento de cohesión poderoso, a súa relixión, diferente ás maioritarias en Europa.

A xulgar polos últimos resultados, a sociedade europea, ou polo menos os seus actuais gobernantes, está disposta, de forma moi maioritaria, a continuar a desenfadada carreira cara á nosa ruína, aínda cando, polo menos ata a data, o non moi antigo militarismo foi substituído polo intervencionismo económico, empuxando a pobos e estados cara a un neoliberalismo convertido en relixión, ata un integrismo que antepón o benestar dos billetes de banco e as entidades que os acumulan ao dos cidadáns.

Respecto a como van repercutir os resultados nas eleccións futuras, o certo é que, á marxe de nome das novas forzas políticas, ao final todo se simplifica en tres ou catro termos: conservadores, progresistas, nacionalistas e outros extremistas. As alianzas

con certa estabilidade quedan así tamén reducidas a alternativas moi concretas e/ou dos cambios que esas alianzas *promuevan, e os cambios teñen que ser importantes, do abandono das políticas austericidas e de cambiar a atención e decisións, desde o confort do sector financeiro ao benestar dos cidadáns da pé, en especial aos desfavorecidos, dependerá si nazis, neonazis, xenófobos, neofascistas e tribalitas varios, continúan empuxando cara á repetición da historia de conflitos abertos durante séculos nesta casa que aínda é común, malia a cegueira dos actuais dirixentes.

Á vista dos últimos acontecementos, unha última cuestión sen resposta clara: Os meus netos seguirán vivindo nunha Europa en paz?



Por: Montse Rodríguez

Á miña nai

Así titulábase a charla que, o pasado 28 de maio, nos brindou o Dr. Karmelo Bizkarra, no Auditorio Municipal de Ponteareas. Organizado polo Centro de Animación Rural As Cortellas, contou coa colaboración do Concello e coa presenza de arredor de 400 persoas.

Cunton divertido e distendido, o orador foi quen de explicar a necesidade de vermos as doenzas como un complemento que expresa as nosas sombras, que responde ao non vivido, ao non feito ou ao non expresado. Citando a Osho, afirmou que enfermarse é froito de facer aquilo que os demais esperan de nós, é dicir, non expresar a nosa propia música. Polo tanto, cada un debe expresar o que sabe, as súas cualidades e os seus valores. Desta forma, a enfermidade non é o oposto a saúde. Os seus síntomas manifestan a eliminación de substancias tóxicas e de refugallo, así como o traballo de rexeneración do corpo. Para Karmelo Bizkarra, optimista no seu enfoque, e porque o corpo ten o poder de se curar a si mesmo, debemos escoitar o noso médico interior e facer caso dos seus avisos. A primeira chave da nosa saúde sería pensar e reflexionar sobre a nosa alimentación, xa que comemos a enerxía que fai que aquilo

que comemos (melón, plátano, etc.) sexa o que é; comemos enerxía, vida, cor... Así debemos encher os chornos de vida para deixar de encher os chornos de comida; ao comer

o poder de curación do corpo. Estedeixa de se alimentar para facelo coas súas propias reservas, dos alimentos depositados nas súas propias células. Non deixa de

Auga, do Aire e do Sol. Así outras chaves importantes son: o contacto telúrico da forza da Terra, das árbores, das flores; aproveitar a enerxía e a calor do Sol; respirar



harmonizamos a enerxía pura dos alimentos que deben ser vivos, crus e ecolóxicos.

Neste sentido, destaca a importancia do xexún como descanso fisiolóxico que nos permite acordar

comer, só inverte a utilización de alimentos e orienta a súa enerxía cara o proceso curativo.

Alén dos nutrientes que nos dan os alimentos, lembra que tamén nos alimentamos da Terra, da

co centro do corpo (abdome), mobilizar a nosa enerxía através do movemento corporal ou exercicio e unha expresión emocional sa.

KARMELO BIZKARRA (Durango, 1956)

É licenciado en Medicina e unha das persoas mais influentes nos últimos 30 anos en España, na liña da medicina hixienista, psicossomática, holística, antroposófica, espaxírica, psicoterapia e bioenerxética. Colaborador de revistas especializadas en saúde e autor de varios libros. Docente de programas de máster en Medicina Naturista e de Medicina e Enfermería Antroposófica. No seu 1º libro "A tusalud. La enfermedad: qué es y para qué sirve" (1987), xapresentaba un enfoque curioso e atractivo ao afirmar que "a enfermidade non é algo extraño que nos veña amolar (...), é unha desharmonía xurdida do desequilibrio de nós mesmos, con nós mesmos e a nosa contorna".

Ten tratado a moita xente con lesións e doenzas diversas que se curaran primordialmente polo xexún terapéutico practicado no seu Centro de Salud Vital "Zuhaizpe". O centro trátase dun lugar tranquilo onde se facilita a curación física, emocional e mental, en contacto coa Natureza. Seguindo unha alimentación vexetariana ou unha dieta depurativa (froitadas e crus) ou un xexún dirixido medicalmente (no caso deste ser aconsellable), pódese descansar e recuperarse do estrés da vida diaria, a todos os niveis. www.zuhaizpe.com

Opinión

Por: Xosé González Martínez

Presidente do Foro E. Peinador.



Novos xuíces honorarios do Couto Mixto

Cando visitamos por primeira vez o Couto Mixto, territorio histórico formado polas parroquias de Santiago, Rubiás e Meaus – as dúas primeiras pertencentes ao Concello de Calvos de Randín e a última a Baltar – apenas podíamos imaxinar que estabamos a percorrer camiños e aldeas dunha entidade local con personalidade de seu ata o punto de teren dereitos e privilexios especiais.

Os seus veciños estaban exentos de prestaren o servizo militar; tiñan dereito de asilo que prohibía ás xustizas portuguesa e española prender nos límites do Couto aos que alí se refuxiasen. Elixían cada catro anos unha autoridade que era ao tempo gobernativa e xudicial cun sistema electoral universal e democrático. Os habitantes deses pobos tiñan o privilexio

de escollerem a nacionalidade portuguesa ou galega no día do casamento. Os que querían ser portugueses bebían un vaso de viño na honra do rei de Portugal e mandaban gravar na casa da morada un P (Portugal); os que preferían a nacionalidade española brindaban polo monarca de España e gravaban un G (Galicia) na casa onde ían vivir.

João Gonçalves da Costa é autor dunha obra publicada en 1968 titulada “Montalegre e Terras de Barroso” na que inclúe unhas notas históricas sobre as características da organización política e xudicial do Couto Mixto. Pero foi Luís M. García Mañá quen máis e mellor afondou con rigor en

todas elas en “Couto Mixto. Unha república esquecida”, varias veces reeditada.

Esta obra foi o punto de partida para constituírmos a Asociación de Amigos do Couto Mixto, que durante os últimos quince anos traballou arreo para exhumar a memoria colectiva dun pobo e das súas institucións. Axiña foise creando un corpus documental histórico e literario que tivo nos medios audiovisuais o apoio necesario para proxectar ao mundo a historia de tan peculiar territorio. Pódese comprobar tal aserto buscando información nos buscadores de internet para atopar centos de referencias.

Esta poderosa forza creadora foi a que motivou que varias

instancias parlamentarias se preocupasen pola existencia deste territorio histórico instando aos gobernos español e galego para artellar políticas encamiñadas a poñer remedio ao subdesenvolvemento económico que tollen eses pobos.

Coa finalidade de procurarmos valedores para esas terras a Asociación de Amigos do Couto Mixto creou os nomeamentos de Xuíces Honorarios destinados a recoñecer a persoas e institucións que se teñan distinguido polas súas iniciativas a prol dos pobos arraianos.

O próximo día 4 de xullo, ás 12:00 horas, celebrarase o tradicional acto de investidura dos nosos novos Xuíces Honorarios en Santiago de Rubiás. Re-

cibirán bastóns de mando e réplicas das chaves do arcón do Couto Mixto a Alcaldesa de Tomiño, Presidente da Cámara Municipal de Vilanova da Cerveira, José Lamela Bautista e Concepción Sanz Ferreiro. O Gaiteiros da Raia serán nomeados Vigairos.

A empresa de transporte público Autos Perdíz súmase aos actos coa rotulación de dous autobuses cos nomes de Couto Mixto e Luís Soto, na memoria daquel mestre republicano que tivo que fuxir por Tourém camiño do exilio. Será un día de festa grande, que rematará coma sempre cun xantar popular.



■ Alcaldesa de Tomiño,



■ Concepción Saen Ferreiro



■ Presidente da Cámara de Cerveira



■ José Lamela Bautista

Cando Antía González Álvarez remate a carreira de Dereito –pouco lle falta– ingresará na Irmandade Xurídica Galega, como fixeron este ano trinta xuristas no acto celebrado no pazo de Fonseca o pasado día 27 de xuño. Unírase a esas fornadas que desde a xudicatura e a avogacía están emendándolle a plana ás vicisitudes históricas que marxinaron a lingua galega na administración de Xustiza e procedementos procesuais. Eladio Prieto Bellas, xuíz da Fonsagrada podería apadriñala en tal celebración solemne. Sería unha honra vindo de quen leva exercendo o seu maxisterio xudicial en lingua galega arreo.

En máis dunha ocasión témonos referido a este proceso de galeguización da xudicatura e do dereito, que tivo o seu punto de arranque en maio de 1985 cando

a Sala de Contencioso-Administrativo da Audiencia Territorial da Coruña dictou a primeira sentenza en galego. O maxistrado don Claudio Movilla Álvarez, a quen homenaxeamos en Redondela e Castro Caldelas fora o relator de tal resolución xudicial. Hai ben anos, aproveitando as miñas vacacións estivais na Fonsagrada entregárlle copia da sentenza ao xuíz da vila, Xoán Montes, que axiña quixo sumarse á nómina de xuíces e fiscais que xa estaban realizando a actividade xurisdiccional en lingua galega. Os maxistrados Daniel García Ramos, Xosé Xoán Barreiro, Orencio Pérez González, e os fiscais Xoán Horro, Carlos Varela García e Be-

nito Montero, foron os verdadeiros precursores da galeguización xudicial aos que axiña se foron incorporando compañeiros e compañeira da xudicatura e avogacía.

Moitas foron as actividades que realizamos desde entón para darlle pulo a este proceso normalizador. Gardo grata lembranza dunha iniciativa exitosa que consistiu na publicación dun libro que titulamos “Contos da Xustiza” en 1999, reeditado anos máis tarde. Unha proposta inédita e exitosa. Escritores de recoñecida solvencia literaria: Xalvier Alcalá, Manuel Rivas, Suso de Toro, Dario X. Cabana, Carlos Casares, Alfredo Conde, Paco Martín, David Otero e

Xesús Rábade escribiron cadanseu relato inspirado na casuística xudicial, e os maxistrados Xosé Xoán Barreiro Prado, Daniel García Ramos, Orencio Pérez González, es os fiscais Carlos Varela García e Benito Montero Prego, xunto con Victorino Guiéterrez Aller, notario daquela en Lalín, e Xoaquín Montea-gudo, presidente da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, aportaban tamén a súa visión literaria da experiencia profesional. Con estes vimbios, anos despois, construíuse a Irmandade Xurídica Galega.

Desde 1990 o Xulgado da Fonsagrada véuse consolidando como un xulgado modélico grazas a

un grupo de funcionarios e funcionarias que colaboraron cos xuíces que se foron sucedendo durante estes vinte e cinco últimos anos naquel órgano xurisdiccional. Como queda dito, o primeiro foi Xoán Montes, seguido por Alberto Benítez Antón, que malia ser vasco soubo inculturar a súa actividade xudicial no noso idioma, por Luís Villares Naveira e polo actual titular, Eladio Prieto Bellas.

O próximo sábado, día 18, celebrarase no Xulgado da Fonsagrada un acto público, conmemorativo dos 25 anos de actividade xudicial en lingua galega coa participación de todos os xuíces que fixeron posible esta feliz experiencia, asistidos por numerosísimos profesionais do dereito. Todo traballo ben feito dá seus froitos. Na Fonsagrada a lingua galega ten porvir.

O Xulgado da Fonsagrada, un exemplo a imitar



Por: Inma Otero Varela

Por: Carlos Méixome

Eduard Velasco. Ruído de trens (Espiral maior)

O poemario que recibiu o XXVII Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé do Círculo Mercantil e Industrial-Unidade de Fene ofrece moitas fronteiras para a análise. A primeira ten que ver coa perspectiva sistémica, como ben sinala no prólogo o investigador e crítico literario Isaac Lourido. Detense xustamente na importancia dun certame que se concede a poetas con obra que aínda non foi publicada en formato libro e que deu a coñecer nomes ben atractivos para a lírica galega. Mais tamén sinala que, precisamente pola súa repercusión, non se entenden algúns silencios nin algunhas torsións da linguaxe por parte da prensa e da crítica, sobre todos aqueles que teñen que ver coa omisión do cualificativo de “Nacional”, mentres que paradoxalmente se pon de relevo a condición de escritor alófono do gañador.

No plano do contido o libro adhiere á corrente lírica, de certa recorrencia nos últimos tempos, que franquea as portas da narrativa. O poeta asome a súa función de cronista (p. 37) para contar a intrahistoria, os acontecementos miúdos que agochan o substancial. Trátase dunha poética da experiencia na que a descrición de ambientes e espazos propala intimidades; na que a exposición de circunstancias puntuais desvela estados de ánimo. O vínculo entre sentimento e descrición da contorna non é circunstancial. Os espazos xa non son puntos fixos onde chantar as raíces para non disgregarse. As variacións do “eu” non tinguen con tonalidades diferentes unha mesma paisaxe porque, cando os horizontes forzosamente mudan, o individuo é o elemento máis estable. Aquí o eu lírico, absolutamente contemporáneo, non é máis que un viaxeiro en tránsito, tomando as palabras que Carlos Callón emprega na última parte de Atravesar o fantasma, obra que tamén abeira o xénero narrativo. Deste xeito a viaxe xa non é unha alegoría para a procura do suxeito senón unha condición inherente ao ser actual. Na travesía habita a rutina, incluso na consideración do amor como traxecto fugaz por un corpo, mentres que as ancoaxes espaciais se converten en utopía á

que aspirar. Nesta condición móbil da existencia cómpre reconsiderar a identidade, outro dos temas do poemario, ao tempo que se deconstrúe o mito da orixe rural, como sinala no primeiro texto: “Eu quería escribir sobre o lugar (...) do que me liga á aldea que non teño” (p. 19).

Os lugares onde reside o “eu” fanse transterritoriais e a súa voz políglota. As marxes espaciais enmarcan o poemario a través da cita de dous textos de Lupe Gómez que reivindicán a fronteira. E entre todos os espazos destaca o portugués. Aparecen algúns lugares galegos, Bonaval, a casa de Cereixa, pero impónense os topónimos lusos: Nazaré, o Alentejo, Évora, Monsaraz e, sobre todo, Lisboa. Deslocalízase o turismo para converterse en residencia, o que permite ollar o misterio dos movementos polo Tejo desde a ollada dun dos heterónimos de Pessoa. O carácter itinerante acompáñase de ausencias. As mans e corpos que sandan fican sempre lonxe; son os fantasmas que se convocan na distancia para non afundir. O existencia nítrese máis do refugallo que da materia, da pegada do lastre. Os outros son olores ocultos nos obxectos, nos lenzos onde repousamos. Ruídos dos trens que non se ven, luces dos faros de camiións intuídos ou o amor no leito de quen xa morreu. Os silencios son os fumes das palabras que fican lonxe e as emoticonas substitúen as vellas metáforas. Dixitalízanse os achegamentos cos máis amados mentres a complicidade física intensifícase a través da proximidade real cos descoñecidos nalgúns fendas do tempo. Noutra dobre, a lembranza da morte da avoa precede ao anuncio da nova vida, produto tamén da rutina do sexo, da viaxe pola superficie dun corpo no canto da planificación de transcendencias.

Lin hai uns días unha entrevista a Estevo Creus onde defendía o humor na poesía. Probablemente é o único xeito de achegarse a esta realidade mudable. A ironía, non tomarse en serio como poeta nin como humano, unida á ollada retranqueira que o autor deita sobre o que o rodea vólveo humilde e, se cadra, máis sabio. Non é mala compañía para tanto transporte.



Vinte e cinco. Esperanza

Para Antonio (Juan) Valverde

O meu tío-avó Nilo era ben aproveitadiño. Participaba da común cultura das “tres erres”, agora de moda. No seu tempo, sen innecesarias teorizacións verdes, as xentes reducían, reciclaban e reutilizaban o que pillasen por diante. Ora, como o meu tío-avó, poucos. Cando se furaba un penico ou unha pota poñíalle uns remaches, ata que o penico, ou a pota, era máis remache que outra cousa.

Nunha esquina do nabal, protexida por un peche de canas, que refacía cada ano, coidaba unha extensa colección de plantas aromáticas ou medicinais, arrexuntadas unhas enriba doutras para aproveitar ben o espazo. Arredadas contra o valo ou o peche, polas beiras do fiuncho e do anís, da sarxa e do romeu, do ourego e do tomentelo, da menta e da herba luísa, gustaba de ter “as súas flores bonitas”: rosas, gardenias, hortensias... pero as floriñas cativeiras (caléndulas, pensamentos, petunias, alegrías, begonias, xeranos...), que apañaba nos labregos xardíns da veciñanza, gustaba de metelas en penicos remachados, potas vellas ou algunha que outra almofia, nunha exhibición de discutible estética, pero que lle resultaba moi cómodo para arrincarlle as herbas malas ou moxas de sitio cando lle viñese ben.

Na carpintería facía o mesmo. Aproveitaba a ferramenta ata que non daba máis de si, aínda que a tivese nova, pois o avó, de cando en vez, agasalábao cun serrón ou un berbequí. Cada unha no seu sitio, nos caixóns da mesa de traballo, tiña garlopas, aixolas, trenchas e formóns que afixa con tino. Nunha ocasión unha gubia era tan vella que ao andar a labrar nunha madeira que debía ser algo dura, partiulle e, co impulso, espetou, o que quedou no mango, nunha man. A ferida foi de consideración. Os avós coidaronlla e nin abriu a boca. Horas despois o avó botoulle unha reprimenda do nabo por andar sempre coa ferramenta vella e ameazouno con baleirarlle os caixóns de toda aquela trapallada.

Acordoume o meu tío-avó e as súas vellas ferramentas porque acabo de levar unha boa alegría. Onte recibín un chamado á cidadanía denominado “Manifesto pola unidade” encabezado pola frase “O día da nación galega, o día de todos/as” no que se fala da defensa das persoas, dos dereitos colectivos, de vontade común e tamén de ilusión, entusiasmo, e de “nos reunir nunha celebración que diga claramente que as divisións nos debilitan e nos encamiñan á insignificancia, mentres a unión multiplica as nosas forzas para procurarmos as ferramentas necesarias que nos permitan decidir...”. O escrito está asinado por persoas, non por organizacións políticas ou colectivos que apelan a outras persoas e tamén aos partidos, ou o que sexa, para expresar xuntos a nosa vontade de nación. Cando curou a ferida o meu tío-avó Nilo, repasou unha por unha as vellas ferramentas e reciclou o que puido que non foi moito. Decatouse de que as que lle regalara o avó traballaban mellor e tiñan anos de utilidade por diante.

Como case, case nos últimos corenta anos, agardo poder pisar de novo as rúas compostelás o vinte e cinco. Este ano será ben diferente a moitos dos últimos. Irei con ilusión e coa esperanza de que as novas ferramentas traballen ben a madeira. guesa, fálanos Pereira. Mais tamén da emigración política, dos exiliados monárquicos, os “paivantes”, e dos exiliados republicanos acollidos na Galiza durante os breves anos da II República, entre eles o Presidente Bernardino Machado, asentado na Guarda ata que a presión do “Estado Novo” afastouno ata A Coruña, ou do que fora xefe do goberno, Afonso Costa, que residiu en Baiona durante unha temporada e acudiu á cea coa que os galeguistas baioneses agasallaron a Castelao e Bóveda despois dun mitin en outubro de 1932.

Pereira leva tempo dedicándolle atención ao estudo da represión sufrida polas persoas de cidadanía portuguesa durante o período de terror que desencadeou o golpe militar de xullo de 1936. Este traballo é unha sistematización desta preocupación de Pereira que realiza coa mesma paixón e rigor aos que nos ten acostumados nos seus múltiples traballos sobre o anarquismo, o sindicalismo, a represión franquista ou o patrimonio marítimo.

Dionisio Pereira foi un dos impulsores do memorial instalado en Monção en 12/05/2012. Naquel relatorio figuran 56 nomes de vítimas de fusilados tras parodias de consellos de guerra ou “paseados” como resultado de decisións de asasinados convertidos en xuíces divinos. As investigacións de Pereira elevan xa o número “mínimo” a 63. As dificultades para achegar máis precisión son moitas tanto pola castelanización dos apelidos como pola posibilidade de que moitas das persoas catalogadas como “descoñecidos”, e non identificados posteriormente, fosen de nacionalidade portuguesa.

Como actuou o goberno portugués en defensa dos seus cidadáns? “... cumpre dizê-lo com rotundidade: das dúzias de episodios em que quarenta cidadãos de nacionalidade portuguesa foram executados de maneira extrajudicial na Galiza entre finais de julho de 1936 e 1940, a que deveríamos acrescentar os casos doutros oito connacionais presos e falecidos por maus tratos nas cadeias franquistas, tão-só um, (...) figura na documentação consular depositada em Lisboa no Arquivo Histórico-Diplomático dependente do Ministério dos Negócios Estrangeiros luso. Do resto silêncio...” (p.156), afirma Pereira. É a concreción do que o profesor Fernández Prieto denomina no limiar: “interessada convivência do regime de Oliveira Salazar com o golpe promovido por militares “africanistas””. “Anti-sepulcro”, un fermoso texto lido en Monção hai agora tres anos pola antropóloga Paula Godinho, pon epílogo a esta nova achega dun dos principais investigadores na historia contemporánea de Galicia que antecede a un anexo cunhas micro-biografías das vítimas portuguesas da persecución franquista e salazarista, nunha e outra beira, á que se achega Pereira no capítulo dedicado á persecución e á solidariedade na “raia seca”. Solidariedade contra o apagamento da memoria das ditaduras que nos achega unha vez máis Dionisio Pereira.



Entrevista

"O Plan de Urbanismo é a nosa prioridade"

José Represas, alcalde

En Ponteareas produciuse un cambio no goberno local ao que non faltou quen o denominara como histórico. Claro que a euforia nestes casos sempre se vai amainando na medida en que os novos gobernantes vaian tomando control da situación; entón será cando poidamos falar de cambio histórico ou de simple cambio de cromos. O tempo o dirá. Polo de agora debemos darlle un voto de confianza esperando que, efectivamente, o cambio sexa histórico.

Froito dun multiacordo a catro bandas (BNG – PSOE- EU e Riada do Tea), José Represas Giráldez foi investido alcalde; pasaron á Oposición o PP (que levaba gobernando Ponteareas dende sempre, dende antes da noite dos tempos (agás un interregno de oito meses que foron flor dun día) e ACIP.

Novas do Eixo Atlántico quixo saber de primeira mán algunhas pautas do novo goberno, aínda que polo escaso tempo transcurrido non podemos dicir que sexa unha entrevista "a fondo"; para iso xa chegará o momento.

Por: Guillermo Rguez. Fdez.

Sr. Alcalde, todos sabemos que, agás o Plan de Urbanismo, un dos temas que máis deu que falar entre o goberno do PP e vdes., daquela na Oposición, foi o chamado Plan de de Estabilidade Prosupostaria. Vostedes, os que hoxe gobernan, non lle aceptaron as propostas daquel goberno para acollerse ao Plan de estabilidade do Ministro Montoro e o concello está pagando o pato. Canto lle custa, nestes momentos, ao concello de Ponteareas no poder acollerse ao plan de Montoro?

■ Ben, o que pasou no 2012 coa decisión de reducir as débedas das Administracións públicas, foi que o PP en minoiría presentou un Plan de Axustes sen pactar con ninguén que foi rexeitada o 30 de marzo de 2012. Finalmente aprobou un Plan de Axuste coa axuda dos Independentes (ACIP) que nós rexeitamos en Pleno porque non era real; confirmando a nosa opinión logo o Ministro Montoro rexeitou o Plan de Axuste do PP, polo que agora temos a exfisia económica do concello; esa é a realidade.

Pero ese Plan estivo en discusión entre o goberno e a Oposición durante un tempo. A Oposición esixíalle ao goberno desprenderse dunha serie de gastos (mantemento do Castelo do Sobroso, Estación de Autobuses, Emisora local de radio e televisión, etc.); nestes momentos, vdes. teñen maioría, pensar retomar ese Plan de estabilidade para que o concello non deixe de ingresar, creo que arredor dos dous millóns de euros anuais?

■ Froito dese rechazo do Plan presentado polo partido do goberno que non contemplaba, por exemplo, o peche da RTP local, provocou que o Estado embargara cada mes o 50% dos ingresos do Concello de Ponteareas que veñen sendo máis de dous millóns de euros anuais. Logo, como xa non había máis solución, o goberno levou a Pleno o de pechar a RTVlocal que nós votamos a favor; se se houbera feito antes esa dé-



beda histórica poderíase pagar en máis anos e cun menor custe para o Concello; evitando así a exfisia económica destes últimos dous anos e medio e que aínda nos quedan outro tanto para rematar de pagar as débedas que vimos herdando dos distintos gobernos do Partido Popular.

E agora, con maioría, non pode este novo goberno resolver esda crítica situación?

■ nestes momentyos non está aberta esa posibilidade. Se nalgún momento existira esa posibilidade seguro que a estudaríamos; agora mesmo temos que xestionar o Concello con esa situación; iso é o que estamos facendo sen poñer en cuestión nin guén servizo básico que están garantizados; o que faremos será reducir os gastos superfluos e tamén reducir gastos nalgúns partidas como por exemplo consumo de electricidade, que faremos nos primeiros meses.

Falando de gastos. O Partido Popular afirma que o actual goberno resulta máis caro que o anterior, que hai máis concelleiros con soldo, etc.. Que ten que dicir a isto o Sr. Alcalde?

■ É mentira. No Pleno xa quedou claro cos informes da Intervención Municipal cal foi o custe do

goberno anterior e cal vai ser o do goberno actual. Nestes próximos catro anos imos aforrar en torno aos 200 mil euros. Coas decisión que tomaremos nos vindeiros meses vaise comprobar como unha parter dersde aforro vai ser destinado á creación de postos de traballo. Que o PP trate de condundir co seu discurso é o seu labor. O que importa neste caso, porque estamos falando de números, é canto custou o anterior goberno e canto vai costar este; iso é o que interesa.

Pero como se casa iso co aumento do que van cobrar os concelleiros por asistencia a Plenos, a Comisións, etc., e con dous concelleiros máis que tamén van cobrar?

■ Non hai un aumento de dedicacións a maiores; en todo caso o que hai que ver é o custe total da Corporación. Hai unha decisión miña como Alcalde de non cobrar o salario de Alcalde; iso é o que permite ese aforro.

Ao parecer o goberno anterior cobrou un imposto por terrenos, vivendas e damáis, por enriba do que realmente deberá ser. O Tribunal Supremo, creo, botou abaixo ese acordó municipal e obriga á devolución dos cartos

cobrados en demasía. En Ponteareas son cantidades importantes. Como pensa o acual goberno devolver eses cartos aos cidadáns?

■ Ben, esa decisión do Tribunal Supremo non afecta ao concello de Ponteareas. Xa tivemos unha primeira reunión cos responsables do ORAL que é quen xestiona a recadación dos impostos do Concello de Ponteareas para aclarar esta situación. Está comprobado que aquí nnon hai que devolver nada; máis aló de que nós teñamos criticado as subidas de impostos do goberno anterior. Froito desa entrevista co ORAL esta decidido tomar decisión para reducir ese abuso.

Cales son esas decisión?

■ En primeiro lugar pasa por aprobar o Plan Xeral de Ordenación Municipal; retirar do Catastro miles de fincas que están clasificadas cun valor que non teñen, como se foran urbanas; retirándolle aos veciños esa carga da contribución. Iso foi o que o PP non quixo facer n o seu día e que nós faremos nesta lexislatura unha vez aprobado o Plan Xeral de Ordfenación Urbana (PXOU).

Vamos a ver. Logo aquí aínda que se cobrou en exceso non hai nada que devolver?

■ O que fixo o goberno anterior foui aplicar a normativa urbanística do ano 1994 na que se preveí poder construír miles de parcelas que na lei actual xa non se poden construír; logo trasladaron ao Catastro os Planos con esa cualificación que si existía; o que tiñan que haber feito era modificala antes de trasladala ao Catastro. O que buscaban era recaudar o máis posible para pagar os seus pufos, as súas débedas. Logo, a nivel legal, segundo información do CA-ASTRO, procede pasar eses recibos como se estivo facendo ata agora. A única forma de eliminar eses recibos é aprobar o Plan Xeral no que esas parelas xa non teñen esa cualificación. A día de hoxe non se pode cambiar. Aquí buscaron o amparo legal para cobrar máis. Non é posible facer unha devolución porque a cualificación

urbanística do ano 1995 era así.

Non parece un tanto precipitado que unha das medidas estrela deste novo goberno sexa denunciar a situación contraactual dun montón de traballadores do Concello que, moitos deles lenvan máis dunha ducia de anos traballando nesa situación?

■ O novo goberno non fixo nin unha denuncia. O que fixo o goberno actual foi comprobar a situación existente, neste caso coa consolidación do persoal laboral, consolidación aprobada no ano 2008, que tiña que resolverse nun prazo de tres anos; estamos no 2015, logo a situación estaba paralizada dende o ano 2012, con diferentes actuacións de investigación por oparte da Fiscalía e que non podía estar eternamente en stambay.

En base aos informes de Secretaría do Concello no seu día, igualmente do Asesor xurídico e diversas denuncias durante estes anos con advertencias sobre a irregularidade deste proceso e que procede nun goberno responsable é desistir dun proceso de consolidación irregular para lizado en máis de tres anos. Iso é o que se debía facer neste momento. Xa se verá no futuro a situación destes traballadores que seguirán no Concello nas función que teñen e logo abrir un proceso respetando a legalidade que non respectaba o proceso que agora tumbamos, ou desistimos.

No seu día houbo unha sentenza na que se falaba da maneira irregular dos contratos destes traballadores, pero que non eran culpable de ter entrado no concello desa maneira. Non estará xa caducado todo isto?

■ Esa sentenza está sen resolver en canto aos contratos laborais. Hai unha sentenza firme do Tribunal Supremo que inhabilitou ao exAlcalde e a todo o Goberno do Partido Popular, daquel entón, por este tipo de delitos. Com o consecuencia desa Resolución xudicial estaba demostrado que había unha serie de contratos que eran nulos de pleno dereito porque sustanciaron a condena deses car-

gos políticos. Eses cargos políticos xa cumpriron a súa condena; o que non se fixo, que é o que procede nestes casos, é revisar eses contratos. O que non procedía, e así o advertía a Asesoría Xurídica do Concello, era que eses contratos declarados nulos por unha sentenza do Tribunal Supremo es puideran considerar como mérito para adquirir o posto de traballo de forma definitiva. O que non houbo foi unha revisión deses contratos.

Por certo, o partido Compromiso X Galicia denunciou varias veces esta situación e acusa ao BNG e ao PSOE de non facer a mesma denuncia que agora presentades dende o goberno.

■ Eu non vulgo o que fixeron outros partidos. Nós fixemos o que consideramos cando eramos Oposición; denunciámos ao Goberno do PP e conseguimos a inhabilitación do anterior alcalde, José Castro, e agora ende o goberno o que facemos é paralizar un proceso que non respectaba a legalidade. Non entro a opinar o que fan outras forzas políticas.

O Partido Popular, agora na Oposición, di sentirse satisfeito porque grazas as súas xestións nestes momentos moitos veciños/as de Ponteareas podes beneficiarse de cursillos pagados por outras administración.

Houbo unha trmitación lóxica do goberno anterior porque así lle correspondía e que agora lle corresponde xestionar ao novo goberno. Son dúas cousas: o obradoiro de emprego que durante estes últimos cinco anos o goberno anterior non solicitou; cousa que si fixo agora logo das iniciativas do BNG presentadas en Pleno; logo non é grazas ao PP

que neste momento contemos cun obradoiro de emprego. Por outro lado, o anterior goberno solicitou cursos de formación; a diferenza é como se fai a posterior xestión desas solicitudes. Por primeira vez publicitamos con anterioridade a existencia deses cursos para que os veciños/as de Ponteareas saiban que se van facer e poidan inscribirse na Oficina de Emprego para ter as mesmas posibilidades para poder participar neles. O goberno anterior non o facía así impedindo que todos os veciños/as tiveran as mesmas posibilidades. Isto marca a diferenza entre o anterior e o actual goberno nacionalista e de esquerdas.

Temas educativos. Gardaría vella / gardaría nova. Falemos delas.

A actual gardaría ou escola infantil é do concello ue asume todos os seus custes con escasas axudas; polo tanto é municipal. A nova Escola Infantil pola que levamos agardando moitos anos, o que provoca que cada ano queden sen praza máis dun canto de nenos/as, pola total incompetencia do goberno anterior de non ser capaz de tela xestionada, cando contamos con parcela, co 50% de financiación con fondos do Estado, comprometidos dende o ano 2010, será unha realidade unha vez fagamos os a recalificación da parcela onde se vai construír. Esa si será unha Escola Infantil xestionada pola Xunta de Galicia.

Falando de recalificacións urbanística; que impulso lle vai dar o novo goberno ao Plan de Urbanismo para que sexa unha realidade ;

■ Contar cun Plan de Urbanismo é unha das prioridades do novo goberno. Nestes momentos xa estamos traballando para axilizar o

máis posible a súa posible aprobación; analizando todas as alegacións que se loe teñen feito e tamén cambiando a orientación política do Plan do PP para que sexan todos os veciños/as os beneficiados. Haberá os cambios precisos para que non haxa novas desfeitas urbanísticas. Estamos traballando co Equipo redactor para que sexa pronto unha realidade.

E a ese Equipo Redactor non hai que renovar o contrato logo de tantos anos traballando nel?

■ O custe do Plan xa está comprometido en máis de 600 mil euros. Non se prevé un aumento dos custes senón rematar os traballos.

Comio o Plan aínda vai tardar eu pregunto por que non se xestiona a utilización de fincas na zona centro da vila, como pode ser a finca de Sarmiento (por certo agora limpa de toxos e saívas)

para que sirva de aparcadoiro, sobre todo os sábados, feiras e días de festa que tan escasos anda a vila?

■ Efectivamente, o goberno, por medio das distintas concellerías responsables deses temas, está estudando distintas parcelas arredor do casco urbano para facilitar o aparcamento de vehículos, nesa parcela e noutras moitas existentes. Haberá que establecer algún tipo de convenio cos propietarios, Niso estamos.

Banco de libros. Este goberno vai dispoñer dun banco de libros?

■ Non, este goberno o que vai facer é dar axudas as familias que teñen dificultades para a adquisición de libros para os seus fillos. Sobre todas as etapas que outras administración non contemplan, como por exemplo, de 3 a 5 anos.

Hai un coche de bombeiros e spe-

rando "no parking" de Abel Caballero, alcalde de Vigo. Ven ou non ven para Ponteareas ese coche de bombeiros'

Non podo confirmar data para falar diso con Abel Caballero pero si o temos contemplado.

Teño anotado aquí, algunhas cousas que non foron xestionadas polos gobernos anteriores; por exemplo, por que non temos en Ponteareas, para toda a comarca, unha Aula da Universidade a Distancia (UNED)? Temos Delegación da Escolla de Idiomas pero non debería estar todo iso nun edificio ad hoc que prestara servizo a todo o Condado/Paradanta?

■ Xa se trataron algunhas destas cousas como a ampliación da oferta de idiomas na actual Delegación da Escolla de idiomas de Vigo. O da UNED é tamén algo no que traballamos non só para Ponteareas senón para toda a Comarca de máis de 60.000 habitantes nestes momentos.

Area Metropolitana de Vigo. De todo o Condado/Paradanta só o concello de Salvaterra está incluído. Xa se fixo algunha xestión neste senso?

■ Xa existe un acordo da Corporación sobre o interese do transporte metropolitano. Agora estamos en activar as conversas coa Xunta neste sentido; tamén estamos estudando o tema do transporte ao novo hospital de Vigo. Todo o que sexa facilitar a mobilidade dos veciños/as de Ponteareas cara a Vigo e comarcas é unha prioridade deste novo goberno. Tamén está contemplado no acordo de goberno a ampliación dos servizos de Centro de saúde, así com o a construción dunha centro da terceira



Comezan as obras de substitución da cuberta do pavillón municipal

Os traballos de substitución da cuberta do pavillón municipal de Ponteareas xa están en marcha. O edil ponteareán de Deportes, Benito Márquez, quixo achegarse para comprobar personalmente o comezo dunhas obras que contan cun orzamento que está cerca de chegar aos 109.000 euros e que teñen un prazo de execución de 45 días.

As actuacións, contempladas dentro do Plan Provincial de Obras e Servizos da Deputación de Pontevedra, empezarán coa demolición do falso teito existente e coa retirada da cuberta de pranchas de fibrocemento de amianto, as cales están en moi mal estado, chegando a provocar goteiras que impedían a correcta práctica de moitas modalidades deportivas, resultando peri-

goso para os propios deportistas. Nesta primeira fase tamén se abordará a retirada parcial caleiros e baixantes das fachadas laterais.

Posteriormente procederase á colocación de pranchas de panel de sandwich con acabado lacado polas súas caras externas e cunha capa interior de illamento térmico. Ademais, instalaranse novos caleiros e baixantes de aluminio que estarán conectados ás diferentes redes existentes.

Benito Márquez sinalou que as indicacións que ten a empresa contratada para levar a cabo estes traballos son as de tentar rematalos o antes posible, de xeito que non se entorpeza a actividade dos clubs deportivos que utilizan habitualmente as instalacións do pavillón municipal.



Ponteareas

O novo goberno municipal pulsa as necesidades das asociacións de discapacitados

Primera toma de contacto entre o novo goberno municipal e varios representantes de colectivos de persoas discapacitadas. Xosé Represas, alcalde da vila, e Verónica Carrera, concelleira de Igualdade e Benestar Social, escoitaron as principais demandas de Anxo Queiruga, presidente da confederación galega de persoas con discapacidade (COGAMI), de Ángel Holguera, presidente de COGAMI Pontevedra, e de Montserrat Cuevas, presidenta da Asociación de Discapacitados do Condado e A Paradanta (ADAPTA).

O encontro serviu, entre outras cousas, para tratar a situación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Ponteareas e ADAPTA e COGAMI, que permite que na actualidade ambas dúas organizacións desenvolvan programas de



actividades e servizos no centro Aspro-dico.

As asociacións tamén aproveitaron para lembrar algunhas peticións que xa lle foran solicitadas ao anterior equipo de goberno.

O centro Aspro-dico ocupou unha boa parte da conversa entre as partes e ambas dúas coincidiron en tentar facer desta instalación unha referencia en toda a comarca no relativo ás políticas relacionadas coas persoas con discapacidade.

En última instancia, o goberno municipal quixo trasladar a intención de contar co asesoramento destas asociacións nos momentos previos á redacción dos proxectos de vindeiras obras no municipio, de xeito que nestas actuacións estean recollidas as necesidades das persoas con problemas de mobilidade.

Afeccionados aos deportes urbanos inaugurarán de maneira oficiosa a pista de "skate" do Parque das Pombas

Anova pista de "skate" situada no parque das Pombas de Ponteareas acollerá o martes 2 de xuño, a partir das 20:00 horas, a participación de varios afeccionados aos deportes urbanos. Entre 20 e 30 persoas participarán con ...

Adrián Otero, profesor de escultura na escola, afeccionado ao "skate" e ideólogo desta obra, salienta que "este tipo de proxectos serven para modernizar o oficio de canteiro e, asemade, permiten difundir un dos materiais máis característicos da nosa provincia como é o granito."

A pista de "skate" está composta por nove elementos de granito galego aptos

para a práctica de deportes de rodas, cunha dificultade inicial e media. Consta dun "wallrider" curvo, un caixón, unha pirámide en ángulo recto, un "wallrider" cun arco, un caixón curvo, un "wallie", unha pirámide normal, un caixón en baixada e unha pirámide "corner". Adrián Otero destaca tamén que "o granito é un material máis duradeiro que os empregados habitualmente na construción deste tipo de pistas".

1. Dende o Concello de Ponteareas queren animar a todos aqueles afeccionados a estas modalidades deportivas a achegarse ata unha instalación que xa se atopa aberta ao público.



Éxito de asistencia nas finais da sexta edición do Open Vila do Corpus



Carlos Becke acadou o triunfo na categoría absoluta masculina despois de derrotar a Roberto Rodríguez nunha final de época.

Marta Rozadas foi a gañadora na categoría absoluta feminina tras conseguir a vitoria ante Laura Álvarez.

Máis público que nunca para presenciar as finais dunha das edicións máis emocionantes do Open Vila do Corpus de cantas se levan celebrado, que coa deste ano xa se contan por seis.

Carlos Becke, tenista hispano-alemán e número cinco do ránking galego, gañou por primeira vez en partido oficial a Roberto Rodríguez, primeiro cabeza de serie do torneo e actual número un da clasificación individual en Galicia. O encontro, que rematou cun marcador de 7-5, 4-6 e 10-8 favorable a Becke, fixo as ledicias

dos presentes nun dos partidos máis espectaculares que se lembran no campionato.

Na categoría absoluta feminina, Marta Rozadas foi quen de se impoñer a Laura Álvarez nun xogo cheo de alternancias e no que o marcador final foi 6-0, 0-6 e 10-8. En categoría cadete Miguel Cartón derrotou a Diego Domínguez (6-2, 4-6, 10-6) e na condición de veteranos Jorge Comesaña venceu a Manuel Vázquez por 6-1 e 6-2.

A entrega de trofeos contou coa presenza do concelleiro de Deportes, Benito Márquez, e do alcalde ponteareán, Xosé Represas. Tanto o presidente do Club Tenis Ponteareas, como o seu secretario, Juan Carlos Fernández, fixeron unha valoración moi positiva destas dúas semanas de competición.

O novo goberno local de Ponteareas subvenciona o emprego de dous concelleiros máis

O Alcalde de Ponteareas cobrará polas asistencias a Plenos, Xuntas de Goberno local e Comisións informativas máis de 8.000 euros o ano

O aforro pola renuncia do soldo que anunciou o Sr Represas como alcalde non é tal, xa que este incrementou dúas dedicacións parciais no Goberno que supoñen 31.500 euros brutos o ano.

Recibimos comunicado do PP local no que afirman que o Sr Represas, anunciou a “bombo e platillo” que non ía cobrar soldo como Alcalde, manifestado no seu programa electoral, e ese aforro de 39.200 eu o ano ía ser destinalo á creación de emprego no municipio de Ponteareas.

Despois do Pleno extraordinario de organización, no que o portavoz do PP lle pediu ao Sr Represas que aclarase se ía ou non cobrar por asistencias a Plenos, Xuntas de Goberno local e Comisións informativas, quedou claro que sí o fará, e polo tanto percibirá o ano máis de 8.000 euros.

O Goberno pasou de ter 4 dedicacións dos concelleiros a ter 6, o que supón un incremento de 31.500 euros o ano, ao que hai que engadir, manifestan os populares, o custe das asistencias que vai percibir o Alcalde: máis de 8.000 euros ao ano, que sumados a os 31.500€ das dedicacións dos novos concelleiros do goberno, fan unha cuantía de 39.500€ ano; a retribución do anterior alcalde costaba 39.200€; 300 euros menos...

Logo, seguen dicindo os populares, este novo Goberno o que fixo foi cambiar de mans os cartos das retribucións, dando un soldo a dous novos concelleiros do Goberno, tendo en conta que o Sr Represas, cunha situación económica desafogada pola súa prexubilación na banca, vai cobrar, a maiores, os importes das Asistencias a Plenos, Xuntas de Goberno e Comisións informativas.

A única subvención é para cobrar dous novos concelleiros de goberno; xa que agora son 6 os concelleiros que cobran, quedando patente a gran mentira do Sr. Represas sobre o asunto do aforro do seu soldo no concello.

O goberno actual vai ter maior coste que o anterior porque, ademais, din os populares, as asistencias subiron un 17%.

En novembro do 2012 o BNG, o PSOE e ACIP aprobaban 4 dedicacións para o Goberno porque, dicían, eran suficientes para gobernar Ponteareas.; agora cambian de criterio e aumentan dous concelleiros máis sen outra explicación que non sexa a de cobrar por cobrar.



Anulada a consolidación dos postos de traballo cubertos á marxe da lei

Con esta medida o Goberno Local cumpre coas súas promesas de transparencia, legalidade e rexeneración democrática

As persoas afectadas terán dereito á reclamación das taxas por exame

O Concello de Ponteareas vén de aprobar en Xunta de Goberno a anulación das bases xerais do procedemento de consolidación de emprego de prazas incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) do ano 2008. Esta anulación afectará ás prazas que aínda non están consolidadas, que son un total de 43.

Con ese procedemento, o anterior goberno local pretendía consolidar emprego público sen respectar os principios de igual-

dade, mérito e capacidade e, ao mesmo tempo, validar a contratación de persoal realizada directamente e ao marxe da lei.

A irregularidade deste procedemento agora anulado quedara xa en evidencia en senllos informes do asesor xurídico, no mes de maio de 2009, e da secretaria municipal, no mes de febreiro de 2010.

Outro factor determinante que este goberno local non podía deixar pasar está relacionado coas sentenzas da Audiencia

Provincial no ano 2001 e do Tribunal Supremo no ano 2003 nas que se condenou ao Alcalde e membros da Xunta de Goberno Local, entre 1991 e 1997, pola contratación irregular de persoal. Nasas sentenzas indicouse a necesidade de abrir un “expediente de revisión de oficio para comprobar actos que transformaron en indefinidos os contratos laborais de diversos traballadores e revisión de actos de contratación de persoal ao marxe dun mínimo legal”.

A anulación das mencionadas bases paralizará os procesos selectivos de consolidación de 43 prazas, impedindo dotar de legalidade a varios contratos que nas mencionadas sentenzas xa figuraban como carentes do cumprimento da normativa mínima esixida para a súa creación. Todas as persoas afectadas terán dereito a formalizar a solicitude da devolución das taxas do exame que xa tiveran aboado.

O goberno municipal deseñará e

establecerá unhas novas bases xerais para cubrir as prazas, con transparencia e respectando escurpulosamente os principios de igualdade, mérito e capacidade dos aspirantes a esas prazas.

O Alcalde, Xosé Represas indicou que “con esta medida o Goberno Local cumpre coas súas promesas de transparencia, legalidade e rexeneración democrática e asegura que calquera ponteareán poida aspirar en condicións de igualdade a un posto de traballo no Concello”.

Ponteareas

15 nenos e nenas saharauis reciben a benvida do Concello de Ponteareas

O acto contou coa asistencia dos alcaldes de Ponteareas, Xosé Represas, do alcalde de As Neves, Xosé Manuel Rodríguez, e do alcalde de Arbo, Horacio Gil

Os rapaces, que pasarán os meses estivais en diferentes casas da vila ponteareá e doutros municipios da comarca, foron recibidos no salón de plenos do Concello de Ponteareas

Os rapaces e as rapazas saharauís, de entre 9 e 13 anos, que se atopan en diversos domicilios particulares de municipios do Condado e da Paradanta dende a semana pasada, recibiron hoxe unha cálida benvida no Salón de Plenos do Concello de Ponteareas de parte do alcalde ponteareán, Xosé Represas, do alcalde de As Neves, Xosé Manuel Rodríguez, e do alcalde de Arbo, Horacio Gil e da presidenta da Asociación “Solidariedade Galega co Pobo Saharaí” (SOGAPS), Maite Isla.

O evento serviu para que todos os rexedores municipais e a presidenta da Asociación recordaran a importancia de iniciativas como “Vacacións en Paz”, que segundo o edil ponteareán permiten “un intercambio cultural entre Galicia e o Sahara e, asemade, representa un golpe na porta daquelas persoas con poder

para arranxar unha situación de ocupación que xa dura décadas”. Maite Isla, presidenta da asociación, quixo agradecer sobre todo “o compromiso e a solidariedade das familias acolledoras, que posibilitan que todos estes cativos pasen dous meses lonxe da insoportable calor

que fai no Sáhara nesta época do ano e lonxe tamén de vivir situacións que moitas veces vulneran os dereitos humanos”. Isla agradeceu ademais a vontade de colaboración de todos os alcaldes presentes no acto, en especial a de Represas “por ter sido sempre un punto de apoio

na nosa causa, xa dende moito antes de asumir a alcaldía de Ponteareas”.

De solidariedade tamén quixo falar Xosé Manuel Rodríguez, alcalde de As Neves, incidindo “na necesidade de recuperar este concepto na práctica política”. Unha solidariedade

que, segundo o rexedor, “ben se reflicte neste tipo de proxectos, no traballo da asociación e na xenerosidade das familias acolledoras”.

Horacio Gil, alcalde de Arbo, salientou “a oportunidade que teñen todos os cativos de esquecer durante algúns meses o triste contexto que vive o pobo saharauí e que se palpa con especial intensidade nos campamentos de refuxiados”.

O programa “Vacacións en paz” é unha iniciativa desenvolvida por SOGAPS que permite acoller a 28 nenos e nenas saharauís, entre 9 e 13 anos, en diferentes casas particulares das comarcas do Condado e da Paradanta durante os meses de xullo e agosto. A vila de Ponteareas será o fogar de oito destes rapaces. No conxunto de Galicia serán máis de 300 os cativos que residirán durante os meses estivais na nosa terra.



Premioo provinciais á Cultura

A Deputación de Pontevedra ven de fallar a concesión dos Premios Provinciais á Cultura 2015, cos que se quere recoñecer a aquelas persoas e entidades que cada ano contribúen a enriquecer e fortalecer o patrimonio cultural e artístico da provincia.

Dotados con 24.000 euros, 6.000€ para cada unha das catro categorías establecidas, o xurado decidiu premiar este ano a Manuel Aramburu e ao Ateneo Santa Cecilia pola súa traxectoria profesional, ao Halcón milenario como proxecto cultural máis innovador, Rogelio Groba e A Asociación Cultural Danza de Arcos na categoría de “César Dios Diosiño” e aos concellos de Valga e Vila de Cruces pola súa protección e recuperación do patrimonio público

Premio á traxectoria cultural

Entre os galardoados nesta edición figura o pintor Manuel Aramburu e o Ateneo Santa Cecilia a quen a institución provincial lles concede o premio, ex aequo, á traxectoria cultural.

Manuel Aramburu, nacido en León en 1936 iniciou a súa aprendizaxe na cidade de Pontevedra e está considerado un dos grandes Mestres da pintura actual de Galicia

dentro da chamada “xeneración de vangardas e silencios”. “É un exemplo para Pontevedra, un gran artista que ademais da súa obra foi mestre de moitas xeracións en Pontevedra, e todos nos xurados eramos conscientes de que este premio era máis que merecido, polo seu traballo, pola súa aportación”, asegurou Ana I. Vázquez. Neste apartado tamén se premiou

a actividade que dende 1952 realiza a prol da cultural o Ateneo Santa Cecilia. O xurado quixo destacar o labor da entidade de Marín coa promoción da música, belas artes, recuperación do patrimonio, da cultura tradicional, etc

Proxecto cultural máis innovador Como mellor proxecto innovador ou vangardista, os Premios Provinciais á Cultura recoñecen o espazo

cultural alternativo O halcón milenario de Vigo, que xurdiu da in- quedanza dun grupo de amigos artistas (pintores, deseñadores, tatuadores, etc) por amosar as manifestacións culturais non oficiais. Dende hai máis empregan un piso antigo da cidade olívica como sala de exposicións, teatro e do que a deputada Ana I. Vázquez destacou “o esforzo que están a realizar para manter unha actividade cultural sen axuda de ningunha institución pública”.

Premio Diosiño

Mentres, o premio César Dios Diosiño, dotado igual que os anteriores con 6.000 euros, concedido tamén ex aequo, recaeu na Asociación Cultural Danza de Arcos “por conservar unha danza ancestral bailada por homes, e conseguiron levar ás xeracións máis novas”, segundo destacou a deputada Ana I. Vázquez. Aínda que os orixes desta danza non está moi estudada, algúns autores sitúana nos S XV- XVI. Trátase “dunha peza única que responde a unha tradición propia de Cobas no concello de Meaño”.

Dentro desta categoría a Deputación de Pontevedra tamén premiou ao músico e compositor Rogelio Groba pola súa labor musical con

máis de 500 obras catalogadas para a banda sinfónica, de cámara, coral, piano, etc. Autor de varios libros e ensaios recibiu diferentes recoñecemento pola súa creación musical (premio Xunta de Galicia da Cultura, Premio da Galega, Medalla Castelao, etc)

Protección do patrimonio

Finalmente, os concellos de Valga e Vila de Cruces reciben o premio, ex aequo, á protección e recuperación do patrimonio público polo seu labor de recuperación e posta en valor de diversos espazos naturais

A Deputación pon de manifesto o traballo realizado polo concello de Valga na recuperación do patrimonio histórico-cultural (Museo da Historia, o camiño portugués, Rota marítimo fluvial, vía romana XIX), etnográfico (festa da anguía e mostra da caña do país, belén artesanal) e natural (ecomuseo, ferrenzas de Parafita, Monte Beiro, Praia fluvial de Vilarello) da localidade. Labor non menos relevante á realizada polo concello de Vila de Cruces na recuperación do conxunto do poboado e museo mineiro de Fontao (no sur da localidade onde residían os mineiros que explotaba a mina de volframio).



■ Louzao entrega o Premio ao compositor R. Groba

49 Edición Festa-Feira do Xamón da Cañiza

CONCURSO DE RELATOS XLIX ANIVERSARIO FESTA DO XAMÓN

Data límite presentación de relatos: martes 11 de agosto.

CONCURSO DE CARTAS XLIX ANIVERSARIO FESTA DO XAMÓN

Data límite presentación de obras: martes 11 de agosto.

Información e Bases do concurso: Biblioteca Pública da Cañiza
Edificio Multiusos Rúa Progreso, 2º - 2ª planta.

XULLO

Encuentro A Cañiza Natura - Do 3 al 10 Xullo

Vacacións creativas para respirar vida, alegría, convivencia. Sóis co en familia.
¡Descúbrela, Descúbrela!
986663060 / 60523231 - www.peneda.com

Ao longo de toda a día terás diferentes "espazos" con actividades nas que máis che apeteza participar, se ti prefires tamén podes estar ao teu aire.

ESPAZOS

Especto con vitalidade
Especto con alegría
Especto
Especto o seu sentir
Dilectos con estrelas
ACTIVIDADES: JOGA-MEDITACIÓN-ARTETERAPIA-TAI CHI-CAMIÑAS CONSCI-
ENTE-EQUINOFORMACIÓN-CINE-ALIMENTACIÓN E SAÚDE-DANZAS DO MUNDO-CHI-
ENTAL-ÁFRICANA-HIP-HOP-PANORAMA-TEATRO-VOCES DA ALMA-ARCOS E FRE-
CHAS-HORTA-ABELLAS-EDUCAR EN VERDE

XULLO E AGOSTO

TENIS

CAMPUS- ESCOLA MUNICIPAL DE TENIS

Animale e Apuntate para dardiches con monitor.
Martes e Xoves
As 18.30 de 7 a 11 anos - as 19.30 máis de 11 anos
Información: Servizo Municipal Deportes - Teléfonos: 986662328 - 669778871

SÁBADO 4

PATINAXE

Festival fin de curso de Patinaxe sobre Rodas.
Lugar: Pavillón de Valeixe - Hora: 17.00 h.
Organiza: Asociación Deportiva sobre Rodas

SABADO DOMINGO 4, 5

TENIS

SABADO DOMINGO 11, 12

4º OPEN DE TENIS DO XAMÓN
As dúas fins de semana durante toda a xornada.
Semifinais e Finais o 11 e 12.

SÁBADO 11

TEATRO MUSICAL

Espectáculo: A Fada Diana no bosque musical. Compañía: The Fairy Storyteller Productions - Lugar: Auditorio Casa de Cultura - Hora: 20.00 h.

FESTAS NA HONRA O SANTO CRISTO DA AGONÍA

VENRES 10

Festa amenizada por Discoteca Móvil "KANALLA" e a orquestra "GRAN PARADA".
As 22.00 h.

SÁBADO 11

Verbena amenizada polas Orquestras "ALCAZAR" e "PANORAMA" AS 23.00 h.

DOMINGO 12 Programa:

As 11.30 h. Pasamús a cargo da BANDA MILITAR DA BRIAT "GALICIA VII".
As 12.00 h. Misa Solemne cantada pola "CORAL POLIFÓNICA DA CAÑIZA" e Proceión acompañada pola BANDA MILITAR DA BRIAT "GALICIA VII".
As 19.30 h. Verbena amenizada polas TRIO "CIBLES" e "3.COM".

SÁBADO 18

CICLISMO

FESTA DA BICI - Parcorrida aproximado 18 Km. (Obrigatorio casco e petos).
Saída: Praza Maior - Hora: 19.00 h.

SABADO 18 E DOMINGO 19

AEROMODELISMO

"Open" F3 O Permanencia con Grandes Planoadores.
Lugar: Campo de voo "O Pastel de Fontefría".
Horario: Toda a xornada - Organiza: Club Vuelo a Vela Fontefría

DOMINGO 19

DESFILE DE MODA

Desfile das alumnas do "III Curso de patronaxe" a cargo do deseñador Cristóbal Vidal.
Lugar: Auditorio da Casa de Cultura - Hora: 20.30 h.

SABADO 25

PARAPENTE

"V Xornada divulgativa de parapente".
Exhibición e introdución ao uso libre. A xente que se anime poderá saír con monitor en biplaza.
A xornada inclúe unha probe de acumulación de balóns con gol na Cañiza.
Lugar: Monte Pedreiro - Hora: Todo o día

SÁBADO 25

FESTIPOUSA

Lugar: Augas Fervidas - Organiza: Asociación Cultural O Cavil dos Mauros

DOMINGO 26

MUSICA TRADICIONAL

XOVI XUNTANZA DO FOCCLORE-VALEIXE
Comezo dos actos ás 14.30 h.
As 14.30 h. Xantar
As 17.00 h. Actuación de Grupos Folclóricos de Galicia e Norte de Portugal.
As 19.00 h. Festa infantil (enchabes, festa da escama,...)
Organiza: A.C.D. Santa Cristina de Valeixe
Lugar: Miñoteira - Valeixe - A Cañiza

SABADO 25 E DOMINGO 26

FÚTBOL SALA

Campeonato 24 Horas.
Lugar: Pavillón Municipal da Cañiza

Do luns 20 ao 31 de xullo

FÚTBOL

"V Campus Deportivo de Fútbol".
Participantes: nenas/os de 4 a 12 anos.
Información e inscrición: 679514062/666700671
Organiza: A.D. Cañiza Club de Fútbol

MÉRCORES 29

UTA EN BICI

III Ruta Nocturna en Bici "Camino das estrelas" (Obrigatorio casco e petos).
Saída: Praza Maior - Hora: 22.00 h.

SEMANA DO 27 ao 31

FINAL MUNDIALITO

"VI Mundialito Augas Fervidas Fútbol 7".
Lugar: Campo das Augas Fervidas.
Hora: 3ª e 4ª Fois ás 19.30 h. Final as 20.30 h.

AGOSTO

DURANTE TODO O MES DE AGOSTO

EXPOSICIÓN

Exposición das obras dos alumnos/as do curso de pintura da ANPA.
Lugar: Concello da Cañiza.
Organiza: ANPA da Cañiza

SÁBADO 1

KARAOKE

Animale e súbete ao escenario a cantar.
Lugar: Praza Maior - Hora: 22.30 h.
Organiza: Asoc. Cultural Colectivo Mazadero

SABADO 1

CICLISMO

I MARCHA CICLOFURISTA DO XAMÓN
Subida e Descenso ao Santuario da Franqueira. (Obrigatorio casco e petos).
Avituallamentos, regalos, bebidas, etc.
Saída: dende o Concello - Hora: 16.30 h.

DOMINGO 2

INCHABLES

Inchables gratuítos.
Hora: 19.00 h. - Lugar: Praza Maior

LUNES 3

CINE NA RUA

Película: Mortadelo y Filemón contra Jimmy el cachondo.
Lugar: Praza Maior - Hora: 22.30 h.

MARTES 4

CINE NA RUA

Película: Ocho apellidos vascos.
Lugar: Praza Maior - Hora: 22.30 h.

MÉRCORES 5

UTA EN PATINS E SKATE

II Ruta En Patins - Skate.
(Obrigatorio casco e petos). Sorteo de regalos.
Saída: Praza Maior - Hora: 20.00 h.
Organiza: Asociación Deportiva sobre Rodas

MÉRCORES 5

CINE NA RUA

Película: El hobbit: la batalla de los cinco ejércitos.
Lugar: Praza Maior - Hora: 22.30 h.

XOVES 6

CINE NA RUA

Película: Noche en el museo 3.
Lugar: Praza Maior - Hora: 22.30 h.

VENRES 7

CINE NA RUA

Película: La teoría del todo.
Lugar: Praza Maior - Hora: 22.30 h.

VENRES 7

MUSICA

"Concerto urbano".
Actuacións: Paloma Soallero e Tomás Merlo e O Grupo Triflora.
Lugar: Rúa Oriente - Hora: 21.00 h. Organiza: Asoc. Colectivo Mazadero

SABADO 8

CORAL DA CAÑIZA

Lugar: Auditorio Casa de Cultura - Hora: 22.00 h.

SABADO 8

MUSICA

SON DA PRAZA
Lugar: Praza Maior - Hora: 22.30 h.
Organiza: Asoc. Cultural Colectivo Mazadero

DOMINGO 9 MÚSICA

Concerto Escola de Música da Caniza
Lugar: Praza Maior - Hora: 22:30

SABADO 8 e DOMINGO 9 FÚTBOL

"V Trofeo Fútbol Veteranos, Concello da Caniza"
Lugar: Campo das Augas Feneas
Día 8, 19:00 e 20:15 H. - Día 9, 19:00 e Final 20:15 H.

SABADO 8 e DOMINGO 9 AEROMODELISMO

"Open F3 Q - ACRO: Acrobacia con Grandes Planesadores"
Lugar: Campo de voo "O Pastizal de Fontefría"
Horario: Toda a xornada - Organiza: Club Vuelo a Vela Fontefría

LUNS 10 NOITE DE HUMOR

Actuación de Fran Rai e Pedro Branderiz (Humoristas do Luar)
Espectáculo: "Os Sete Magníficos máis Un"
Animade e sobe contar chistes, contos... con eles.
Lugar: Praza Maior da Caniza - Hora: 22:30 h.

MARTES 11 TEATRO

Obra: "A VERDADERA HISTORIA DE ROBINSON CRUSOE E VENRES"
Lugar: Praza Maior - Hora: 22:30 h.

MERCORES 12 MÚSICA-TEATRO

Actuación de Luis Iglesia y Xabier Deive (Protagonistas Natalesos)
Espectáculo: "Sede de Mal"
Lugar: Praza Maior - Hora: 22:30 h.

XLIX FESTA DO XAMÓN**ANIMACIÓN DE RUA****VENRES 14 - ESPECTÁCULO INFANTE**

Espectáculo: Peter Punk, PEOR IMPOSIBLE
Lugar: Rúa Oriente - Hora: 19:30 H.

SABADO 15 - ESPECTÁCULO INFANTE

Espectáculo: VAIA CIRCO Kanbhieta
Lugar: Praza Maior - Hora: 19:30 H.

DOMINGO 16 - ESPECTÁCULO INFANTE

Espectáculo: Ale Risola, ALEGRIAS EN COMPROMISOS
Lugar: Rúa Oriente - Hora: 19:30 H.

XOVES 13

Actuación: "O SONIDO MAXIN" a MÚSICA
Festival "XAMÓN DANCE" da Caniza
Lugar: Praza Maior - Hora: 22:30 h.

VENRES 14

II Edición da exhibición de corte de xamón e Curso de cata de viños
Hora: 20:30 H. - Lugar: Praza Maior
MÚSICA
Concerto de BUCINO e convidadas
e a ORQUESTRA SINTONIA DE VIGO
Lugar: Praza Maior - Hora: 22:30 h.

SABADO 15

MÚSICA
Versión americana da orquestra "VEREZA" e o "GRUPO ALGAR"

XLIX EDICIÓN FESTA-FEIRA DO XAMÓN DA CANIZA**SABADO 15**

As 11:00 H.
2º Concurso de Competición de cortadores de xamón á man.
1º Concurso amateur de cortadores de xamón.

As 11:00 H.

Degustación de xamón na Carballeira do Cacharedo - onde se poden adquirir os tickets que dan dereito a degustación das distintas racións elaboradas con xamón: Xamón curado, Xamón asado, Xamón cocido ao viño tinto, Empanada de Xamón, Tarta de Xamón con pan, viño co refresco.

As 12:00 H.

Desfile da Corvina do Xamón (sai da dende o Concello, ata á Carballeira do Cacharedo, acompañados dos cabeceiros da Caniza e de grupos folclóricos).

As 13:00 H.

Saída de autoridades e recibimemo aos asistentes. Discurso de benvida e entrega de premios do concurso de Narración e de Cartel nas categorías de infantil e xuvenil (tema: 50º Aniversario da Feira do Xamón).
Actuación dos grupos folclóricos de "Santa Cristina de Valdeorras"

As 13:30 H.

Actuación da charanga "Al-Jalila"

As 18:30 H.

FÚTBOL: Trofeo "Feira do Xamón" - Lugar: Campo de Fútbol do Vestro

As 19:30 H.

Espectáculo Infantil VAIA CIRCO da Cia. Kanbhieta - Lugar: Praza Maior

LUNS 17 CINE NA RUA

Película: Dos tontos todavía más tontos
Lugar: Praza Maior - Hora: 22:30 H.

MARTES 18 CINE NA RUA

Película: El gran hotel de Budapest
Lugar: Praza Maior - Hora: 22:30 H.

MERCORES 19 CINE NA RUA

Película: Vamos de pols
Lugar: Praza Maior - Hora: 22:30 H.

XOVES 20 CINE NA RUA

Película: Charlie Chaplin Festival (1917)
Lugar: Praza Maior - Hora: 22:30 H.
Organiza: Asoc. cultural "O covil dos meuros"

VENRES 21 CINE NA RUA

Película: Metropolis (1927)
Lugar: Praza Maior - Hora: 22:30 H.
Organiza: Asoc. cultural "O covil dos meuros"

SABADO 22 DIA DO BALONMAN

Para nenos: xogos e mini-partidos
Lugar: Pavillón Municipal
Hora: Desde as 17:00 H. as 22:00 h.
Organiza: Club Balonmán Promens Caniza

SABADO 22 BALONMAN "Partido amigable"

Presentación Oficial do Equipo Balonmán Promens Caniza Tempada 2014-15.
Lugar: Pavillón Municipal da Caniza
Hora: 20 h.

DOMINGO 23 CICLISMO BTT

3ª Ruta de B.T.T. "Bicicleta de montaña"
Dous Percursoos ou rutas alternativas:
1 Tramo iniciación 15 Km.
2 Tramo Dureza Media 30 km.
Saída: Praza Maior Hora: 09:30 H.

SABADO 22 TEATRO

Obra: "O.E.P. UNHA COMEDIA DE MORTE"
Compañía: A Sabenza producións SL
Lugar: Auditorio da Casa de Cultura - Hora: 21:30 H.

DOMINGO 23 SAÍDINADA

XANTAR Popular
Lugar: Carballeira do Cacharedo
As 16:30 H. Actuación das pandeireteiras "As Charaviscas" da Caniza.
As 17 h. Festa da escuma.

VENRES 28 BAILE DEPORTIVO

Master-Class (Zumba-Fitness)
Impartida pol-a Instructora Zin Raquel Rodriguez "Escuela de Baile Mueveto".
Para todas as idades.
Lugar: Praza Maior - Hora: 20:00 h.

SABADO 29 TEATRO

Obra: "30 e TANTOS OSOS" Compañía: Aporta Escénica
Lugar: Auditorio da Casa de Cultura - Hora: 21:30 H.

DOMINGO 30 FESTA DA 3ª IDADE

Lugar: Centro da 3ª idade - Hora: 18:00 H.

DOMINGO 30 ATLETISMO

N CROSS POPULAR DO XAMÓN
Percurso: 12 Km Cross Misto (terra e estrada)
Lugar Saída: Pavillón Munic - Piscina Verán - Hora: 10:00 H.

Nota:
No caso de choiva as actividades de Praza realizaranse na Casa de Cultura.
Lembrade que o Ximnasio da Caniza está aberto de luns a venres en horario de 09 a 13:30 h. e de 16 a 22:30 h.
A piscina de verán "As Grades" está aberta todos os días en horario de 11:00 a 21:00 h.



Eva García de la Torre acude ó acordo entre Galicia Calidade e o Clúster do Granito

O Centro Tecnolóxico do Granito ubicado en Torneiros, acollía días pasados o encontro entre o conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde; o presidente do Clúster do Granito, Guillermo Pérez Aboy; o director xerente de Galicia Calidade, Alfonso Cabaleiro; para asinar coa Fundación Centro

ciativa que contribuirá a mellorar o posicionamento internacional dun sector que, o ano pasado, acadou un record histórico exportador ó sumar 113 millóns de euros, un 3,14% máis que no 2013. O conselleiro resaltou que o acordo posibilitará que o selo, que representa unha "forma distinta e galega de facer as

"o ano pasado, acadou un record histórico exportador ó sumar 113 millóns de euros, un 3,14% máis que no 2013"

Tecnolóxico do Granito un acordo que permitirá incorporar o selo de Galicia Calidade ao sector, reforzando a súa competitividade ó funcionar como aval da excelencia das empresas.

O acto tamén estaba convidada a alcaldesa de Porriño, Eva García de la Torre, que acudiu xunto ós concelleiros Raúl Francés e Marcelino Coto, que compartiron

cousas" e suma máis de 52 empresas e 300 produtos, reforzará o compromiso das empresas por ofrecer os mellores produtos e servizos. En concreto, Conde resaltou que a concesión do selo permitirá por o foco no impulso da competitividade das empresas. Neste sentido, lembrou, este ano Galicia Calidade xa ten ampliado o eido de acción a ámbitos como a biomasa ou o turismo.

Eva García de la Torre acolleu esta iniciativa con moi bo talante, xa que "todo o que sexa bo para O Porriño e a súa industria, benvido



sexa. O granito é un emblema do noso municipio que deu traballo a moitos veciños no seu día, se este selo que garante a calidade do noso produto incentiva a competitividade neste sector, so cabería esperar maior recoñecemento no mapa internacional". De feito, a rexidora local aproveitou a visita do concelleiro para fa-



cerlle unha invitación oficial convidándoo a unha visita institucional, na que tratar diversos temas que atañen á industria y economía porriñesas.


O concelleiro Marcelino Coto, pola súa banda "valorou moi positivamente este acordo porque supón un respaldo moi grande a internacionalización do noso produto, polo que aplaudimos todos estes feitos que a Xunta leva a cabo co obxectivo dunha mellora económica no noso municipio".



O Porriño

9ª Edición do Certame Fotográfico “Viaxando” da OMIX

O concurso está dirixido a mozos de entre 12 e 35 anos e terán de prazo para presentar as súas imaxes desde xa mesmo e ata o 23 de outubro



O Concello do Porriño, a través da Oficina Municipal de Xuventude, únese a este concurso fotográfico organizado tamén polo Espazo Xove de Tui e as oficinas da OMIX de A Garda, O Rosal, Tomiño, Baiona, Gondomar e Salceda de Caselas; lugares onde á súa vez, poderanse presentar as imaxes participantes.

A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre afirma que este tipo de iniciativas “espertan nos mozos a súa vea artística, facendo que o máis simple poida converterse nunha gran obra de arte. Deste xeito seguro que as fotos do verán cobrarán outra dimensión entre os afeccionados á fotografía”.

E é que a temática do concurso responderá ó título do certamen, “Viaxando”, nome que debe aparecer no sobre pechado no que se entregará unha fotografía por participante; no dorso da mesma irá escrito o nome do autor e o título da imaxe. Xunto ó sobre da foto a concurso, irá outro que incluírá, novamente, o autor escrito por fóra e, no seu interior, o nome e apelidos, dirección, teléfono e fotocopia do DNI ou Tarxeta de Residencia.

Os participantes deben reunir unha serie de requisitos que parten da base de ter unha idade comprendida entre os 12 e os 35 anos, a fotografía debe ser orixinal, inédita e non ter sido premiada nin seleccionada noutros concursos. Poderán ser en cor ou en branco e negro, presentaranse en papel fotográfico de 20x30, sempre pegadas sobre unha cartulina negra DIN A3 e o pazo de presentación finaliza o 23 de outubro do 2015.

O premio para a foto ganadora é dunha tablet e o fallo do xurado publicarase nos medios de comunicación a partir do 5 de novembro do 2015, ademais de serlle notificado telefónicamente ó ganador.

As fotografías presentadas a concurso exhibiranse nunha exposición itinerante que se inauguraré o 9 de novembro ás 18:00 h no Espazo Xove de Tui, para percorrer posteriormente cada un dos municipios con OMIX colaboradoras.

Se desexan máis información sobre as bases do concurso, poden dirixirse ás oficinas da OMIX no Centro Cultural do Porriño, ou ben chamando ó teléfono 986 337 624.

A OMIX inicia unha acción formativa de Lecer e Tempo Libre enmarcada no programa Actívate 2015

A concellería de Xuventude do Concello do Porriño, a través da oficina da OMIX e en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, acaba de iniciar a segunda acción formativa incluída no programa Actívate 2015.

Este curso está dirixido a mozos do noso Concello con idades comprendidas, prefe-

rentemente, entre os 16 e os 35 anos, que participarán no curso Deseño, Planificación e Desenvolvemento de Actividades de Lecer e Tempo Libre, que daba comezo no Multicentro de Torneiros onte luns, 6 de xullo e cunha duración total de 140 h, repartidas de luns a venres de 09.30 h a 13.30 h.



San Bieito, patrón de O Porriño

O pasado sábado día 11, a Igrexa de Santa María acollía a Misa Solemne en honor ó Patrón de Porriño, San Bieito, completa de xente devota, coa presenza da Alcaldesa acompañada por varios concelleiros, así como Oficiais da Garda Civil e membros da Policía Local. Durante a Misa actuou o Coro Orfeón de O Porriño, así como a Banda de Música de Redondela.

Antes de comezar coa puxa das ofrendas realizadas ó Santo, á Alcaldesa, Eva García da Torre, fixo entrega -en nome do Concello do Porriño e da Comisión de Festas- dunha placa realizada polo artista local Candán, e deseñada especificamente para Marcial Sequeiros Valverde; veciño encargado de dirixir esta popular subasta durante máis de 20 anos.



■ Marcial Sequeiros Valverde coa placa que lle entregou a Alcaldesa

“En O Porriño abrimos unha porta á esperanza coa comunicación fluída con todos”, Eva de la Torre, alcaldesa

En O Porriño produciuse un cambio de goberno local cando poucos soñaban con tal cousa. Os problemas xudiciais, á arrogancia no uso do Poder e as ganas de cambio existentes na sociedade actual, fixeron o milagre.

Falamos coa nova Alcaldesa para que nos indicara que novos camiños vai seguir o novo goberno porriñés.

Por: Guillermo Rodríguez

Pensaba que a alcaldía estaba tan preto?

■ Ben, un preséntase para gañar as eleccións, pero si que é verdade que cando o consegues, sorprende..pero aquí estamos -Foi difícil a composición do goberno de coalición?

Tivemos una comunicación fluída e rápida cos componentes de UDDL. Temos un fronte común que son os intereses e os beneficios dos vecinos e cidadáns de O Porriño, así foi fácil entenderse. Foi difícil con outros grupos que queremos que entren no goberno, que por culpa de prexuízos que lle impiden acceder...aínda que creo que ao longo da lexislatura será posible a súa entrada.

As diferencias ideolóxicas levará a cuestións culturais, ao uso do idioma, por exemplo...

■ É unha cuestión ideolóxica máis de disxuntiva de dereita-esquerda. Quen conflúan connosco saben que temos un programa, unha ideoloxía e unha forma de pensar, de levar a vida; que queremos cambiar a sociedade, queremos un Porriño máis social, que loitaremos pola igualdade de oportunidades, na igualdade en todos os campos, pero sobre todo na igualdade de oportunidades. Quen goberna connosco sabe que ese é o noso obxectivo, punto de partida e meta, e nese sentido, tanto a dereita coma a esquerda porémosnos a traballar. No referente ao uso do idioma, non tivemos maior problema.

O Porriño é unha vila moi industrializada, con dous polígonos. Existe algún rumor de que as industrias andasen preocupadas, que non aceptaran ben un goberno que defenda os traballadores, o social e non só o disfrute de beneficios.

■ Os empresarios non estaban contentos co anterior goberno, non había comunicación, polo tanto creo que abrimos una porta de esperanza na base dunha comunicación máis fluída. Eu considero que só hai una forma de defender os dereitos dos traballadores: é crear condicións de em-

prego, non subir as taxas como llas subiron aos pequenos comerciantes e aos empresarios, en máis do 800% , a taxa do lixo, por exemplo, porque impide a creación de emprego. Por esta razón, non están preocupados senón moi esperanzados porque as canles de comunicación estarán abertas, de aí que o entendimento será máis fácil. Encontráranse cun goberno que os vai atender e entender. Evidentemente, nós queremos que se defendan os dereitos dos traballadores e o emprego estable e fuxir da precariedade, e na medida en que nós temos competencias e

o das canteiras e outro o do entorno das empresas; refirome a viais, limpeza e demais. Empecemos polo primeiro, xa paga todo o mundo que explota as canteiras ou non?

■ Non; tamén aquí a conxuntura económica fixo que as explotacións perderan o valor económico que tiñan; non obstante é unha riqueza de primeira magnitude para o concello de O Porriño, tanto polo emprego como polos ingresos para as arcas públicas. As canteiras creceron e instaláronse nun momento en que a importancia e a xestión do público estaba

nós estamos aquí para facilitar non para impor. Pero existe unha dificultade máis, que é a reinvidicación da superficie onde se encontran as canteiras por parte das comunidades de montes, que discuten a titularidade municipal deses terreos; algo que os tribunais irán aclarando. Para nós é unha cuestión de primeirísima orde que todas estean legalizadas, sexa de quen sexa a titularidade dos terreos; o concello ten que percibir os ingresos correspondentes por esa explotación, que teñen que revertiren beneficio de todos.

petencia do concello. No que se refire á limpeza dos polígonos. Hai que mimalos porque son unha fonte de riqueza para todo o municipio. A limpeza e o mantemento deixáronse un pouco de lado. Se facemos investimentos en infraestruturas que logo non se manteñen, o custe de reparación é infinitamente máis alto, por iso hai que apostar polo mantemento en todos os sentidos, tando da adecuación do que se asine como co que se vai estragando co paso do tempo e o uso, así como a limpeza, de viais, de arcéns, etc., manter todo o municipio en óptimas condicións. Ademais de ser o concello do deporte que sexa un concello limpo e medioambientalmente saudable, un entorno amable para os cidadáns, para todos, tamén para os que están nos polígonos.

Tiveron algunha conversa coa Asociación de empresarios que alí existe sobre este tema?

■ Non, aínda non tivemos tempo porque acabamos de chegar. Teño moitas ganas de reunirme con eles. Sei teñen unha longa lista de agravios e peticións que facerlle ao concello. Queremos ter un entendimento; aquí temos todos que colaborar; o que sexa responsabilidade do concello será asumido e será levado a cabo.

Comparado con outros concellos de maior poboación, O Porriño ten importantes recursos. Están sendo ben distribuídos?

Pois niso estamos. Tendo en conta que é un concello que ten expectativas económicas importantes, pola industria, polo comercio, pola hostelería, porque é e sempre foi un concello dinámico, etc. o reparto da riqueza é desigual, como en todos os sitios; hai enormes bolsas de riqueza pero tamén grandes bolsas de exclusión social. Temos que preocuparnos para que haxa prosperidade económica para quen se dedica a esta actividade, pero tamén estar atentos para que non haxa exclusión, para que todos participen dun entorno que se presume de que somos un concello rico. Non



capacidade para facelo, nós esixirémolo, pero tamén vamos axudar para que no Porriño se dean condicións para o crecemento económico, para que os empresarios poidan obter beneficios, para que as administracións non poñan vetos e así crear as condicións de creación de emprego. Niso é fundamentalmente no que temos que traballar.

Existen, desde tempos históricos, temas nunca resoltos, un é

relegada ou nin tan sequera era atendida. No goberno anterior fíxose un esforzo por ir legalizando tanto o uso do solo das explotacións, facendo contratos de arrendamento, para corrixir a precariedade na que estaban instaladas moitas empresas. Deste xeito, permitíasilles pedir a licenza de actividade que depende de Medio Ambiente e da Xunta. Somos varias Administracións con competencias para tal efecto;

Con respecto ao dos polígonos existían discusións, se o concello limpaba ben os viais, se estaban ben os accesos...Ten esa responsabilidade o concello?

■ Eu, desde logo, creo que é competencia municipal, porque o titular dos solos, ata que se foron vendendo,quen deseñou o polígono foi o SEPE e despois a titularidade de A Granxa era de Zona Franca, pero desde logo, hai una recepción da obra que é com-

Entrevista

pode ser que uns non teñan que dar de comer aos seus fillos máis que as comidas dadas nas escolas que agora non sabemos quen llas vai dar; que non teñen con que pagar a luz, que os desaloxen das súas casas, etc.. Ten que haber un equilibrio que debemos manter os representantes públicos e as Administracións para que esa diferenza se acurte.

A propósito de desaloxos... o concello ten casas baleiras, municipais...para llas facilitar as persoas ameazadas de desaloxo? Porque me imaxino que no concello de O Porriño tamén se dá esta triste realidade....

■ Neste foi un campo desatendido. Os desaloxos están aumentando. No Porriño non somos alleos ao que pasou noutras lugares porque a burbulla inmobiliaria deuse aquí tamén. Existen persoas que están a ser desaloxadas, pero non existe un parque de vivendas que poida ser utilizada para realoxar esta xente; para nós isto é dunha importancia capital. É prioridade absoluta darlle unha situación habitacional a todas estas persoas que se quedan sen casa por non poderen pagar. Temos que velar por eles e darlles unha solución, que non será definitiva pero, esde logo, s de urxencia témola que asumir. Veremos como facelo; ben a través de alugueres sociais que o concello poida asumir, ou de cesións das propias entidades financeiras. Estamos a traballar niso.

O concello xera riqueza, pero os cartos quédan aquí ou foxen para fóra?

■ A ver...a ninguén se lle escapa que o concello viviu un pouco de costas aos polígonos industriais, como se tiveran pouco que ver connosco. Por exemplo, os planos de formación que facemos para emprego, estiveron á marxe das necesidades das empresas instaladas nos polígonos. Non só de cantería por ser o pulmón económico do sur da provincia. Iso fai que a riqueza fuxa para outros sitios, porque os traballadores son doutros sitios. Temos que crear a posibilidade de que a xente que busca emprego no Porriño poida traballar aquí; iso conséguese reuníndose coas empresas, sabendo as súas necesidades e que formación específica se pode dar, así formar as persoas que buscan emprego e que estas poidan acceder ao mercado laboral. Os cursos de formación máis abundantes son os de cortadores de xamón, de camareiro, xa fixemos moitos cando as empresas de hostelería estaban a pechar pero a ninguén se lle ocorreu reunirse coas Asociacións de Empresarios, e facer un plano de formación que dea resposta ás necesidades dos polígonos. Estamos polo labor de

facen reunións, convenios coas empresas para que se comprometan a acoller eses traballadores formados e fagan as prácticas nas empresas, esa é a mellor vía para o emprego. Será o que nos permitirá que a riqueza quede no Porriño, se se crea emprego para a xente de Porriño, iso é o que temos que ofertar.

Deporte, cultura, lecer...cales son as prioridades do seu goberno?

■ Nós somos o concello do deporte, fomos premiados recente-

xisten grandes grupos musicais: pop, rock, jazz; escritores, etc. que foron pouco apoiados e nós pretendemos que ademais do concello do deporte sexa o concello da cultura, sen que esteanreñidos. Queremos que o mesmo esforzo que se fixo co deporte que se faga coa cultura, temos que póla ao mesmo nivel.

O lecer, o paseo...o Louro, a Risca, os humedais... que pasa-coniso?

■ Hai que facer moito. Como xadixen, as sensibilidades de quen-

tureza que foivandalizadococuste da vida dunhaperso...todo iso ten que corrixirse. Hai que facerun labor pedagóxico e de sensibilización da cidadanía de que as riquezas do municipio non son só as industriais, xa que temos unha natureza viva e fantástica por descubrir e coidar, darlle o seu valor. Nós vamos facelo.

E no Monte da Risca que se vai facer?

■ Antes de máis, non só co Monte da Risca senóntamén co Monte de Atios, co do Budiño, etc. debemos

cando a xentenecesita comedores, asistenciaen todos os sentidos. Non se pode facer unha asistencia de beneficiencia cando do que se trata, cando a nosa obriga é facer a redistribución da riqueza, ou sexa gastar os cartos pero gastalosben.

Por certo, o centro da Terceira Idade é municipal?

■ É da Xunta e o mantementofacémolo nós. Trátase de sensibilidade, o goberno que estabatíña para licitar moitoobra cunobxectivo, cando menos, discutible pero as necesidades sociais, agás vender o favor de "eu doucheuntraballíño por uns tres meses", pouco labor social se facía., se non era por beneficiencia. Nós tomamos unha primeira medida de aumentar no presuposto os 25.000 euros que había para emerxencia social ata 100.000 euros. Porque con 25 mil euros é imposible dar saída ás colas de xente que veñen pedir axudauxente. Aumentamos esa partida porque é unha cuestión de sensibilidade, a primeira medida teñen que ser os cidadáns.

Falando de colas...eu lembro as colas ata as cinco da tarde nos tempos de Xosé Manuel Barros. Cambiou ese sistema? É dicir, non todo o mundo pasa pola alcaldía...

■ O meu despacho está aberto paracalquera que necesite falar conmigo, a calquera hora. Agora ben, as colas de beneficiencia non van estar á porta da alcaldía. Se alguévnén falar coa alcaldesa, a alcaldesa sabe de quen é a competencia, se necesita ser atendido por Benestar social será atendido pola concellalaSoledad-Jirón, que o atenderá como se fose a alcaldesa. Se necesitan falar co concellal de emprego, non será a alcaldesaquenlle venda o favor do emprego; se alguénnece-sita que se faga unha obra ou arranxo na súa parroquia, desde logo, será o concellal de Obras e de Vías o que estea. Aquí vamos atender necesidades de forma eficaz, non vamosfacerunatapón na porta da alcaldía para vender favores.

Aproveite para mandar unha mensaxe aos cidadáns de O Porriño

■ A mensaxe é a ilusión coa que acedemos ao cargo, a responsabilidade de saber que estamos aquíao servizo de todos os cidadáns. Eu non me considero ensituación de vantaxeenrelación a ninguénseñón que estou enormemente responsabilizada de saber todas as necesidades que hai, ás que teño que dar resposta. Para iso estou. Que teñan a percepción de que neste despacho hai unha persoa que vai deixar a pel para que as súasnecesidadessexan atendidas, esa será a mensaxe de esperanza que necesitan.



mente enCiudad Real polo mérito deportivo, o único concello de toda España que recibíuesegalar-dón polo que me sinto m oi orgullosa e felicito os meus antecesores polo empeño e apoio dado a todo o mundo do deporte. No Porriño practícase todo tipo de deporte, por exemplo, con respecto ao balonmánhai 400 fichas federativas, temos catro campos de fútbol no municipio (Porriño industrial, Atios, Mosende e Budiño), é dicir, as infraestruturas-deportivasson fantásticas aínda que haxa moitas que hai que arranxar e mellorar. Pero se houbo apoio e empeño polos que me antecederan no goberno do Porriño, foi polo deporte, non así a cultura. Na cultura quedámonsmáisen festas de Panorama, que estánben, pero que defenden pouco a nosaidiosincrasia. Vai ser concellal de cultura, D. Raúl Francés, que foi antigo alcalde de Porriño e ímoslle dar un grande cambio porque existe unha grande actividade cultural no entorno de Porriño, pouco apoiada desde os poderes públicos. Aquí-

tiveron antes ían por outros camiños. Con o goberno do Bloque fíxose o paseo do Louro, comunmente chamado o do colesterol xa que a xentepasea por alí, haiquecoidalo e ampliálo. Existe unproxecto ambicioso porque o Louro é o río central que verteбра todo o municipio, ten numerosos afluentes, as ribeiras do Louro que conectan o Louro coas parroquias e nós ampliamos a senda do Louro e rescatamos todos os seus afluentes. Para poder camiñar ou ir enbici desde unha parroquia ata outra, ata o mesmo centro do Porriño se recuperamos toda esa riqueza fluvial que temos. Esecamiño será o que seguiremos, un urbanismo medioambiental e verde para cambiar o "chip" da burbulla.

E as Gándaras de Budiño?

■ Hai que prestarlles especial atención. Pertence á rede Natura con competencias para a Xunta pero que nóstemos que apoiar porque non se coñecen, están cheas de silvas, non se pode pasar...construíron un miradoiro, un centro de interpretación da na-

ter unha comunicación fluída coas comunidades de montes que son as propietarias dos terreos. Debemosfacerconvenioscon eles para que teñanposibilidades económicas e desenvolver as actividades, sobre todo as de protección. Non pisar competenciassenón confluír conelas, facerconvenios para unha mellorprotección. Iso é o que queremos facer.

■ Como estaban as arcas do concello?

O Concello de O Porriño é unconcello saneado, hai que dicilo pero con moitascontratacións e licitacións nas gabetas. Eucreeo que o anterior gobernosabía que non ía seguir no concello, que non ían ter maioría para seguir e intentaroncomprometernos o gasto ata case final de ano. Vamos corrixir o que se poida corrixir, o mal licitado imos paralo, desde logo. O que non pode ser é que se presuma de superavit, cando neste concello o que hai é superavit de necesidades sociais. Non podemosdicir que estamos a aforrar moitoscartos (2 millóns de euros) do presuposto que non foi gasto,

O Porriño

El equipo “Patada na boca” ganador del “I Torneo de Fútbol 7 Femenino Virxe da Guía de Atios”

En total foron dez equipos os participantes neste torneo que finalizou coa entrega de trofeos a cargo da alcaldesa Eva García de la Torre e o concelleiro Manuel Carrera



Os encontros desenvolvéronse nun só tempo de 30 minutos, non así a final, disputada entre os equipos “Patada na Boca” e “La Paquetines”, que xogaron dous tempos de 20 minutos cada un, seguidos moi de cerca por árbitros federados durante todos os encontros.

Á entrega de premios que tivo lugar ás 19.00 h, acudiron a alcaldesa de Porriño, Eva García de la Torre; o concelleiro, Manuel Carreira e o presidente da U. D. Atios, Ramón Porto. Houbo medallas para todas as participantes e trofeos para os tres equipos finalistas, quedando en primeiro lugar, o “Patada na boca”; en segundo posto, “La Paquetines” e o terceiro foi para as veciñas de Salceda “A Picoña”.

O equipo local, o “Roupeiro-Atios”, non puido superar o cuarto posto e o recoñecemento á mellor goleadora e á mellor porteira, fóronse para o equipo ganador, de Sárdoma.

Entre o público asistente, tamén se sorteou un fin de semana no Balneario de Mondariz.

Este domingo, aínda baixo a intensa calor ca que se disputou esta competición, as integrantes dos dez equipos participantes demostraron que as mulleres están á altura das circunstancias e dérono todo sobre o terreo de xogo.

O fútbol feminino, está cada vez máis integrado e recoñecido na nosa sociedade e afortunadamente vai demostrando que este deporte non é só cousa de

homes, como aínda hai moitos que así o creen.

Boa mostra disto foi o espectáculo deportivo vivido este domingo no Campo do Carballo de Atios, no que se reuniron máis de 100 xogadoras de Fútbol 7 da provincia, que contaron con numeroso público que se foi achegando escalonadamente ó terreo entre as 10.00 h e as 18.00 h, momento no que se disputou a final.

Eva García de la Torre e parte do Goberno Municipal acoden ós Premios Círculo 2015

A alcaldesa do Porriño xunto ós concelleiros Soledad Girón e Orlando Márquez acudiron o pasado sábado á entrega destes galardóns anuais no Círculo Recreativo Cultural

O pasado sábado 4 de xullo, o Círculo Recreativo Cultural de Porriño volveu entender a súa alfombra vermella para recibir ós numerosos asistentes que acudiron á vixésimo oitava edición dos Premios Círculo.

Entre os invitados a esta cerimonia acudiron, a alcaldesa de Porriño Eva García de la Torre e os concelleiros do equipo de goberno Soledad Girón e Orlando Márquez, acompañados das súas respectivas parellas e de rigorosa etiqueta, tal como marcaba a ocasión.

Deste xeito, o salón do CRC, tamén se engalanou para a ocasión para gozar dunha cea entre amigos e familiares dos premiados, que tralo café e as sobremesas, subiron ó escenario chamados pola presentadora María Díaz, que previa visualización dun video recordando a súa

traxectoria, subían emocionados a recoller o seu galardón, consistente nunha recreación en pedra da Botica Nova do ilustre Arquitecto Antonio Palacios.

Así, María Freiría Cabaleiro recolleu a mención ó premio Especial, pola súa loita e impulso na creación de ACEESCA ofrecendo atención a persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias; Antonio Giraldez Rodríguez, era galardoado co premio ó Deporte tras 14 anos como porteiro de Primeira División co Deportivo da Coruña; na categoría de Música, os premiados foron “Los Gritos”, grupo porriñés dos anos 60; na categoría de “Educación e Cultura” o galardón foi para o novo actor e cantante, Juan Antonio Carrera; e a mención ó Recordo, foille outorgada a Juana da Cruz, pola súa ampla traxectoria como modista e diseñadora.

A OMIX de Porriño co programa “Cambiando o Chip”

Conferencia Política Nacional. Sábado 11 de xullo (Hotel Compostela, Praza de Galiza, Compostela)

O concelleiro Manuel Carreira, acudiu a felicitarlles en persoa “pola gran labor que desenrolan en beneficio de veciños e visitantes á nosa vila, xa que están realizando unha enquisa que será estudada a fondo para ver que podemos mellorar segundo a valoración e opinión de todos os entrevistados”. Un gran traballo que quixo recompensar facéndolles entrega dun obsequio a cada un deles.



Entrevista

"Temos que convertir As Neves en algo atractivo, ilusionante"

Xosé M. Rodríguez Méndez

Por: Guillermo Rodríguez

Por fin chegou a riada do Miñoás Neves...como atopaches a situación?

■ Ben, eu diría que aínda está moito de moda o da riada, que forma parte dun estilo que tampouco é alleo ao modelo que nós temos, en realidade o que chegou ás Neves foi o BNG, os Verdes e o PSOE. Porque en realidade, cando a política circulou arredor de novas alternativas, novas agrupacións de persoas e organizacións, aquí conformamos unha estrutura política arredor do BNG, asembleas abertas que agrupan todas as sensibilidades sociais que había presente en As Neves, de maneira que fomos capaces de facer cristalizar este proxecto alternativo aos gobernos populares dos últimos 32 anos. Como estaba? Digamos que estaba desactualizado, cremos que era un modelo de goberno tanto repetitivo e que estaba funcionando unha certa inercia, que nos arrastraba a entender a acción política dunha forma que non estaba a beneficiar a sociedade. A sociedade non se sentía debidamente representada polo grupo de goberno do Partido Popular e a tendencia social, mesmo poboacional, das Neves era negativa. O noso reto é invertir esa situación, é converter a sociedade das Neves nunha sociedade actualizada así como a oferta que pode ter este concello para desenvolver actividades en materia laboral e familiar, convertila en algo atractivo.

O que si é verdade é que o concello de As Neves ten pouca capacidade de manobra...entón onde se pode incidir para cambiar esta tendencia, como dicía antes?

■ Endúas cousas esenciais. Primeiro, nós consideramos que a 1ª razón que moveu a sociedade a este cambio foi que esta quere participar. E esaparticipación temos que garantirla desde as institucións, temos que crear mecanismos de participación que sexan útiles para a xente, onde consigamos unha co-responsabilidade social.

Unconcello como o noso, de 4100 habitantes, debe ser capaz de que a súa sociedade se involucre na toma das decisións que lle afectan. Darlle a cada un dos 4100 habitantes a oportunidade de ser

co-xerentes, co-participes, cando menos, desaacción política.

E esecamiño, o da consulta e o da participación, o de facer as peticións que a sociedade demanda, sendo conscientes das limitacións que ti apontabas ao principio que ten este concello, creo que abre unha maneira social na cousa pública, na cousa política. Iso para nós é esencial. A 2ª razón, evidentemente, é ter habilidade política suficiente para facer e presentar proxectos interesantes e constituirmos, xuntocon outros concellos da mesma natureza ca nosa, en instrumentos de chamada de atención dos poderes políticos que teñen capacidade económica suficiente para poder actuar sobre o medio rural, de tal maneira que este se vexa compensado este

presupostos participativos que se están pondo en marcha. Os próximos poderían ser?

Estamos pensando nunha praxe que xapracamos nacampañaelector, efectivamente nos dá resultado que a xente opine. Iso é o que queremos, que a xente opine, que fale, que diga o que se lleocurra, o que necesita e antes de abordar unproxecto terminado facer consulta, por se realmente eseprojecto é útil ou como se pode facermáis útil. É dicir, que a xente una a súaíntelixencia á nosa e polo tanto, alcanzaran caudal maior de coñecemento. A partir de aí, proxectos arredor de orzamentos participativos, elección directa de representantes, participación directa no pleno...todo ese caudal terémolo que ir poñendoen marcha, pouco

implementar medidas desta natureza: participación e elección, sobre todo de presenza da alcaldía nas estruturas parroquiais. A Alcaldía vai estar presente dentro das parroquias non só neste despacho, a alcaldía dentro das parroquias.

Este proxecto do que me falas é do BNG ou tamén o PSOE é co-partícipe, dalgúnxeito? É un acordo de goberno ou só se trata da filosofía do BNG?é compartida polo PSOE?

■ Ben, nace como dismoi acertadamente, da filosofía do BNG presente na nosacampaña e incorporouse como acordo de goberno, dentro do caudal das incorporacións políticas. Esta perspectiva de entender as relacións coa sociedade está plenamente incorporada como acordo de goberno e polo tanto, está no estilo de goberno que ámbalaspartesten pactado.

- As concellalías que o PSOE leva, tencompetencias delegadas?

Tenxestión, neste aspecto acordamos algo que é moi útil: facerun único goberno. Non constituímosdúas estruturas de poder, pretendemos unha única estrutura que funcione como un mecanismo que sirva para a fin para a cal foi constituída. O que fixemos foi delegar as xuntas de goberno local todas as competenciasdelegables da alcaldía, para que sexa a xunta de goberno local a que tome as decisións. Nin os concelleiros do BNG, nin os do PSOE, senón a xunta de goberno local que é a suma de ambos.

Tedesun problema de urbanismo, As Neves está senun plano de urbanismo, o Porto Seco, terra de ninguén...que pensadesfacerconiso?

■ En primeiro lugar, o concello de As Neves si que tenun plano xeraldebidamentevixente, conindependencia de que seguramente necesitasere toques, para podelofacermáis eficaz e útil.

Nós non vamos revisar por completo o plano xeral, non é o que temos quefacer neste momento. O que temos que facer é intentar que ese plano xeral responda ás necesidades da sociedade. Naqueles aspectos e modificacións que foranprecisos para a finalidade colectiva.

En 2º lugar, o tema de Pisán é su-

mamente complexo, levamos demasiados anos coneseproxectoenriba da mesa, con moitas indefinicións por parte das administracións que teñen a competencia para poder levalo a cabo. Demasiados anuncios e pouca Pisán.

Haiun territorio en terra de ninguén, efectivamente, pero As Neves non ten, neste momento, competencias sobre esa instalación, recae nunha administración, na Xunta de Galiza, que ten que dar resolución a ese problema, que se está convertendo en algo que hai que abordar.

Urbanismo está iniciando un procedemento de reposición de legalidade para que se repoña ao orixinario, case esemillón de m2 e recuperar a masa florestal. Nós cremos, desde a institución municipal, que é un labor titánico, por non dicirinviable, que hai que darlle unha soluciónintelixente que satisfaga a todas as partes e que sobre todo, acabe non sei como definilo...unha especie de promesapermanente e ao mesmo tempo unha frustración constante, e isohai que acabalo. As administracións temos a obriga de poñernos a traballar.

Entón o concello non ten competencias sobre ese territorio?

■ É o concelloquente que conceder, ao quedar fóra a Pisán, xa non é aquel acordo supramunicipal. A Xunta de Galiza sigue tendo a competencia para resolver os problemas que se estánxerando desde o punto de vista da titularidade. Nensequera o antigo propietario dunha parcela a tem recuperada. O concello non podería outorgar ningunha licencia a ningún particular, nada...porque haiun conflito de titularidade que teñen que resolver. Nós estamos dispostos a contribuir a esaresolución, como instrumento, pero non temos competencias para resolvelo. Queremos e cremos que deberesolverse.

Hai Festa do Viño este ano ou non?

■ Si, si, si, con toda rotundidadevai haber Festa do Viño. Non na altura que viña sendo habitual, trasládade a mediados de agosto, pero vai haber, está sen pechar aínda o programa. Será no fin de semana do 22 e 23 de agosto.

Graciñas por recibir As Novas do Eixo Atlántico.



proceso paulatino de cambio, debido ao abandono que durante estes últimos decenios leva sufrido. Invertamos polo tanto a tendencia, sexamosintelixentes para converter o medio rural nun lugar onde se viva mellor e poñamos ter a capacidade, cando menos, daquela persoa que vive noutro ámbito para desenvolvérmolos como sociedade do século XXI.

Cando falabas de facer partícipes os veciños, estabas pensando, por exemplo, nos

a pouco. Non podemos pretender, en cuestión dunmes, invertir de forma radical todo un caudal de estrutura política que se acumulou aquí durante 32 anos continuados. É certo que vamos necesitar tempo para que isso se poñaen marcha de maneira eficaz, pero o que si é certo é que non vamos deixar de facelo. Tere-mos que acomodar os ritmos, implementar o tempo necesario pero vamos empezar xa!!

E xa significa no mes de Setembro, que será cando comecemos a

Entrevista

“Hai outra maneira de facer as cousas”

Enrique Cabaleiro, alcalde

¿Goberno participativo logo dun goberno monolítico, como se leva?

■ Ben, mais alá das siglas o que ten claro todo o mundo son as prioridades para Tui. Moi satisfactorio e iso que o sinicios sempre son complexos.

¿Cales foron os principais problemas o repartir a tarta do goberno?

■ Non houbo practicamente dificultades, e para que isto funcione hai que velo coma un acordo de gobernabilidade. Todos asumimos renuncias os nosos postulados iniciais e isto fixo posible o pacto.

Tui é unha cidade con moita historia, sen embargo politicamente non está na parrilla de saída. ¿Que lle falta a tui para ser pioneira?

■ O que acaba de suceder, alternancia política. Tui é moi complexa socioloxicamente, é moi diferente o voto rural do urbano. Tui precisa que a súa xente vexa que hai outra maneira de facer as cousas. **Eurocidade, ¿que novo enfoque lle vai dar o novo goberno? ¿Cree que o futura pasa pola Eurorrexión Galia-Norte de Portugal?**

■ Cuestión prioritaria, creouse a concellería de Eurocidade e relacións supramunicipais. O futuro de Tui está en confluír con Valença. Hai que buscar a suma das dúas cidades nun ente con capacidade xurídica propia que serva pava como

fonte de captación de de recursos e investimentos.

A Eurorrexión debe ser o ente superior polo que pasa a Eurocidade, é básica para o desenvolvemento dos investimentos que proveñan da UE.

De entrada que, ¿que proxectos están sobre a mesa da Alcaldía e se van a acometer de inmediato?

■ A remodelación do casco urbano e a aprobación do paln especial do Casco histórico de Tui. Este paln incluíría a consecución de plazas de aparcamento e remodelación das rúas para pasar do aparcamento en liña o aparcamento en batería. Temos que mudar o sentido dalgunhas rúas de sentido dobre e pasalas a sentido único. É esencial para nós cambiar o modelo de cidade.

Temos tamén a necesidade de posta en valor do patrimonio natural. Sumamos esforzos tanto coa Consellería de Medio Rural coma co ministerio de Medio Ambiente para acometer inversións na area de influencia do río miño.

¿Que entendes que debía ter feito o anteior goberno e non fixo?

O que vamos a facer nós. A mellora e prestación de servizos os cidadáns, mantemento de instalacións deportivas e culturais, ademáis da creación dunha segunda gardería pública e dun centro de día.

Portugal-Norte

O PORTO

Festival bienal «Um Porto de Contos»

Este festival volta a encher a Invicta de contadores de historias, escritores, ilustradores e artistas de todo o mundo.



■ Caminhando entre contos. O Porto.

Este ano, a Casa das Artes será o palco privilegiado para partilhar historias, afetos e emocións, celebrando a oralidade e as narrativas. A Casa das artes vai ser sujeita a uma metamorfose para receber o público em vários espaços distintos, e nesta edição acrescentamos percursos pedonais pela cidade com histórias e lendas do Porto, Mercado Urban Market Era Uma vez by Portugal Lovers edição especial «Um Porto de Contos», Mercado de Livros e outros motivos de visita e escuta. No Festival Internacional de Narração Oral Um Porto de Contos há dezenas de eventos e atividades para pequenos e grandes: contos tradicionais, colóquios, tertúlias, música, gastronomia, massagem com histórias, cabina de contos da TKNT e networking literário...

Fernando Alvim será o mestre de ceri-

mónias da noite de Contos Vadios. Boniface O Fogo- narrador da República dos Camarões -um dos eleitos das Noites de Contos no espaço Zirin Zirin. Luandino Vieira-escritor angolano que recusou o prémio Camões em 2006- vai surpreender no espaço Maana, na Casa de Allen... entre outros grandes nomes. O encontro promovido pela Escola de Narração Oral Itinerante promete muitas surpresas com sabor a África.

Clara Haddad, diretora do festival – que conquistou recentemente o prémio de melhor contadora de histórias de língua portuguesa na Europa – será a anfitriã e contadora de serviço.

Seja aberta a palavra de 24 a 26 de Julho no auditório e jardins da Casa das Artes e na Casa de Allen.

www.umportodecontos.com



Entrevista

“Buscamos unha Salceda para vivir e disfrutar”, Marcos Besada, alcalde

Por: Guillermo Rodríguez

Logo dos resultados das pasadas eleccións municipais iremos visitando os distintos gobernos galegos, sobre todo os que cambiaron de “cabeza” ou que quitaron un resultado importante que lles vai permitir seguir gobernando con certa tranquilidade. Un destes concellos foi o de Salceda, composto ata agora, por dúas forzas políticas, Proxecto Salceda e PSdeG-PSOE, e que nesta lexislatura, parece ser que vai gobernar o mesmo alcalde nacionalista e de esquerdas, como el gusta describirse, pero en solitario. Nun dos Plenos celebrado estes días os socialistas non estiveron de acordo coas propostas do equipo de goberno; propostas que foron aprobadas días despois.

Falamos con Marcos Besada, alcalde de Salceda novamente, para coñecer de primeira man os seus proxectos de futuro.

Imos aló, Alcalde, como din os do Baixo Minho. Cos resultados na man como ves o panorama político á hora de gobernar, non tendo maioría. Esperas máis tensións ou menos que a pasada lexislatura?

■ Os veciños respostaron a un traballo complexo, pero apaiñoante que significou a transformación de Salceda que aínda está en marcha; quedan moitas cousas que facer.

Xa no 2007 coa caída do Partido Popular iniciouse unha nova etapa que se revalidou no 2011 e voltou a confirmarse nestas últimas eleccións. Os veciños dixerón que o nacionalismo tiña que dirixir ese proceso de transformación pero tamén dixerón que os socialistas deberan estar presentes; o PSOE decidiu non compartir o goberno con nós; eu respecto esa decisión aínda que non a comparto. Creo no diálogo permanente como ferramenta para ese cambio e transformación de Salceda, polo que entendo pouco vai variar porque o caudal político que o pobo nos concedeu así o determina estando, como non pode ser doutro xeito, dispostos a sumar iniciativas e aportación dos demais grupos políticos ou da propia sociedade, sempre que sexan bós e útiles para o pobo de Salceda.

Que o PP non vai colaborar co goberno entra dentro da lóxica política habitual, pero que os socialistas, que ampliaron a súa representación, decidan non co-gobernar co Proxecto Salceda paréceme un pouco raro. Que opina Marcos Besada desa decisión?

■ Paréceme un erro; e así o entende moita xente tamén, porque non reflicte o que dixó o pobo de Salceda nas urnas. Vai haber un cambio importante nos poderes provinciais; aí está a Área Metropolitana, o Alcalde de Vigo, socialista, cun enorme cau-

dal político, o socialismo vai presidir a Deputación de Pontevedra, polo que neste novo contexto faise menos entendible a postura dos socialistas de Salceda. A nós, a min como Alcalde, tócanos continuar con esa transformación de Salceda á que antes aludía e ímolo facer, cos consensos que sexan necesarios tanto co PSOE como co PP, que non debemos ignorar que está gobernando, aínda, moitas das Administracións Públicas.

Que espera o Alcalde de Salceda da Deputación nesta nova etapa?

■ Creo que o cambio na Deputación de Pontevedra é histórico. Entendo que o socialismo e o nacionalismo teñen que ser xenerosos e intelixentes para dificultar a volta ao PP á dirección destes entes públicos, aínda que entenda tamén que deben desaparecer; pero namentras isto non ocorra temos que aproveitar o enorme poder, sobre todo económico, que posúen e así cambiar o rumbo dos acontecementos que se veñen producindo ata agora; esperando tamén que esa dinámica caciquil, santo e seña da Deputación de Pontevedra cambie para unha mellor distribución dos recursos ao servizo dos veciños/as de Pontevedra e, por suposto, tamén do concello de Salceda.

Que o Partido Popular pretende que o nacionalismo non teña presenza importante na sociedade galega é sabido, pero tamén é sabido que os socialistas non están, precisamente, animados a que o nacionalismo sexa forte porque iso vailles restar poder na sociedade galega. Non teme Marcos Besada esta posible postura dos socialistas?

■ O expresidente de Uruguai, Pepe Mujica, dixó que a gran patoloxía que ten a dereita é o totalitarismo (os populares estano demostrando cada día), e a pa-



toloxía da esquerda é o infantilismo. Creo que entre o socialismo e o nacionalismo faltou unha grande dose de xenerosidade. Non podemos confundir enemigo con adversario. Evidentemente, cando se presentan unhas eleccións cada quen pretende acadar unha maior cuota de caudal político que nos dan os cidadáns, pero logo temos que ser conscientes que o enemigo político a bater é o Partido Popular; a brigada de demolición das conquistas sociais é o Partido Popular, polo que temos que acadar consensos e ser xenerosos, recoñecerlle a cada quen os seus méritos dende esas diferenzas que existen e seguirán existindo. Buscar puntos de encontro necesarios para transformar o País, e no conxunto do Estado Español conseguir ese obxectivo que nós temos claro debe ser a consecución dun Estado plurinacional, pluricultural

e plurilingüístico no que todos nos sintamos cómodos. Esa entidade ata agora non foi posible pero creo ten que ser o noso obxectivo fundamental porque, repito, o noso enemigo político é o Partido Popular.

Todo iso está moi ben, pero o Alcalde de Salceda sabe perfectamente que a orixe das Deputacións estivo na necesidade de completar os servizos mínimos aos cidadáns os pequenos concellos non podían facelo. Ou sexa, non naceron para invertir nos grandes concellos, chámese Vigo, Pontevedra, Vilagarcía,...se falamos de Pontevedra. Non teme Marcos Besada que agora que Abel Caballero vai controlar a Deputación poida invertir en Vigo grandes sumas de recursos provinciais en perxuizo dos pequenos concellos como é o caso de Salceda?

■ Efectivamente as Deputacións

son un invento do modelo centralista do século XIX. A Constitución Española no momento en que aparecen as Comunidades Autónomas debeu eliminalas e non o fixo. Son entes político que se interpoñen entre os concellos, as Comunidades Autónomas e o propio Goberno Central. Son meros intermediarios e como tales quédanse cunha sustanciosa parte de libre disposición do Presidente e do equipo do goberno que lles serve para caciquear e favorecer aos intereses partidistas do partido ao que pertencen. É algo que urxe eliminar. Dito isto é certo, como vde. apuntaba, que as Deputacións nacen para colaborar e axudar tanto economicamente com o administrativamente aos pequenos concellos que pola súa reducida dimensión non teñen recursos para prestarle aos seus cidadáns e cidadás os servizos que merecen. Se embargo foron adicadas dende sempre para servir de palanca caciquil e partidista a todos os que chegaron aos seus órganos de Poder. Nalgúns casos, léase Pontevedra, por exemplo, o que fixeron foi crea unha Xunta-BIS, suplantando o seu poder e solapando as súas obrigas sempre, claro está, para favorecer aos seus. Polo tanto o obxectivo é a súa eliminación pero mentras ese momento legal non chegue hai que, polo menos, adecentar o seu comportamento e facelo democrático.

Salceda está situada nun punto, digamos, estratéxico. A un paso de Vigo, con dous polígonos industriais potentes a poucos kilómetros e na dirección de Portugal-Norte. Que lle di isto ao Alcalde como elemento positivo para o seu desenvolvemento?

■ A situación de Salceda é extraordinaria. Estamos na Área Metropolitana de Vigo, estamos, efectivamente, no eixo Vigo-

Entrevista

Porto. Temos unha poboación que é unha das máis novas do País; lideramos o nivel de nacementos cunha idade media de 38´7 anos. Temos garantido demográficamente o futuro do Concello. Por todas estas cousas a nosa obsesión como políticos obrigados a mellorar o nivel de vida dos nosos veciños e facer de Salceda un lugar acolledor, agradable e solidario; non que todos nos sintamos ben; no que tratemos de buscar traballo aquí ou nos arredores para voltar a Salceda e disfrutar das súas comodidades. Salceda ten que ser unha vila afectiva para a xente, para os veciños, non para as empresas contaminantes que nos estropeen a atmósfera que queremos respirar limpa de calquera componente nocivo para a saúde. Ese é o noso reto: Salceda para vivir, para disfrutar; nos arredores temos empresas, lugares de traballo que logo disfrutan aquí, nas nosas prazas, nas nosas ribeiras, nos nosos ríos e montes. Iso é o futuro de Salceda. As reválidas do 2011 e 2015 dixéronnos que estamos no camiño correcto. Logo ese é o noso obxectivo; agora hai que poñer a sociedade a traballar entre todos e todas, sabendo que o modelo municipal está pensado, basicamente, para as persoas. Serán estas as que nos quiten ou dean a razón.

Cando remata unha lexislatura sempre quedan cousas sen finalizar. Que lle quedou ao goberno de Salceda pendente e que proxectos vai acometer xa a curto prazo?

■ Calquera que veña a Salceda pode comprobar que dende o ano 2007 houbo un cambio brutal; esta Salceda de hoxe pouco ten que ver con aquela que nós herdamos. Claro quera inda temos moito que facer, pero esta vila pode ser homologable a moitas outras de maior entidade de poboación e de recursos das que hai no noso entorno: saneamento e abastecemento da auga; acceso á fibra óptica de R; novas enerxías como é o gas natural, etc. Temos un nivel de Servizos Sociais moi potente e diferenciado, o único que nos queda é un digno Centro de Saúde que data de 1975, que non cumpre cos ratios mínimos de asistencia social e médica. Esperamos que a Xunta non nos deixe tirados por máis tempo, pero namentras nós temos que ir capeando o temporal colaborando cos nosos escasos recursos para que o sevizo aos salcedenses sexa o máis grato e digno posible. Seguiremos traballando no proceso de saneamento integral do concello (un paso adiante importantísimo foi o Consorcio

de Augas do Louro, xunto a Mos, Porriño e Tui). Tentaremos que nos próximos anos preto das 4.000 vivendas que hai no concello estean saneadas e, ademais, taballaremos no Plan Xeral que vai determinar o modelo de futuro deste concello, intentando que nas parroquias se garanta o libre acceso á construción de vivendas por parte dos veciños desas parroquias, mellorando e ordenando a vila da Esfarrapada, parte esencial do

lativo onde, neste caso o PP e o seu daquela alcalde, tiñan un papel fundamental. O resultado témolo na vila da Esfarrapada. Levamos invertido unha importante cantidade de diñeiro para tentar modificar o modelo para que non sirva só a unhas cantas persoas (neste caso foi o Alcalde anterior quen máis se aproveitou), que sirva para todos os cidadáns: recuperar os espazos públicos para as persoas, mellorar os servizos de benestar so-

calde nacionalista e de esquerdas, com o vde. se define, o momento actual do nacionalismo galego?

De entrada deixar claro que Galicia é unha Nación, e así está recoñecida na Constitución Española. Para Galicia o positivo é a existencia dun nacionalismo forte e organizado. A Casa Común, que foi o BNG, deixou de ser a "casa común". Supoño que todos temos unha parte de responsabilidade que así fora. Polo

as mareas, as agrupacións de electores, etc. que foron expresións diferentes pero todos teñen un denominador común: defender os dereitos dos cidadáns, sociais, laborais e tamén confirmar a pertenza de Galicia a un Estado plurinacional que debe respectar., precisamente., eses valores diferenciais. Todo isto temos que aproveitalo pero para elo, insisto, vai facernos falta moita xenerosidade, moito diálogo e sobre todo que os modelos de Casa Común non estean baseados na sumisión as minorías organizadas, senón algo de amplo espectro. Pensó que o País pode confiar no nacionalismo. **Nestes momentos fálase de que o nacionalismo vai facer un ensaio de converxencia das distintas familias o día 25 Día da Patria, que sería preludio dunha Candidatura nacionalista para as Eleccións Xerais previstas para o mes de decembro. Como ve o Alcalde de Salceda este novo intento de conxunción nacionalista?**

■ Creo que na vida, na política, os xestos son importantes; hai que ir aunando esforzos con sentido común que é a defensa dos intereses do País e, por suposto, nos órganos do Estado Español tómanse decisións importantes. O 68% dos españois non votaron a Constitución actual, polo tanto creo que temos dereito democrático a escoller o modelo de País, de Estado do século XXI. Incluso temos dereito a equivocarnos. Puidera ocorrer que elixiramos un modelo que non mellorara o existente, pero, en todo caso era o noso modelo, o que nós decidimos. En canto ao papel de Galicia está claro; mentras Cataluña e Euskadi están xa tomando posición, entendo que Galicia ten que estar representada con voz propia para a defensa dos intereses desta nación, que somos, no futuro Congreso dos Deputados. Tendo en conta que a unión fai a forza temos que buscar puntos de encontro, consensos, negociacións, sen apriorismos. Se o Día da Patria se pode visualizar ese proceso mellor que mellor. E un como alcalde de Salceda e como nacionalista de esquerda farei todo o posible para que esa conxunción de forzas se produza. Entende que Galicia xógase moito neste proceso polo que o nacionalismo ten que ter un papel fundamental, porque se nós non nos gobernamos a nós mesmos, se non tomamos as nosas decisións van ser outros os que o fagan., Por iso espero que fructifiquen todos estes intentos que están agromando porque iso irá en beneficio do pobo galego. **Grazas alcalde.**



concello, e tentando que un espazo esencial para nós, como é a área do Cerquido se teñan en conta os seus valores residenciais, medioambientais e industriais. Sempre co obxectivo de mellorar a vida dos veciños/as de Salceda.

Falando de Plan Xeral e de inmobiliarias. Alcalde, a burbulla inmobiliaria como lle afectou a Salceda?

■ Salceda tamén se viu afectada polo boom inmobiliario asociado á especulación financeira e por tanto urbanística. Un modelo especulativo que se repetiu en moitos lugares do País e do Estado Español. Un modelo especu-

cial; ese é o modelo que creo máis favorece a unha maioría social de Salceda. Modelo no que profundizaremos respectando, como non podía ser outro xeito, os dereitos urbanísticos de cada quen.

Perom sen esquecer que este Alcalde dende unha perspectiva nacionalista e de esquerdas traballará para que eses beneficios se vexan reflexados na vida e no lecer de todos os veciños/as de Salceda.

Alcalde, acaba de citar dous termos moi actuais: o nacionalismo de esquerdas. O nacionalismo anda esta tempada un tanto convulso. Como ve un Al-

tanto creo que hoxe o nacionalismo esixe outra maneira de presentarse. Temos que ter en conta as novas realidades e os que traballamos a pé de obra, concelleiros e alcaldes, somos os que lle vemos aos ollos aos nacionalistas. Entendo que o pasado 24 de maio, lonxe do que moitos auguraban ía ser unha desfeita non foi tal; aí están os corenta tantos alcaldes nacionalistas e a presenza do nacionalismo noutras instancias de Poder, como poden ser as Deputacións. Iso venenos a dicir que posiblemente non sexa preciso unha Casa Común, senón que por outro tipo de fórmulas como

Salceda

Programación cultural de Salceda

Xoves 2

Grupo de Playbacks do Centro Cultural de San Xurxo. 22:30. Praza do Concello.

Venres 3

Feira medieval. 17:00 – 22:00. Praza do Concello. Organiza ACISA - Exhibición cetrería. 20:00. Parque Raíña Aragonta. Exhibición Wushu (arte marcial chinesa). Escola de Wushu Shaolin Lao Hu. 21:00. Praza do Concello

Entroido de Verán. 23:59. Torreiro de festas de Santa María. Organiza A. X. Nós Somos Nós. **Sábado 4**

Feira medieval. 10:00 – 22:00. Praza do Concello. Organiza ACISA - Exhibición cetrería. 13:00 e 20:00. Parque Raíña Aragonta. Domingo 5

Feira medieval. 10:00 – 22:00. Praza do Concello. Organiza ACISA - Exhibición cetrería. 13:00 e 20:00. Parque Raíña Aragonta.

Martes 7

Grupo de clarinetes do Conservatorio de Tui. 21:30. Praza do Concello.

Alumnos/as da Escola de Música de Salceda: Acordeón, guitarra e gaita. 22:30. Praza do Concello.

Mércores 8

Grupo de Playbacks do Centro Cultural O Coto de Budiño. 22:30. Praza do Concello. **Xoves 9**

Festa da espuma. 17:00. Praza do Concello.

Cóntoche un traxe. Con Montse Rivera. Actividade de coñecemento do traxe antigo galego para tódalas idades 20:00. Casa da Cultura.

Festival folclórico de Salceda. 22:30. Parque Raíña Aragonta. Grupo Folclórico de Castro Barreiro Grupo Folclórico Xunco (Parderrubias) Grupo Folclórico O Serán (Salceda) Grupo Folclórico O Freixo (Entenza)

Venres 10

Contacontos para bebés de 0 a 3 anos. 18:00. Casa da Cultura Castelao. Prazas limitadas. Inscripción previa na Casa da Cultura.

Mostra de Danza Oriental. María Rebo-
reda. 21:00. Auditorio Municipal.

Grupo de teatro de Castro Barreiro: “Os tres grandes sinvergoñas”. 22:30. Praza do Concello.

Sábado 11

XII Rallye Sur do Condado. Parque de Regrupamento. 9:49 e 18:24. Praza do Concello.

XXIV Certame de Bandas de Música. 21:30. Praza do Concello. Banda de Música de Sanxenxo Banda de Música do Rosal Banda Cultural de Salceda

Domingo 12

Roteiro de coñecemento botánico. 10:00. Saída do Antigo Matadoiro (Senda do Landres)

Sesión de astronomía. 21:00. Espicho do Faro (Entenza) **Luns 13**

Día da infancia: hinchables, obradoiros... 17:00. Parque da Gándara

Grupo de Playbacks do Centro Cultural do

Borralliño (Soutelo). 22:30. Praza do Concello.

Martes 14

Obradoiro de Percusión con Refugалlos. A partires das 19:00 repartidos por grupos de idades. Auditorio Municipal. A partires de 3 anos. Prazas limitadas. Inscripciones en cultura@salcedadecaselas.es ou na Casa da Cultura.

Grupo de Playbacks da Agrupación Cultural Xunco (Parderrubias). 22:30. Praza do Concello.

Mércores 15

Virandeira Folk en Concerto. 22:30. Praza do Concello.

Xoves 16

Donicelas Folk en Concerto. 22:30. Praza do Concello.

Venres 17

Exhibición de Taekwondo. Club Yidam. 21:00. Parque Raíña Aragonta.

Festival de Canción. 22:30. Praza do Concello. Inscripciones previas para participar en cultura@salcedadecaselas.es ou na Concellaría de Cultura. Casting de selección o luns 13.

Sábado 18

20:00 Desfile Agrupación Gaiteira de Salceda polas rúas da vila 22:00 VI Estou-
razo de inicio das festas. Praza do Concello 23:00 Verbena co Grupo Aleluia e a Orquestra Costa Blanca

Domingo 19 11:45 Entrada da Banda Cultural de Salceda 12:00 IV Acto Home-
naxe a Salcedenses Distinguidos 12:30 Misa cantada pola Coral Polifónica de Santa María de Salceda 13:30 e 21:00 Concertos da Banda Cultural de Salceda 22:00 Verbena coas Orquestras Ismael e Marimba Luns 20 19:00 Xincana en familia en bicicleta. Saída da Praza do Concello.

Inscripcións en cultura@salcedadecaselas.es ou na Casa da Cultura. Grupos de 6 a 12 persoas. 21:00 Clase aberta de Zumba. Praza do Concello. Instructura: Margarida Rodríguez 22:30 Verbena coas Orquestras Principal e Tango



Salceda acollerá o I Festival Solidario da Canción

A Concellaría de Cultura e Benestar Social do Concello de Salceda de Caselas organiza o I Festival Solidario da Canción, que terá lugar na Praza do Concello o venres 17 de xullo, pechando a programación do Verán Cultural. Con esta iniciativa preténdese realizar unha gran recollida de alimentos non perecedeiros que serán destinados ao Programa de Alimentos do Concello de Salceda.

O festival basearase na interpretación de temas en directo polos aficionados ao mundo da canción, nun festival de karaoke que pretende ser o primeiro de moitos. As interesadas e os interesados en participar poden anotarse na Concellaría de Cultura ou por mail encultura@salcedadecaselas.es, e serán convocados a un casting de selección o luns día 13 no Auditorio Municipal. O prazo de inscrición permanece xa aberto, polo que se anima a tódolos interesados que queiran participar a que se anoten canto antes.

O festival busca dous obxectivos claros. Por unha banda pretende servir de plataforma para os aficionados ao karaoke de Salceda e arredores, que terán así unha nova forma de darse a coñecer ante o público. E por outra banda, establécese tamén o obxectivo solidario, coa recollida de alimentos que se levará a cabo entre os asistentes.

Dende a organización animan tanto a participantes como a público a asistir ao evento, que dará paso á celebración das Festas do Cristo os días 18, 19 e 20 de xullo. “Queremos que sexa un gran acontecemento, e que ademais sirva para axudar ás familias máis desfavorecidas. Nestes momentos nos que hai tantas persoas atravesando situación delicadas, estamos seguros de que Salceda amosará unha vez máis o seu lado solidario, como xa ven demostrando noutras ocasións”, afirma Teresa Pérez, Concelleira de Cultura e Benestar Social.

Salceda únese ás celebracións da Semana LGBT



O Concello de Salceda participa nas reivindicacións da Semana adicada á comunidade gai, lesbica, bisexual e transexual. Para iso vense de colocar a bandeira representativa deste colectivo no balcón da Casa da Cultura Castelao, na mesma Praza do Concello, que lucirá durante estes días.

Por outra banda, Salceda será o primeiro Concello da provincia de Pontevedra en celebrar un acto específico para a concienciación e coñecemento da transexualidade infantil, en colaboración con Chrysallis, a Asociación Estatal de Familias de Menores Transexuais. Será o domingo 28 a partires das 21:00 na mesma

Praza do Concello, onde cativos e maiores poderán realizar diversas actividades encamiñadas á difusión da situación dos menores transexuais: pintar murais, contacontos, proxección de documentais...

Teresa Pérez, Concelleira de Benestar Social: “As Administracións públicas deben fomentar o respecto a todo tipo de condición e identidade sexual, e o Concello de Salceda vai poñer todo o que estea na nosa man para que así sexa. Non queremos que isto se quede nun día ou nunha semana específicos, senon que no día a día todas as persoas se sintan respetadas sexa cal sexa a súa condición

Salceda

Verónica Tourón, nova secretaria dos socialistas de Salceda

Agrupación Socialista de Salceda conta con nova Secretaria Xeral, Verónica Tourón, portavoz socialista no concello de Salceda e que ven de substituír no cargo a Rodrigo Martínez.

Os socialistas consideran que é a persoa idónea para encabezar a agrupación e o novo proxecto político do partido socialista en Salceda despois das pasadas eleccións do 24 de maio, onde os socialistas conseguiron duplicar a súa representatividade. A Asemblea aprobou por unanimidade a decisión da executiva local.

Asemade, a secretaria de organización pasa a mans da ata entón vicesecretaria de organización Patricia González que substitúe a Marina Cabaleiro, anterior portavoz socialista.

A nova secretaria xeral animou ós progresistas de Salceda a confiar no PSOE, cun novo proxecto baseado na tolerancia e a participación da cidadanía. É hora de que o PSOE teña ambición de futuro, as pasadas eleccións comezamos un novo camiño, e queremos demostrar dende a humildade e o compromiso, que somos a alternativa de goberno.

Patricia González, a nova Secretaria de Organización, subliña: agora máis que

nunca queremos seguir a traballar por e para todos os veciños e veciñas de Salceda, neste novo reto que se nos presenta, facendo un traballo construtivo e respectuoso, seguindo como ata o de agora a disposición de tódolos veciños para que nos amosen as súas inquedanzas, e para conseguir do noso, un concello no que todos contemos cunha mellor calidade de vida e servizos adaptados as novas demandas saciáis do momento”.

Verónica Tourón, explica “as peticións dos meus compañeiros e compañeiras de partido e o meu compromiso e responsabilidade co grupo socialista e cos veciños e veciñas de Salceda, animáronme a afrontar este novo reto despois das eleccións municipais”.

Polo tanto, a Executiva Local do PSOE de Salceda pasa a estar formada por:

- Secretaría Xeral: Verónica Tourón Domínguez.
- Secretaría de Organización: Patricia González Groba.
- Secretaría de Política Municipal: Luís Pereira Álvarez.

Salceda de Caselas, 29 de xuño de 2015



■ Patricia González (Secretaría de Organización) e Verónica Tourón (Secretaría Xeral).

Montse Rivera leva “Cóntoche un traxe” a Salceda de Caselas

Dentro da programación do Verán Cultural, a Casa da Cultura Castelao acollerá a actividade de Montse Rivera “Cóntoche un traxe” o vindeiro xoves 9 a partires das 20:00 horas. A entrada é de balde ata completar aforo.



Montse Rivera comezou a interesarse polo mundo da tradición hai 30 anos. Foron moitos os pobos de Galicia que visitou, moitas as persoas coas que falou e ás que lles preguntou por como se divertían cando eran mozos, que cantaban, que bailaban, a que xogaban e como era a roupa que levaban. Despois de traballar moitos anos en grupos de renome moi preocupados pola recuperación e evolución do vestuario tradicional como Leilía, Brincadeira, Cantigas e Agarimos... nos que hai un grande interese en reproducir a maneira que tiñan de vestirse os nosos devanceiros, Montse propón nestes momentos unha actividade para reflexionarmos sobre como nos vestiamos antes e como nos vestimos agora. Unha maneira de intentar que non se perda esta parte de nós que cada día vai quedando máis esquecida e só relegada a aquelas agrupacións

folclóricas que buscan manter vivos aqueles traxes que se usaban antano.

Dunha maneira dinámica e amena fai unha viaxe no tempo para ver como era o vestuario dos nosos tatara-tatara-avós. A narración vai acompañada de cantigas referidas ás pezas de roupa que os vestían, poemas de grandes da literatura galega nos que se alude a pezas do vestuario decimonónico e de proxeccións de imaxes de traxes tradicionais e materias cos que se fabricaban as teas; e tamén, o máis importante, manipúlanse estas pezas de roupa, e catro asistentes, dous voluntarios e dúas voluntarias, acabarán a charla vestidos como os seus tatara-tatara-avós.

O resto dos asistentes a esta charla, para que poidan levar un recordo da mesma, xa que non todos se van poder vestir, poderanse sacar unha foto nun fotocall dunha parella vestida ó xeito tradicional.

Entrevista

Rafael Cuíña, alcalde de Lalín: “Son un alcalde que intenta estar cos problemas dos cidadáns, e si eso é ser un “alcalde rebelde” eu son un deles”

-“Dende Lalín esperamos ter un papel importante no Eixo Atlántico como centro de opinión do futuro da Eurorrexión”

-“Eu síntome perfectamente representado polo galego e polo portugués, o reintegracionismo e o galego normativo, todas elas teñen un tronco común”

O novo alcalde de Lalín, Rafa Cuíña, leva dende que tomou posesión o pasado mes de xuño poñéndolle “as pilas” a un consistorio que levaba 25 anos en mans de cómodas maiorías do PP. Dende a súa chegada á Alcaldía Rafa Cuíña tén ao seu equipo traballando de 14 a 15 horas diarias para “tomar as riendas” do Concello, todo elo tendo ademais presenza nas rúas para que os veciños e veciñas se acostumen ao novo modo de facer política que con Cuíña aterrou en Lalín.

O primeiro día como alcalde quitou unha farola incrustada nunha sobreira en Bermés, unha reivindicación histórica dos veciños e veciñas. Dende entón Rafa Cuíña racha cun molde cada día, dende o cesamento dos alcaldes pedáneos ata abandeirar as loitas do sector gandeiro no Deza. **Foi vostede unha das grandes sorpresas das eleccións municipais de maio, ¿agardaba o resultado acadado e desbancar ao PP despois de 25 anos cómodamente na Alcaldía de Lalín?**

■ Eu sentía que había unha fiestra de oportunidade, tiña algún datos ao respecto, sabía que non ía ser fácil pero que había unha posibilidade e

un sentimento de cambio entre os cidadáns, e finalmente pois así foi.

¿Rafa Cuíña é un deses aos que chaman agora “alcaldes rebeldes”?

■ Eu penso que estou demostrando todos os días que son un alcalde que intenta estar cos problemas básicos dos cidadáns, co que a xente precisa, e si eso é ser rebelde eu son un deles. **O pacto de goberno co PSOE e APAC foi un dos máis rápidos acadados no Estado despois das eleccións, e un dos menos problemáticos, ¿cal é a fórmula?**

■ A fórmula é a racionalidade, os nosos programas electorais eran moi coincidentes nos principios básicos e había unas gañas de cambio, o que propiciou que na mesma noite electoral xa tivéramos un acordó para a investidura, e nos días seguintes o acordo de goberno que nese momento e a día de hoxe funciona como unha balsa de aceite no que nós chamamos un goberno de integración.

Leva xa un mes como alcalde de Lalín, e neste tempo ten feito xa moitas cousas, ¿cal é o seu balance deste tempo no goberno municipal?

■ É moi prematuro facer agora un balance pero o que si podo dicir é que

estamos a desenvolver xornadas de traballo de 14 e 15 horas diarias para tomar as rendas do concello e repartir o traballo entre os concelleiros. O que estamos a facer ademais é que a Alcaldía estea presente na rúa e entre os comerciantes e empresarios para acostumar aos lalinenses a este novo goberno, para iso estamos a adicarlle moitas horas.

Falouse de facer unha auditoría no Concello coa súa chegada ao goberno, ¿qué atopou?

■ Estamos a facer unha auditoría interna e de momento o que atopamos son cousas coma servizos básicos sen contrato, pagos irregulares, emisión irregular de facturas, sin contratar a brigada de incendios ou no caso do servizo de mantemento no casco urbano e no rural. Eu penso que o PP pensaba que ía seguir no goberno e deixou as cousas do xeito que as estamos atopando.

O cesamento dos pedáneos foi unha das medidas que tomou neste tempo que máis críticas desataron dende as filas do PP. ¿Cómo van a ser os novos alcaldes de aldea?

■ Son conceptos distintos, os pedáneos mesmo teñen un concepto relixioso, no caso dos alcaldes de aldea son escollidos democráticamente polos veciños e veciñas, algo que ata o de agora só pasaba en 4 ou 5 parroquias das 52 que ten Lalín. Non é unha análise das persoas, pero si é certo que algúns deles actuaban coma auténticos comisarios políticos. Así que nos vindeiros 6 ou 8 meses elixiránse aos novos alcaldes de aldea, dun xeito democrático. Nós non temos nada contra as persoas, pero si contra o concepto do que ata o de agora eran os pedáneos, que por certo cesaron automaticamente coa convocatoria de eleccións e a constitución da nova corporación municipal.

Na última reunión do Eixo Atlántico en Viana do Castelo ofrecéronlle a vicepresidencia deste organismo e vostede cedeulla ao alcalde do Barco de Valdeorras, ¿cáles foron os motivos desta decisión?

■ Trátase dun cargo rotatorio e ofrecéronos a vicepresidencia aos dous alcaldes, ao do Barco e a min, eu expliquei xa nese momento que estou



centrado no Concello de Lalín e non teño tempo e cedín esa vicepresidencia pero non é algo que sexa un mérito, neste momento preciso moitas horas para a Alcaldía de Lalín e considereí que era mellor que o alcalde do Barco fixera esa labor no Eixo Atlántico.

¿Qué papel pode representar Lalín no futuro da Eurorrexión?

■ Eu penso que é moi positiva a existencia do Eixo Atlántico para potenciar proxectos empresariais na Eurorrexión, ou en materias coma as subvencións da Unión Europea, potenciar os camiños de Santiago dos que dous deles pasan por Lalín. Dende o Concello de Lalín esperamos ter un papel importante dentro do Eixo Atlántico como centro de opinión e de deseño de futuras políticas para a Eurorrexión.

A confluencia de Galicia e Portugal na Eurorrexión téñen aberto tamén un debate entornado ao chamado reintegracionismo dentro do que é o idioma galego, ¿qué pensa Rafa Cuíña a este respecto?

■ Eu síntome perfectamente representado polo galego, polo portugués, o reintegracionismo e mesmo o galego normativo, porque todas elas teñen un tronco común e non entro nesas distincións que a poboación non entende e que parten só de

mentes bastante aburridas.

Á súa chegada á Alcaldía de Lalín amosouse bastante preocupado polo descenso poboacional e a posibilidade de que Lalín baixe da categoría dos 20.000 habitantes, ¿Qué está a facer o seu goberno diante deste problema?

■ Estou bastante preocupado por ese tema e nos vindeiros días dende o Concello imos presentar unha batería de medidas para evitar co noso esforzo que Lalín baixe de categoría. Eso implicaría por exemplo que os servizos sociais deixarían de ser competencia municipal e para nós iso é un gran problema porque a política social é un dos eixos do noso programa, nós queremos facer política social e sería un golpe demoledor.

Unha solución para este tema pasaría polas chamadas fusións de concellos que no Deza están bastante aceptadas?

■ Poderíamos ir a unha reagrupación de concellos porque actualmente na Comarca do Deza hai concellos que pola súa dimensión non teñen demasiado sentido, e non poden manterse só en base a persoalismos. Temos que mirar para o caso de Grecia, que pasou de 35.000 a 3.500 concellos, porque hai que racionalizar e o que a xente non quixo no seu momento hai que facelo agora.



Guía gastronómica

"A primeira pinchoteca do Condado/Paradanta"

Despois de dedicarse 20 anos a "servir a noite", Pablo (A BASE) cambiou o seu reloxo laboral e púxose á fronte da primeira pinchoteca do Condado/Paradanta. Unha das poucas que existen en Galicia con este oferta e dedicación.

Dende setembro do pasado ano (está a punto de celebrar o seu primeiro aniversario), aquí podemos degustar a maior variedade de pinchos gartis (isto é a novidade) que calquera puidera desexar, e unha variedade de viños, todos con Riveira Sacra pasando polo Condado, o Rosal, O Riveiro, O Salnés, etc. etc. O cliente tamén pode solici-

riedade de pinchos gartis (isto é a novidade) que calquera puidera desexar, e unha variedade de viños, todos con Riveira Sacra pasando polo Condado, o Rosal, O Riveiro, O Salnés, etc. etc. O cliente tamén pode solici-

*Atención ao horario:
Apertura de mércores a domingo:
de 12 a 4 da tarde
e de 7 a 12 da noite*

denominación de orixe, por suposto, que van desde a Rioxa, á tar croquetas caseiras, xamón, ensaladilla, etc.



Restaurante O'Rianxo
Algo diferente no Condado
Novo local



Terraza de verano interior
Ctra. N-120
Vilasobroso - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Telf.: +34 986 654 434

el Cuatro
PINCHOTECA

Rúa Trobador X. García de Guillade, 4 - Ponteareas

Pizzeria D'Camilo



V.P. Vidal, 25
Salceda de Caselas
Telf.: 986 34 06 61

Modaguilla Z-9



C/ Doctor Zonzunegui N° 11
Telf.: 986 34 78 07 - Salceda de Caselas

Redondela

“Unha viaxe, unha biblioteca”, concurso en Instagram das Bibliotecas de Redondela

As bibliotecas municipais de Redondela estean presenza en Instagram co concurso “Unha viaxe, unha biblioteca” que quere ser unha homenaxe moi especial a todas as bibliotecas do país.

Todos os que desexen participar (maiores de 18 anos e residentes en Galicia) poden subir unha fotografía na plataforma Instagram coa etiqueta #viaxebiblioteca, onde apareza o propio participante diante ou no interior da biblioteca do seu lugar de vacacións ou da vila que visite nesta época estival, incluíndo na descripción da fotografía o nome do lugar onde se tomou.

O concurso comezou o 1 de xuño e finalizará o día 15 de setembro deste ano en curso.

As bases do concurso, así como a resolución do xurado, composto por membros da Asociación de Amigos das Bibliotecas Municipais de Redondela e que se emitirá o día 30 de setembro, poden consultarse nas redes sociais das Bibliotecas de Redondela

<https://www.facebook.com/bibliotecas.de.redondela>

<http://bibliotecasredondela.blogspot.com.es/>

e na páxina web do Concello de Redondela <http://www.redondela.gal>

Unha VIAXE, unha BIBLIOTECA
Fotografiate diante da biblioteca do teu lugar de vacacións

Verán 2015

Sube as túas fotos a INSTAGRAM co hashtag #viaxebiblioteca Desde o 1 de xullo ata o 15 de setembro

Bases do concurso en:
<http://bibliotecasredondela.blogspot.com/>
<https://www.facebook.com/bibliotecas.de.redondela>

BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DE REDONDELA
GOBERNADOR MUNICIPAL DE REDONDELA
Miguel Ángel Vázquez
Teléfono: 981 54 11 11

O Morrazo

FECIMO lanza o portal VIVE O MORRAZO en colaboración cos concellos de Bueu, Cangas e Moaña

Trátase do primeiro portal turístico do Morrazo que reúne os atractivos dos tres concellos.

A Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo – FECIMO – presenta hoxe o seu ambicioso proxecto “Vive O Morrazo” – www.viveomorrazo.com, un portal turístico que pretende situar no mundo online a comarca do Morrazo, amosando toda a súa riqueza natural, patrimonial e de ocio.

Ademais, os recursos recopilados amósanse ubicados nun mapa interactivo navegable por capas, onde o usuario pode escoller o que ver segundo as súas necesidades. Os servizos locais (edificios administrativos, centros de saúde, transporte, aparcadoiros, etc.) tamén están localizados para a súa consulta. En cada recurso amplíase unha ficha informativa con fotografías e información relevante.

A oferta gastronómica e de aloxamento tamén está representada no portal, adicándolle as seccións “COMETE O MORRAZO” e “QUEDATE NO MORRAZO”, e amosando os resultados con ficha descriptiva e ubicación, de igual xeito que os demais recursos.

A información complétase cun calendario de eventos que recollerá o que vaia acontecendo en cada vila ao longo do tempo. A páxina Vive O Morrazo pretende ser colaborativa e estar en constante mellora polo cal, tanto os datos dos recursos como os da axenda poden ser aportados tamén polos usuarios.

A oferta comercial e de promocións corre a cargo de FECIMO, creando o apartado “COMPRA NO MORRAZO”, unha páxina adxunta (www.compranomorrazo.com) onde poder consultar tanto as empresas asociadas, como a publicación de ofertas e tamén as actividades que está levando a cabo a federación no Morrazo.

Paralelamente, FECIMO está a desenvolver unha aplicación para os sistemas Android e IOS con toda a información recollida na páxina para que sexa máis doado a navegación dende os dispositivos móbiles.

FECIMO anima aos usuarios e entrar en www.viveomorrazo.com e agarda que esta ferramenta sexa de utilidade tanto para o público visitante como para os residentes das vilas de Bueu, Cangas e Moaña, que con ela poden descubrir e disfrutar de todo o que lles ofrece a súa contorna.

Vive O Morrazo seguirá activo nas redes sociais de Facebook e Twitter como ata agora, nas que reúne xa a máis de 5000 seguidores en conxunto.

Ademais, FECIMO reeditou os seus mapas impresos comarcais, revisando e mellorando o seu deseño. No anverso pode verse o mapa da península en conxunto e no reverso os rúes dos tres concellos, indicando os servizos máis importantes. Estarán a partir de hoxe disponibles nas oficinas de Turismo dos tres concellos e serán repartidos tamén nos establecementos de hostalaría asociados.



Cultura

Antón Pulido, Premio Trasalba 2015

O pintor ourensán Antón Pulido recibiu en Ci-madevila o Premio Trasalba 2015. O conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, gabou a súa traxectoria e o servizo á cultura do país como director xeral de Cultura e como primeiro director do Centro Galego de Arte Contemporánea.

Por: Jesús Losada

O conselleiro salientou a íntima relación do homenaxeado coa nosa terra ao longo de todo o seu itinerario vital, combinando na súa obra as imaxes da Galicia tradicional xunto coas técnicas e formas contemporáneas. A Fundación Otero Pedrayo decidiu designar ao pintor Antón Pulido (Bóveda, Amoeiro, 1944) como Premio Trasalba 2015, valorando a súa carreira artística, a calidade e personalidade da súa obra como pintor e gravador, así como o seu vellelo á figura de Ramón Otero Pedrayo. Non en balde, foi este último quen apadriñou os inicios de Pulido e as súas primeiras exposicións no Ourense dos anos 70. Licenciado en Pintura e Gravado pola Facultade de Belas Artes de Sant Jordi (Barcelona), a Pulido ten chegado coa súa obra, ademais de a todo o territorio español, a museos e galerías de Taiwán, Corea do Sur, China e Italia, entre

outros países. Dentro da terra, a súa valía valeulle o recoñecemento como Fillo predilecto de Amoeiro e como Vigués distinguido. Na actualidade a Xunta de Galicia colabora na difusión da obra do artista a través da exposición 'Antón Pulido. Antoloxica', que pasou xa polas cidades de Vigo e Ourense. O premio Trasalba, que outorga a Fundación Otero Pedrayo, instituíuse no ano 1983 e celébrase no último domingo do mes xuño. Aínda que nun primeiro momento a galardoadora había de ser unha persoa cunha clara vinculación, directa ou indirecta, coa figura e os ideais de Ramón Otero Pedrayo, a concesión hoxe en día céntrase máis no recoñecemento a referentes actuais da cultura galega. Agás o caso do premio póstumo a Agustín Sixto Seco, fundador e primeiro presidente da Fundación, sempre se concede a unha persoa en vida.



■ Antón Pulido, primeiro pola dereita, coas autoridades no Pazo de Otero Pedrayo.

Turismo

Tren turístico da ruta dos viños de Valdeorras e Ribeira Sacra

Inagurouse o Tren Turístico das Rutas dos Viños de Valdeorras-Ribeira Sacra. Este percorrido forma parte dos sete trens turísticos do programa "Galicia a todos tren" que un ano máis Turismo de Galicia pon en marcha coa colaboración de Renfe e do Inorde.

Por: Jesús Losada



■ Nava Castro, Antonio Aguaron e José Manuel Rodríguez, xerente do Inorde.

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, explicou que este programa constitúe unha iniciativa innovadora que proporciona ao viaxeiro un novo modo de descubrir o noso territorio e algúns dos nosos recursos turísticos máis singulares. "Os trens turísticos son un exemplo de colaboración para ofrecer un produto de calidade grazas á creación de sinerxías que combinan o aproveitamento turístico do territorio e a preservación do medio ambiente", afirmou. Resaltou que para este 2015 melloráronse os itinerarios e incluíronse novos proxectos ao programa que amplían a oferta turística de Galicia e fomentan o desenvolvemento sostible do sector turístico galego. "Un programa moi completo que permite descubrir a nosa comunidade dun xeito distinto e que incrementa a competitividade de Galicia como destino turístico", afirmou. O programa está a acadar gran acollida un ano máis. Neste senso sinalou que da totalidade das prazas ofertadas para esta tempada xa se venderon o 25%, cando no ano pasado nestas datas estaba vendido o 12% das prazas ofertadas. A directora de Turismo recalcou que este produto permitirá seguir mellorando as cifras turísticas da Ribeira Sacra e coñecela dende una perspectiva innovadora. Lembrou que no 2014 máis de 152 mil viaxeiros aloxáronse nos establecementos hoteleiros da Ribeira Sacra, o

que supuxo un incremento do 20% en relación co 2013. "Esta cifra vai en aumento xa que nos cinco primeiros meses deste ano a Ribeira Sacra acolleu a case 52.000 viaxeiros, un 50% máis que no mesmo período de 2014", destacou Nava Castro. O tren da Ribeira Sacra-Valdeorras realizou o seu percorrido inaugural partindo ás 9.40 horas da estación de Ourense. O tren diríxese cara a Santo Estevo de Ribas de Sil, onde os viaxeiros fan unha travesía en catamarán desde o embarcadero de Santo Estevo polo encoro do mesmo nome. Máis tarde visitaron unha adega de Valdeorras, onde se desenvolveu unha cata dos viños e unha degustación de produtos gastronómicos. Logo do xantar, os viaxeiros viaxaron en autobús cara o Santuario das Ermidas, no Concello do Bolo, e no traxecto coñeceron a parte occidental da comarca ourensá de Valdeorras. Tras volver á estación da Rúa-Petín, onde collen o tren de regreso a Ourense, os viaxeiros fixeron un alto na ruta para visitar a Aula do Ferrocarril, situada na histórica estación dos Peares. Desde aquí, xa no tramo final da ruta, achéganse ata Ourense, onde remata a xornada. Os viaxeiros chegaron de volta a esta mesma estación ás 20.58 horas. A ruta do tren dos Pazos e Xardíns Históricos e o da ruta do Viño do Ribeiro foi o sábado 11 de xullo e o da ruta do Viño de Monterrei, o sábado 18 de xullo.

Celanova

II Festival “Hércules Brass”, en agosto

Por: Jesús Losada

Celanova reunirá do 4 ao 8 de agosto a expertos e alumnos en música de vento de España, Portugal, Bélxica e Francia no segundo Festival “Hércules Brass”.

A vila de San Rosendo será, do 4 ao 8 de agosto, “o mellor escaparate da música de vento-metal dentro do panorama artístico galego”, segundo explicou o vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández, entidade que colabora co festival. Á presentación asistiron o secretario xeral de Cultura da Xunta, Anxo Lorenzo, e o alcalde de Celanova, José Luís Ferro, que afirmaron que tralo éxito acadado na primeira edición, o segundo festival ten como obxectivo a consolidación do mesmo. “Consideramos que é unha aposta fascinante e esperamos que teña moi boa acollida e que en vindeiras edicións poidamos seguir nesta liña de innovación musical”, afirmou José Luís Ferro, quen lembrou o novo lema da vila de San Rosendo, “Celanova, un lugar para crear, un fogar para vivir”. Anxo Lorenzo, pola súa banda, agradeceu a implicación da Deputación de Ourense e sinaladamente coa cultura, e subliñou a importancia do Concello de Celanova, “referente en Galicia pola diversidade do traballo cultural e creativo que realiza”. O programa inclúe actividades de lecer relacionadas coa música e como novidade un taller de respiración, “O método das tres chaves”, e as clases de música de cámara, onde o

alumnado realizará un concerto. Haberá un total de 11 concertos, repartidos entre o claustro barroco do mosteiro e as prazas e rúas de Celanova, coa presenza de profesores e alumnos de España, Portugal, Bélxica e Francia, “onde teremos música para escoitar e tamén para ver”, explicou Rodrigo Rodríguez, coordinador do festival. Como complemento das actividades programadas están previstas clases maxistras de trompeta, trompa, trombón e tuba, coas que se ofrecen aos participantes pautas de carácter teórico e práctico que lles permitirán perfeccionar a súa técnica, ampliar o seu repertorio e responder aos interrogantes que se lles presenten no día a día, todas elas impartidas por profesionais

de gran recoñecemento e cunha longa traxectoria musical acreditada a nivel nacional e internacional.

As clases maxistras están abertas a todo tipo de público interesado en profundar nos coñecementos de calquera das especialidades ofertadas. Haberá un número máximo de 12 persoas activas por especialidade e sen límite de persoas oíntes. A selección do alumnado será por rigoroso orde de inscrición co seu correspondente pago da matrícula. A inscrición para alumnado activo permitirá participar nas sesións de técnica con todo o grupo, nas clases individuais cos profesores e nas clases de música de cámara como membro activo, coa posibi-

lidade de tocar no concerto programado para o alumnado. No caso de alumnado oínte poderán participar nas sesións de técnica con todo o grupo e nas clases de música de cámara como membro activo e asistir as clases individuais e como oíntes coa posibilidade de tocar no concerto programado para o alumnado. E para o caso dos grupos de música de cámara poderán participar nas clases de música de cámara grupos xa constituídos, cun mínimo de dúas clases dunha hora e a posibilidade de tocar

no concerto programado para o alumnado. As persoas interesadas en participar nas clases maxistras en calquera das especialidades deberán cubrir un formulario e pagar unhas taxas de matrícula. O alumnado menor de idade deberá entregar la autorización correspondente, cumprimentada e firmada pola nai, pai, ou titor e deberá presentala o primeiro día de curso. O prazo da inscrición remata o vindeiro 17 de xullo.



■ Asistentes á presentación da segunda edición do festival “Hércules Brass”.

www.druidaros.com

Cada momento es una experiencia única

Alfonso Rodríguez Vázquez
c/ Rúa Nova 19 Luitra 32160
Ourense - ESPAÑA
649152780

Taberna O Tellado (Moncho)

Ven e verás!!!

Rúa Pardo Bazán, 7
988 43 15 71 CELANOVA (Ourense)

Entrevista

Fixar poboación e crear emprego, obxectivos do alcalde de Sober

O alcalde do Concello de Sober (Lugo), Luís Fernández Guitián, (músico e escritor) repite no cargo logo de obter a maioría absoluta nas eleccións municipais. Foi a primeira corporación municipal de España en constituírse, como xa fixo hai catro anos, celebrando a sesión plenaria o día 13 de xuño ás 00:01 horas. É presidente da asociación micolóxica Pingadouro e membro activo de varias asociacións. Foi correspondente da axencia EFE, director da Banda de Música e as súas aficións son a literatura galega, preferentemente a poesía.

Cáles son os obxectivos para este mandato?

■ Os meus principais obxectivos para este mandato pasan por asentir poboación e crear emprego en Sober. Concorremos ás pasadas eleccións cun programa serio, sen utopías, baseado en ideas claras, concretas e perfectamente realizables. Quixemos proporlle aos veciños e veciñas un equipo e un proxecto que poida darlle resposta aos problemas que verdadeiramente lles preocupan, para o que contamos co apoio da Xunta e tamén da Deputación de Lugo, que nos tivo esquecidos os últimos anos. As medidas que integran ese proxecto inclúen a ampliación do plan de emprego xuvenil iniciado hai dous anos e a

de formación para impulsar o autoemprego e o cooperativismo.

Ademais, o Goberno local colaborará coas empresas e au-

tónomos do Concello, publicará un boletín periódico con información sobre o emprego e publicará os cursos formativos.

Qué intencións hai sobre temas sociais e de servizos?

■ En materia social a nosa aposta basease en aumentar o servizo de axuda no fogar, potenciar as actividades nos locais sociais das parroquias e crear un servizo de atención diúrna en colaboración coa residencia Virxe do Carme. Tamén imos impulsar a creación dunha rede de parques biosaudables en diferentes puntos do Concello. Imos seguir ampliando as redes municipais de saneamento e auga potable, a mellorar as estradas municipais, a renovar os alumeados e proseguir co plan de sinalización. Entre as esixencias, a de pedirlle á Deputación a mellora e mantemento da súa rede de estradas. Na nosa folla de ruta está ademais a sinatura dun convenio co Instituto Galego de Vivenda e Solo para a construción dun grupo de vivendas de promoción pública concertada, así como

a rúbrica da segunda fase do programa de axudas do ARI, o único en Galicia que beneficia a todo o Concello. En materia de turismo imos traballar para que o cuartel de Sober se converta en residencia vacacional, impulsar os recursos turísticos e apoiar as iniciativas privadas relacionadas co sector. Seguiremos eliminando vertedoiros incontrolados, potenciando a reciclaxe e recuperando antigas fontes. Tamén lle solicitará á CHMS a limpeza do cauce dos ríos e a mellora do seu entorno. No que atinxe á viticultura, impulsárase o traballo de asociacións e adegueiros e melloraranse pistas e accesos, ao tempo que se pedirá a declaración de festa de interese turístico nacional para a Feira do Viño de Amandi. Amais de potenciar a Banda de Música e ampliar as actividades deportivas e culturais, crearase unha aula de novas tecnoloxías na que se farán cursos de formación destinados principalmente a mozos e maiores. Remataranse as obras no pavillón e potenciarase o deporte base, ao tempo que se axudará aos clubs de fútbol locais.

Perspectivas da Ribeira Sacra.

■ A Ribeira Sacra ten nestes momentos unha oportunidade e un reto que non debe deixar pasar. A súa declaración como Patrimonio da Humanidade por parte da UNESCO debe ser un obxectivo común de todos os territorios e administracións relacionados con esta terra, como o paso previo para que a Ribeira Sacra sexa a porta de entrada de novos visitantes de todo o mundo. Ábrese un abano de posibilidades que non só debemos aproveitar de cara o turismo, senón internamente para darlle un pulo á economía local a través da posta en valor de todos os nosos recursos. As nosas adegas, os nosos produtores e todos e cada un dos nosos veciños e veciñas deben ver nesta candidatura unha escada pola que subir ao futuro, ao crecemento e á mellora da nosa terra. Desde Sober traballaremos en conxunto con todos os outros municipios implicados e con todas as administracións para que ese soño se faga realidade e as perspectivas da Ribeira Sacra avancen na senda do progreso.



■ Luís Fernández Guitián, de 52 anos, alcalde de Sober (Lugo).

0 alcalde foi inhabilitado polo delito de prevaricación

Xosé Xaquín Rodríguez Ambrosio, alcalde do PP en Rairiz de Veiga, foi condenado a oito anos e seis meses de inhabilitación polo delito de prevaricación administrativa. A sentenza non é firme, polo que é previsible que chegue á Audiencia Provincial.



Ourense

O Teatro Principal ofrecerá 31 espectáculos escénicos e musicais

O Teatro Principal de Ourense presentou a súa nova temporada de actividade, que inclúe ata finais de decembro un total de 31 espectáculos de teatro, danza e concertos de distintos estilos a cargo tanto de formacións galegas como de grandes nomes da dirección e da interpretación española.

O director da Axencia Galega das Industriais Culturais (Agadic) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Jacobo Sutil, participou na rolda de prensa na que deu conta da nova programación xunto aos responsables do teatro: a directora, Olga Mojón e Rosendo Fernández, vicepresidente da Deputación de Ourense e o concelleiro de Cultura, Francisco González. O escenario ourensán, membro da Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), o circuíto para a distribución de espectáculos galegos promovido pola Xunta de Galicia, programa por esta canle as últimas creacións das compañías galegas Talía Teatro, Redrum, Teatro do Morcego, Eme2, Limiar e Caramuxo, ademais da vasca Borobil Teatra. Estes traballos compartirán carteleira cunha variada representación de montaxes de artistas de éxito a nivel nacional, como son os casos de "Moncho Panza", a cargo de Moncho Borrajo; "Olivia y Eugenio", protagonizada por Concha Velasco; "Ojos de agua", con Charo López; "La sesión final de Freud", dirixida por Tamzin Townsend; "La calma mágica", polo Centro Dramático Nacional e Tanttaka con dirección de Alfredo Sanzol; "El zoo de cristal", con Silvia Marsó; "El discurso del Rey", dirixida por Magüi Mira, e a peza coreográfica de Cesc Gelabert "Gelajauziak", entre outras. O Teatro Principal completará o calendario de títulos producidos en Galicia coas montaxes "O último dragón", un espectáculo infantil de Sarabela Teatro baixo a



■ Francisco González, Rosendo Fernández, Olga Mojón e Jacobo Sutil no Teatro Principal de Ourense.

dirección de Fina Calleja, e "Amigos", na que Xosé A. Touriñán, María Tasende e David Amor interpretan a obra escrita por Xavier Veiga.

Clásica, blues, folk e góspel

A programación musical brindalle ao público distintos concertos dentro dos ciclos "Enclave de cámara", "Voces femeninas" e

"Blues TP", ademais do recital que o próximo 25 de setembro ofrecerá a Filharmónica de Cámara de Colonia, cun programa centrado en Vivaldi, Mozart, Puccini e Paganini, e a gala dedicada á ópera e á canción napolitana, que terá lugar o 8 de novembro a cargo do Coro e Orquestra Sinfónica da Ópera Nacional de Moldavia. O grupo galego Luar na Lubre sumaráse o 11 de decembro a

este calendario co seu espectáculo musical "Sons da lubre nas noites de luar"; mentres que o xénero gospel tamén terá o seu oco co recital "Singing Christmas for Ray Charles", a cargo de The Voices of Jubilation Gospel Choir o día 20 do mesmo mes. O tradicional Concerto de Nadal será o 22 de decembro coa Orquestra Filharmónica de Moldavia e Mihail Agafita á batuta.

Programación coordinada

Nesta conferencia de prensa, Sutil destacou que a carteleira presentada reflicte unha programación coordinada, diversa, ordenada, pechada e difundida coa anticipación suficiente para que todos os espectadores poidan organizar as súas axendas e acollerse, ademais, a algunha das opcións que favorece a política de prezos aplicada polo Teatro Principal. O director da Agadic detívose especialmente nas funcións cofinanciadas pola Xunta de Galicia por ser o espazo ourensán membro da Rede Galega de Teatros e Auditorios, circuíto que xestiona un investimento anual de máis de 1,2 millóns de euros en toda Galicia, e ao que se referiu como o principal mercado interior para a distribución profesional de espectáculos feitos en Galicia. Así, como parte da Rede Galega de Teatros e Auditorios, o Principal de Ourense acollerá as montaxes "Demolición", de Talía Teatro (10 de outubro); "Noiteboa", de Redrum Teatro (7 de novembro); "Presidente", de Teatro do Morcego (19 de decembro); "Don Quixote, unha comedia gastronómica", de Limiar Teatro (27 de decembro); "O Feo", de Caramuxo Teatro (28 de decembro); e "Alí Babá y los 40 ladrones", título neste caso a cargo da compañía vasca Borobil Teatro, co que se pechará a carteleira de 2015 o día 29 de decembro.

OIL PINTUCO
Recollida de aceites.
Graxas vexetais.
Limpeza de filtros.

680 956 669
675 860 424

VILARNAZ, 34
(Coles) OURENSE Correo: oilpintuco@gmail.com

Mudanzas exclusivas para Vd.

Elevadores de muebles hasta 8 pisos.

988 224 949 – 609 84 32 03
info@mudanzasjoseluis.es
www.mudanzasjoseluis.es

O alcalde asume Turismo e Cultura para darlle un novo pulo á Ribeira Sacra

A Corporación de Sober vén de celebrar o seu pleno de organización no que se aprobou que o alcalde, Luís Fernández Guitián, asuma de novo as áreas de Cultura e Turismo e incorpore réxime interior.



■ O Concello de Sober anima á lectura aos usuarios da piscina municipal.

O rexedor explica que o seu propósito é “deseñar accións, desde o noso Concello, que contribúan a darlle un novo pulo ao número de turistas que visitan a Ribeira Sacra”. No pleno quedaron constituídos os tres grupos municipais. Fernández Guitián é o voceiro do PP; Iñaki González o do PSdeG-PSOE e Paula Vázquez Verao a de Agroma Sober. A Xunta de Goberno local estará presidida polo rexedor e integrada por Domingo López como primeiro tenente de alcalde, Elías González como segundo tenente de alcalde e Sonia Fernández como terceira tenente de alcalde. A Xunta de

Goberno reunirase o primeiro e terceiro luns de cada mes as 10 horas. Os plenos ordinarios celebraranse o último xoves dos meses impares ás 20:00 horas no inverno e ás 21:00 horas nos meses de verán. De Medio Rural, viticultura e infraestruturas agrarias será responsable Domingo López Fernández. Comercio, Industria e Artesanía dependerán de Elías González Prieto. Política medioambiental, agroforestal e gandeira levará Sonia Fernández Martínez. Benestar Social e Saúde serán cometidos de Carmen Pérez Pérez. Os Servizos de limpeza, alumeado, augas e saneamento

funcionarán baixo a responsabilidade de Abel López Fernández. De mocidade, deportes, ensino e políticas de igualdade farase cargo Xosé Quevedo Pérez. O pleno aprobou tamén a creación de dúas comisións, unha especial de contas e facenda e a comisión de delegados. O representante no Consello Escolar do CEIP Virxe do Carme será Elías González Prieto, mentres que no Grupo de Desenvolvemento Rural Sacra e no Consorcio de Turismo Ribeira Sacra será o rexedor, Luís Fernández Guitián. O Goberno local aprobou unha única dedicación exclusiva para o alcalde dotada con 1.700

euros mensuais, a mesma cantidade que no pasado mandato.

Bibliopiscina e rosca

Comezaron os cursos de aquagym nas piscinas de Sober. Tamén están en marcha as actividades de bibliopiscina para que os nenos e nenas e todos e todas as maiores poidan ler nas instalacións e non abandonen o hábito durante o verán. Tamén se iniciaron os cursos de natación e os obradoiros de pintura e demais xogos. Por outra banda o Concello prepara para dos día 11 e 12 de agosto una nova edición da Festa da Rosca,

que cumple vinte anos. Como entrante e como sobremesa (sempre acompañada de queixo), para o almorzó e como simple larpeirada para os cativos, as roscas de Sober sempre están ben. Nin o cambio nos hábitos culinarios, nin a introducción de novos alimentos conseguirán desbancar a popular rosca que, dende 1995, ten mesmo a súa propia feira o día 12 de agosto de cada ano. Este día ofrécese a degustación de balde de racións de rosca, con queixo do país, a tódolos visitantes.

Festival de Bandas

O Goberno local organizou o XI Festival de Bandas Concello de Sober coa participación da Banda de Música de Sober e a Banda de Música Isabel II de Touro. Pola súa banda a Escola Municipal de Música de Sober vén de abrir o seu prazo de matrícula. A presentación oficial do curso farase en setembro, mentres que as clases darán comezo a primeira semana de outubro. A Escola imparte clases de frauta traveseira, bombardino, clarinete, saxofón, trompeta, trompa, trombón, tuba, percusión, piano, batería, guitarra e linguaxe musical. Tamén se ofertan ensinanzas de música en movemento a partir dos tres anos e música para adultos, así como a posibilidade de formar parte do coro. O centro formará grupos instrumentais e os alumnos e alumnas poden participar na banda xuvenil.

XX Festa da Rosca.
11 e 12 de agosto 2015.

*Degustación gratuita de racións de roscas
con queixo do país e licor café.*

CONCELLO DE SOBER.

Praza do Campo da Feira. 982 46 00 01 – 05



A Coruña

O alcalde da Coruña insta á Xunta a colaborar en proxectos estratéxicos para o seu Goberno

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, reuniuse este martes co presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, en San Caetano (Santiago de Compostela). Na cita, que durou unhas dúas horas, o rexedor coruñés instou ao dirixente autonómico a que a súa administración colabore naqueles proxectos que son considerados estratéxicos polo novo Goberno municipal, sempre desde a disposición a que este plantexamento sexa recíproco. Entre outros temas, aborouse o da construción dun novo centro escolar en Mesoiro, o plan do Concello coruñés para a erradicación de asentamentos precarios ou a coordinación dos tres aeroportos galegos, cuestións todas elas ante as que, en principio, Alberto Núñez Feijóo amosou receptividade. “A reunión de hoxe discorriu nun plano cordial e institucional”, dixo o alcalde, quen tamén se puxo “a disposición do presidente para todos aqueles proxectos que a Xunta teña na Coruña e nos que podamos axudar dende o Concello”. “Po-

demos dicir que, en xeral, dentro das lóxicas diferenzas de visión e cada un dende a súa administración, hai liñas nas que podemos traballar xuntos e isto sempre redundará en beneficio para a cidade da Coruña e para o país”, dixo Ferreiro, quen destacou que ademais de temas como o colexio de Novo Mesoiro ou o plan para a erradicación de asentamentos precarios, tamén se tocaron outros como “o desbordamento das urxencias do CHUAC”, ou a estación intermodal de transportes.

Centro escolar en Novo Mesoiro

O alcalde insistiu na necesidade da construción dun centro escolar en Novo Mesoiro que dea cobertura a 2.000 alumnos que teñen que desprazarse diariamente desde un barrio illado do resto da cidade. Ferreiro recordou ao presidente galego que hai urxencia e terreos dispoñibles. O Concello dispón de varias parcelas que poderían ser válidas para construír un colexio e que pon a disposición da Administración galega para

este fin. O presidente galego indicou que os técnicos da Xunta non consideran apropiado a primeira ubicación que proxectaban e dixo que “estudaría” o ofrecemento municipal de novos terreos.

Ferreiro tamén lle propuxo ao presidente galego “que a Xunta colabore no plan do Concello para a erradicación de asenta-

mentos precarios”, un tema no que Feijóo amosou predisposición.

Outros dos temas que se abordou na reunión foi o da necesidade de colaboración entre os tres aeroportos galegos. O presidente galego agradeceu públicamente a disposición do Concello da Coruña no interese por “coordinar o sistema aro-

portuario”. “Saúdo a iniciativa que o alcalde me traslada de coordinar o sistema aeroportuario, algo que se intentou sen éxito até o de agora”, dixo Feijóo, quen tamén destacou “o ton e a visión de país” de Xulio Ferreiro. Este, pola súa parte, destacou que “cooperando neste eido seremos máis fortes que competindo”.



Unha gran coalición contra os gobernos do cambio?

As agrupacións locais do PPdeG e mailo PSdG-PSOE en Compostela e na Coruña, en sospeitosa conivencia, bloquean irresponsablemente a constitución das estruturas de funcionamento dos gobernos das mareas. A pinza entre os partidos do réxime contra os gobernos de unidade popular é unha burla á democracia.

Os novos gobernos municipais de Compostela e A Coruña sofren dende as investiduras dos alcaldes un indecente boicot por parte da oposición, especialmente a formada polos dous partidos dinásticos, que non parecen ter dixerido moi ben os resultados electorais. As negociacións bilaterais entre os gobernos municipais e os partidos da oposición mesmo demostran moitas veces como as agrupacións locais de PP e PSOE nas dúas cidades se poñen de acordo previamente para presentar propostas exactamente iguais.

Deste xeito, os alcaldes de ambas as dúas cidades e mailos seus equipos de goberno, xurdidos do éxito electoral das candidaturas populares, vense coas mans amarradas para desenvolver coa eficacia necesaria os seus labores de goberno e, xa que logo, o normal funcionamento das institucións, que están para servir aos veci-

ños e veciñas e non aos concelleiros e concelleiras da oposición como, ao parecer, estes pretenden.

Propostas absolutamente irracionais, como a existencia de distribuír en proporción ao número de edís as dedicacións e contratacións de persoal eventual, obviando quen ten as responsabilidades de goberno, son, amais de insólitas, pois non existen precedentes de semellante ocorrencia, proba palpábel do temor do bipartidismo aos gobernos da xente e dos seus posicionamentos interesados. Descoñecen, ao parecer, que os concellos da Coruña e Compostela non son oficinas de emprego para PP e PSOE.

En ambos os dous casos, as propostas presentadas polas mareas melloran considerabelmente a situación dos partidos da oposición con respecto a lexislaturas anteriores, tanto no referente a dedicacións e contratacións

como á composición de comisións e outros aspectos, dando un papel máis protagonista aos plenos e mesmo aos concelleiros e concelleiras da oposición para que fagan o seu traballo. Asemade, reducen a niveis moito máis xustos as retribucións e gastos dos concellos neses aspectos, rematando de vez cos salarios desorbitados, indecentes e insultantes cos que contaban na pasada lexislatura moitos dos que agora boicotean o funcionamento dos concellos.

Non hai xustificación algunha para tal bloqueio, salvo que esteamos a falar de intencionalidades políticas para tratar de transmitir á cidadanía unha suposta incompetencia e inoperatividade dos gobernos das mareas dende o día un. Utilizar con obxectivos partidarios as institucións é, amais dunha indecencia, unha falta de respecto aos veciños e veciñas, que necesitan non só bos



gobernos, mais tamén unha oposición honesta e capaz, e mais cando moitos dos seus compoñentes van cobrar sen exercer ningunha responsabilidade de goberno. Non deben esquecer en PP e PSOE que malia estar na oposición os seus concelleiros e concelleiras non se poden inhibir da súa responsabilidade como representantes da parte da cidadanía que lles votou. Dende Anova reprobamos enerxicamente estes comportamentos dos

partidos do réxime na Coruña e Compostela e nos solidarizamos cos gobernos das mareas, mais aínda cando seguen a exercer as responsabilidades que lles foron encomendadas pola cidadanía en situacións extremadamente precarias tanto no político, como no orzamentario como nas súas inxustas situacións persoais. Temos a confianza que os boicots de PP e PSOE non van frear a mudanza que chegou coas mareas. Seguimos, pois, camiñando.

A Coruña

As primeiras pescudas sitúan en varios anos atras os danos na inscrición de Giannini

O Plan Director da Torre, rematado en 2012, xa documentaba a súa degradación



Os primeiros pasos da investigación iniciada polo Concello para esclarecer as circunstancias nas que se produciron os danos que afectan á inscrición do século XVIII do enxeñeiro Eustaquio Gianinni no interior da Torre de Hércules determinan que a deterioración data de hai varios anos.

O Plan Director do monumento, que se rematou de elaborar en abril de 2012, xa indica que a inscrición “que o autor deixou sobreun dos sillares no alicerce

norte (...) actualmente é case imposible de ler” e recomenda “dar un tratamento de cor que permita a súa lectura, cun colorante que non degrade o soporte”.

Por outra banda, o contido da inscrición de Giannini está incorporado desde xuño de 2012 ao discurso das visitas guiadas da Torre de Hércules e a súa degradación faise notar en cada unha desas visitas, nas que se sinala o espazo no que se poden observar os restos e se subliña a súa importancia.

O alcalde da Coruña anuncia un plan integral de reparación das vítimas do franquismo

Xulio Ferreiro participou na presentación do libro de Afonso Eiré ‘O piloto. O último guerrilleiro’, nun acto organizado pola Comisión Pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMH) e a Fundación Rodríguez Iglesias

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, acudiu este xoves á presentación do libro “O piloto. O último guerrilleiro” (Hércules Ediciones). O acto estaba organizado pola Comisión Pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMH) e pola Fundación Rodríguez Iglesias.

No acto, o rexedor coruñés anunciou a posta en marcha por parte do Goberno municipal dun plan integral para a reparación das vítimas do franquismo. Ferreiro manifestou que coa axuda da Co-

misión Pola Recuperación da Memoria Histórica e xunto con outras asociacións do ramo o Concello impulsará, de xeito participado, unha serie de políticas pola memoria.

Entre outros obxectivos está o de dar cumprimento á Lei de Memoria Histórica e, sempre causando o menor prexuízo posible aos cidadáns, mudar o nome das rúas que presentan vencellos franquistas. No obstante, segundo explicou o alcalde, iso tan só será unha pata, xa que o plan integral que se pretende artellar ten

como obxectivo que A Coruña deixe de ser “a cidade da simboloxía franquista para converterse na cidade da memoria”.

“Hoxe reafirmome nun compromiso, que é persoal e de goberno: o de honrar a memoria dos perseguidos polo fascismo e dos represaliados e represaliadas; o de conseguir, máis pronto que tarde, que a A Coruña deixe de ser a capital da simboloxía franquista”, indicou Ferreiro no acto, no que ademais, firmou no libro de honra da Fundación Rodríguez Iglesias.



Xulio Ferreiro: “Dotaremos de contido á Smart City, porque moita xente non sabe nin o que é”

O Alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, amosouse este xoves sorprendido polas críticas que verteu o PP sobre a xestión do novo Goberno do proxecto tecnolóxico da Smart City. O rexedor asegurou que o programa non corre ningún tipo de risco, aínda que será reformulado, para “dotalo de sentido”.

“Chamoume a atención que o PP lance esta mensaxe sen base. Dicar o que dixeron sobre a xestión da Smart City xusto un día despois dunha reu-

nión de cinco horas de todo o Goberno municipal con técnicos de Innovación para tratar ese mesmo tema é ter un descoñecemento bastante grande do asunto, ou moi mala baba”, indicou Ferreiro. “Non tivemos nin cen nin dez días de marxe”, apuntou.

“No proxecto da Smart City sabemos o que hai, e para o que ten que servir de verdade, para ser útil para a cidadanía. Do que tamén somos conscientes é de que hai moita xente que non sabe aínda o que este

proxecto, polo que temos que dotalo de contido”, dixo o rexedor nunha entrevista na Cadena Cope. “Pedimos que ninguén se alarme porque imos cumprir os obxectivos e non imos comprometer o Concello”, explicou. Con respecto a situación na que se atopa o Concello, derivada da xestión do anterior Goberno municipal de Carlos Negreira, Ferreiro salientou que o actual Executivo ten un plan en marcha para poder solventar a situación. “Un plan que non só pasa por unha operación de tesourería,

senón tamén por unha redución de gasto que empeza por nós mesmos”, recordou.

A este respecto, relacionou as medidas de aforro coa supresión das chamadas Casas Rexionais do programa de festexos de este ano. “Imos facer unas festas, gastando a metade que nos últimos anos, onde cremos que xente vai poder gozar máis”, dixo. “As Casas Rexionais non supoñían ningún beneficio para o Concello, ao contrario, un gasto moi elevado, que chegaba aos 70.000

euros e que non xeraba recurso algún”, indicou o alcalde, quen dixo que sacar a Feira Taurina do cartel das festas, podería xerar tamén aforro.

Noutra orde de cousas, o alcalde comentou que o seu Goberno analizará a vontade da cidadanía con respecto ao festivo local que queda por determinar para 2016, ao ter feito a Administración autonómica o 24 de xuño festivo en toda Galicia. “Será o día que demande a cidade”, sentenciou.

SALVATERRA DE MIÑO

VERÁN CULTURAL

AGOSTO 2015



verán cultural 2015

VIVE AGOSTO EN SALVATERRA

Eixpressões. Encontro de Teatro Popular do Noroeste Peninsular

O município de Viana do Castelo tem efetuado um grande esforço na preservação, valorização e promoção do teatro popular, tornando-se visível através do Eixpressões. Este ano de 2015, a 5ª edição do Eixpressões ocupará dois "cenários": o Largo das Neves a 10 e 11 de Julho e a cidade de Viana do Castelo a 18 e 19 de Julho. O Eixpressões – Encontro de Teatro Popular do Noroeste Peninsular, ao ser o maior ponto de encontro do teatro popular que pulula no Norte de Portugal e na Galiza, procura divulgá-lo, dinamizá-lo e conhecê-lo, ao mesmo tempo que se reforçam os laços culturais e o intercâmbio entre as duas regiões irmãs. Fazendo da identidade, das tradições e da cultura popular uma festa e um momento de partilha, o Eixpressões con-

templará cerca de 20 manifestações culturais e mais de 350 participantes. Serão mais de oito horas de espetáculos com diversidade e afinidades, que evidenciarão a interface entre o erudito e o popular e o velho e o novo, mas, também, uma mescla de textos, mímica, máscaras, trajes, música, danças e cantos. Ou seja, uma profunda demonstração do património das comunidades.

O Eixpressões é um evento organizado pela Câmara Municipal de Viana do Castelo em conjunto com o Núcleo Promotor do Auto da Floripes 5 de Agosto. Local:

10 e 11 de julho - Largo das Neves

18 de julho - Praça da República (cidade de Viana do Castelo)

19 de julho - Jardim Público Marginal (cidade de Viana do Castelo)



Viana do Castelo

À Conversa com... Rachel Ochoa


À conversa com... Rachel Ochoa, com o livro "As Noivas do Sultão".

À conversa com... é uma iniciativa da Biblioteca Municipal de Viana do Castelo que visa promover, em torno do livro, o diálogo e a troca de conhecimentos com escritores contemporâneos, proporcionando a oportunidade de conviver de perto com os autores e a sua obra. Pretende-se que seja um espaço de incentivo à leitura, de divulgação das obras dos autores da atualidade, de promoção da cultura e do conhecimento, e, sobretudo, de interação entre o público leitor e os escritores.

Org.: Câmara Municipal de Viana do Castelo

Tel. 258840010

E-mail: biblioteca@cm-viana-castelo.pt



XXXV Feira do Livro de Viana do Castelo

De 18 de Julho a 2 de Agosto, realiza-se a 35ª edição da Feira do Livro de Viana do Castelo, no Jardim Público da cidade. Do programa, para além da presença dos diversos editores que proporcionarão ao público vianense o contacto com as mais recentes edições, destaque para a animação

infantil e musical, para o lançamento de livros e a realização de diversos painéis temáticos, na Sala Couto Viana, da Biblioteca Municipal. Uma organização da Câmara Municipal de Viana do Castelo e do Centro Cultural do Alto Minho. Local: Jardim Público. Horário da Feira: diariamente, das 17h00 às 24h00.

Orquestra Buena Vista Social Club

Diá 25 de julho, a Orquestra Buena Vista Social Club atuará no Centro Cultural de Viana do Castelo, às 22h00. Buena Vista Social Club é a designação atribuída ao projeto que reúne alguns dos melhores músicos da velha guarda cubana. Uma organização da Câmara Municipal de Viana do Castelo.



Novas da Raia

MONÇÃO

Embaixador do México visita Monção

No âmbito de uma visita promovida pela Secretaría de Estado dos Negocios Estrangeiros e Cooperación à região do Alto Minho, o Embaixador do México, Alfredo Pérez Bravo, deslocou-se ao concelho de Monção.

Acompanhado pelo Secretário de Estado dos Negocios Estrangeiros e Cooperación, Luís Campos Ferreira, o embaixador mexicano foi recebido no Museu do Alvarinho, pelas 10h00, e vi-

sitou, durante a manhã, a Adega Cooperativa Regional de Monção e o Palácio da Brejoeira.

De acordo com nota do Ministério dos Negocios Estrangeiros, a presente iniciativa, denominada "Embaixadoria", procura levar embaixadores acreditados em Lisboa a visitar diversas regiões portuguesas, realçando a diversidade cultural regional e as potencialidades do tecido empresarial do país.



■ O presidente da Câmara de Monção saúda ao embaixador de México em Portugal.

SALVATERRA



Entrega premios educación 2014/15

Un ano mais o Concello de Salvaterra de Miño fixo entrega dos Premios de Educación – Curso 2014 / 2015 aos mellores expedientes académicos do municipio.

Estes premios nacen co ánimo de incentivar o estudo e reforzar actitudes e hábitos relacionados co traballo, esforzo, participación e convivencia entre os xóvenes. Un proxecto máis fruto da interacción e colaboración entre os Centros Educativos do Municipio e o Concello, na busca de incentivar, animar e premiar o esforzo dos estudantes, hábitos que marcarán o seu futuro e que os poñerán en valor como persoas e profesionais.

Toman parte nesta convocatoria o alumnado do Instituto de Edu-

cación Secundaria e máis dos tres centros de educación primaria de Salvaterra de Miño, CEIP Infante Felipe, CEIP de Leirado e CEP Carlos Casares, que cumpren os requisitos imprescindibles que sinalan para cada unha das distintas etapas educativas que se establecen nas bases.

Estas bases establécen os seguintes premios: 13 lotes informáticos compostos por unha tablet samsung galaxy 4 10.1 T530 16 Gn Wifi, funda estilo libro orixinal samsung para T530, powebank 2600 mAh e unha memoria micro SDHC, para

os nenos e nenas de primaria, ESO e Ciclo de Caldeirería e Soldadura.

Ademais de tres bolsas de estudos para o alumnado de 2º de Bacharelato, que consistirán nunha viaxe a Reino Unido – Worthing (costa sur de Inglaterra) co obxecto de perfeccionar a lingua inglesa. A bolsa inclúe os seguintes servizos: viaxe de ida e volta, aloxamento en familia en pensión completa, curso de inglés xeral de 3 semanas con profesorado nativo, actividades, programa social, excursións, tarxeta de transporte e seguros.

GONDOMAR

Tres auxiliares incorporáronse á Policía Local de Gondomar

Hoxetivo lugar a presentación dos tres Auxiliares que se incorporaron a Policía Local de Gondomar. A presentación acudiu o Alcalde Paco Ferreira, o Xefe de Policía, e o concelleiro Juan Antonio Gonzalez.

Presentáronse 17 candidatos/as para as tres prazas de auxiliares de Policía Local. Despois de pasar as probas físicas e teóricas que se realizaron en maio incorporáronse o 20 de xuño dous novos auxiliares da policía local e un máis o 1 de xullo, debido a que

este último tivo que realizar o curso de Auxiliar na AGASP, curso que xa realizaron os que se incorporaron anteriormente. Os novos Auxiliares patrullarán o Concello de Gondomar e cooperarán nas tarefas de seguridade e tráfico durante seis meses. Xa cooperaron en actos como na IV Concentración Moto Club A Ciento Cien, 2º Circuito de Enduro BTT concello de Gondomar, na Marcha ciclista e en outros actos que se irán celebrando o longo de estos seis meses que teñen de contrato.



Guía gastronómica

A Casita do Pulpo

Por: Jesús Losada



Co nome de A Casita do Pulpo abriuse, na rúa Viriato 5 de Ourense, un novo establecemento o domingo día 12 de xullo. A antiga xerencia e persoal da afamada Casa do Pulpo, que estaba situada na rúa Juan de Austria 15, reincorpórase á actividade hoteleira coa mesma profesionalidade e calidade de produtos como o polbo, bacallau á portuguesa, chuletón de boi, empanada e ampla variedade de petiscos e racións. Sigue sendo notable a representación de viños das denominacións de orixe galegas Os clientes habituais celebraron a apertura do local e brindaron cos responsables que encaran con ilusión esta nova etapa. O antigo local sigue inhabilitado por mor dun incendio ocorrido o 2 de maio na cociña da popular Casa do Pulpo.



Novas da Raia

SALVATERRA

Axudas para material escolar

O Concello de Salvaterra de Miño recorda que dende o 15 de xullo ao 14 de agosto, ambos inclusive, ábrese o prazo de presentación de solicitudes das axudas para adquisición de libros e material escolar de infantil. Con estas axudas o Concello ten como obxecto promover o principio de igualdade no exer-

cicio da educación e compensar ás familias con escasos recursos para facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos, entendendo por tales a adquisición de libros e material escolar, dirixido a alumnos/as dos cursos de Educación Infantil matriculados nos centros escolares do noso municipio.



A GUARDA

DIALOGOS EN EDUCACIÓN
NO COLEXIO PP. XESUITAS DA PASAXE, CAMPOSANCOS.

23 DE XULLO: "DE FORMAR CRENTES A FORMAR CIDADÁNS: UNHA MIRADA CRÍTICA DENTE A PEDAGOXIA" Jurjo Torres Santomé (Universidade da Coruña)

30 DE XULLO: "MESTRES REPUBLICANOS: O COMPROMISO COA MODERNIDADE EDUCATIVA" Xosé Manuel Cid Fernández (Universidade de Vigo)

20 DE AGOSTO: "LUCES E SOMBRAS NA POLÍTICA EDUCATIVA GALEGA DESDE A TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA" Antón Costa Rico (Universidade de Santiago)

27 DE AGOSTO: "OS CONCELLOS E A EDUCACIÓN. PROBLEMA OU OPORTUNIDADE" Miguel Anxo Santos Riego (Universidade de Santiago)

3 DE SETEMBRO: "A CONCIENCIA AMBIENTAL: UNHA NECESIDADE SOCIAL E UN RETO EDUCATIVO" Araceli Serantes Pazos (Universidade da Coruña)

10 DE SETEMBRO: "POLÍTICA E EDUCACIÓN. CAMINO DE VOLTA DUN TÉCNICO DO ESTADO NA TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA" Pedro Caselles Beltrán (Ministerio de Educación)

Presentación cursos formativos segundo semestre 2015

O Concello de Salvaterra de Miño e a Antena Cameral veñen de presentar a programación formativa para o segundo semestre do ano, as inscricións ábrese o 28 de xullo ata o 15 de agosto.

Como xa é habitual, o Concello de Salvaterra e a Antena Cameral presentan a súa oferta formativa para os últimos seis meses do ano. Deza-seis cursos formativos, curso básico de manipulador de produtos fitosa-

nitarios (dous turnos), curso de manipulador de alimentos, de operador de carterilla elevadora, de preparación first, de carnicero profesional, de peixeiro profesional, seminario de alérgenos, curso de hostelería (elaboración de tapas), de guía turístico Salvaterra – Monção, de caixeiro – repoiñedor de supermercado, de viticultura e enoloxía – Tratamento da viña e árbores froiteiras, de repostería galega, de elaboración de conservas e marmeladas, de elaboración

de queixo artesán, de organización de festas infantís e curso de francés. Desde o Concello e a Cámara traballase para dar resposta a demanda formativa do municipio, así semestres a semestre inténtanse sacar cursos novos e manter aqueles nos cales hai unha alta demanda formativa.

Para mais información e inscricións na Antena Cameral de Salvaterra 986 659 348 / salvaterra.camara-vigo@mundo-r.com

Campionato Galego Máster de Fondo en Estrada

O Concello de Salvaterra de Miño, a Federación Galega de Ciclismo e o Club Ciclista Ría de Vigo veñen de presentar o CAMPIONATO GALEGO MASTER DE FONDO EN ESTRADA

O próximo domingo día 12 de xullo as 10.00h sairá da Praza do Concello esta proba que a día de hoxe xa conta con 125 inscritos, e que espera chegar coas inscricións do propio día entre os 140 e 150 participantes, todos galegos. Un circuito de 30 km, que dependendo da categoría recorrerán entre dúas e tres veces.

Este evento está organizado pola Federación Galega de Ciclismo e o Club Ciclista Ría de Vigo e conta coa colaboración do Concello de Salvaterra de Miño. Como ben saben esta

comarca é unha gran amante deste deporte e ademais conta con diversos club de ciclismo e afeccionados. É a primeira vez que se realiza este campionato en Salvaterra de Miño, nel participan categorías master 30, 40 e 50-60 e desta proba saíran os campións galegos por categoría. A día de hoxe esta categoría e a que conta con máis participación

O remate está previsto sobre as 12.30 ou 12.45, o podium estará colocado na Praza do Concello



MONÇÃO

Feira do 27 voltou a dar que falar

Com organização da União de Freguesias de Ceivães e Badim e da Associação Cultural, Desportiva e Social dos Jovens de Ceivães, realizou-se no passado sábado, 27 de junho, a Feira do 27, em Ceivães. O resultado é claramente encorajador, perspetivando-se a sua continuidade no próximo ano. Em silêncio há mais de quatro décadas, a Feira do 27 regressou com voz grossa. O Lugar de Santo Amaro decorou-se a preceito, as recreações à moda antiga resultaram em pleno, a feira do gado trouxe animais fortes e robustos, e a população respondeu ao toque da sineta para "acudir" ao largo da feira.

Presente na sessão de abertura, o autarca local, Augusto de Oliveira Domingues, sublinhou que "Monção fervilha de animação" com "manifestações várias de promoção cultural em várias freguesias do concelho"

Lembrou que "este género de iniciativas ajuda a valorizar o que é nosso". "Não queremos que o Portugal das aldeias morra. Teimamos na sua preservação.

Apoiada pela Câmara Municipal de Monção, a Feira do 27 compreendeu um concurso de gado, animação popular com concertinas e ranchos folclóricos, verbena pela noite dentro e expositores com artesanato local,

doçaria tradicional e produtos de campo.

O objetivo central assentou na recuperação de um certame vocacionado para a promoção e comercialização de gado que ainda está vivo na memória dos mais velhos, uma vez que esta feira, em pousio durante quarenta anos, era bastante conhecida e procurada pelos comerciantes de gado da região.



GONDOMAR

Curso de fotografía dixital en Gondomar

Desenvólvese ao longo do mes de xullo. Participan sobre 20 mozos de Gondomar de entre 14 e 30 anos

Tivo lugar no Centro Neural a Presentación e Inicio do Curso de Fotografía Dixital, á que asistiu Paco Ferreira e a concelleira Iria Lamas, posto en marcha desde a Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) do Concello de Gondomar. Contan coa profesora Ani Pérez Fotógrafa de Ramallosa durante 13 anos. Durante as 30 horas repartidas en tres horas dous días á semana (martes e xoves de 10:00h a 13:00h), os alumnos e alumnas, de entre 14 e 30 anos, adquiriran coñecementos tanto técnicos como prácticos como

son as partes dunha cámara, trucos, a luz, o uso do flash ou o retoque dixital. Todo o necesario para sacarlle partido a unha cámara de fotos e poder obter unha imaxe de calidade.

O alcalde Paco Ferreira sinala a gran oportunidade que teñen os mozos do Concello ao poder participar nun curso destas características e tan necesario hoxe en día xa que "todo o dixital é o futuro".

Espérase que á finalización do curso os alumnos fagan unha exposición das fotos onde demostren todo o apreso.



Paco Ferreira inaugura o campamento de lecer Gondoverán

No campamento, que se desenvolverá durante o mes de xullo, participan 100 menores de entre 3 e 12 anos.

Nesta edición recibíronse un total de 120 solicitudes



O alcalde de Gondomar, Paco Ferreira, e as concelleiras Iria Lamas e Nuria Lameiro visitaron esta mañá o GONDOVERÁN, un campamento de lecer e tempo libre no que participarán 100 nenos e nenas (de entre 120 solicitudes), de entre 3 e 12 anos, durante todo este mes de xullo. Na presentación fíxose entrega dunha camiseta a cada un dos nenos e nenas participantes. Este ano incrementáronse as prazas de devandito campamento.

Durante o campamento os nenos/as levarán a cabo multitude de actividades como

xogos de coñecemento, de grupo, talleres, jimkanas; ademais de distintas visitas; todo isto supervisado por monitores/as con formación en Igualdade de Oportunidades. saudables.

O Gondoverán continuará durante todo o mes de xullo en horario de 09.00 a 14.00 horas, con posibilidade de incorporación de 8:00 a 9:00 e de saída de 14:00 a en 15:00, o CEIP Chano Piñeiro.

Ademais hoxe tamén comezou en Vilaza un campamento infantil de verán ao que tamén acudiu a primeira hora da mañá o alcalde Paco Ferreira.

MONÇÃO

Município apoia bombeiros



Ambulância de socorro (ABSC), avaliada em 75 mil euros e suportada na totalidade pela autarquia mon-

çanense, foi entregue esta manhã aos "soldados da paz" monçanenses. Para Augusto de Oliveira Domingues, esta via-

tura responde a uma necessidade urgente dos bombeiros e potencia a sua intervenção na salvaguarda de pessoas e bens.

TUI

Bando sobre as zonas de alto risco de incendios

O Concello de Tui publica nun Bando as zonas de alto risco de incendios. No Bando ademais, especificase coma época de perigo alto de incendios forestais as datas comprendidas entre o 1 de xullo e o 30 de setembro.

A información achegada pola Xunta ó Concello de Tui detalla as zonas de alto risco de incendios. Así, executar traballos que supoñen o emprego de maquinaria agrícola ou forestal en terreos forestais obriga a ter un dispositivo de retención de

chispas, antilapas e equipamento de extinción; as queimas controladas, agrícolas ou a realización de fogueiras supoñen un risco extremo de incendios. Tamén fumar en terreos forestais e facer acampadas en zonas non habilitadas poden xerar lumes con moita probabilidade nesta época do ano.

Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural e do Mar incide que o uso do lume nas festas locais e a utilización de foguetes requirirá a autorización do concello, 48 horas antes de realizarse.

Novas da Raia

TUI

O Concello negociará co ORAL á acumulación dos recibos da auga

Esta acumulación dos pagamentos débese a decisión tomada polo anterior goberno de xuntar os recibos pendentes nunha sola anualidade. A falta de lectura dos contadores no cuarto trimestre 2013 fixo que o consorcio facture un consumo estimativo, inxusto na maioría dos casos

O rexedor de Tui deu conta do informe realizado pola tesoureira do Concello, no que fai constar que a falla da lectura dos contadores correspondentes ó cuarto trimestre do ano 2013 é debida a unha falta de responsabilidade do persoal dedicado a este traballo, e por conseguinte tamén do responsable político do mesmo. Todo isto ten como resultado un agravio a aquelas casas pechadas ou que consumen pouco, xa que se lles aplicará un consumo non real. Pola contra, aquelas vivendas que gastan moito

veranse beneficiadas porque se lles aplicará un consumo mínimo.

O alcalde invita a que todos os cidadáns afectados presenten reclamacións por rexistro de entrada, e logo o concello negociará co ORAL o fraccionamento do pago. Para os que xa pagaron recomenda presente igualmente reclamación por rexistro de entrada. Esta decisión de acumular os pagos foi tomada o 5 de marzo do 2015, asinada polo anterior alcalde, e non é responsabilidade do seu goberno, como algunhas fontes sinalan.

VALENÇA

Valença Apresenta Bacalhau à Contrasta

Valença reforça a aposta no turismo gastronómico com a apresentação do novo prato “Bacalhau à Contrasta”,

“Bacalhau à Contrasta” é a fusão dos sabores genuínos, seculares e emblemáticos da gastronomia raiana, onde o bacalhau e o polvo são protagonistas.

O bacalhau especialidade de Valença e o polvo da Galiza ultrapassam as fronteiras e harmonizam-se num prato único.

Contrasta, designação primitiva de Valença, dá nome a este prato, uma homenagem às origens, à autenticidade e identidade da sua gastronomia. Valença séculos a apurar sabores e saberes, da arte de bem confeccionar e receber os comensais.

“Bacalhau à Contrasta” é um prato simples e criativo que irá enriquecer a succulenta ementa valenciana e passará a estar presente nos cardápios dos restaurantes da cidade aderentes à iniciativa e tem a particularidade de juntar o melhor dos produtos locais.

O novo prato “Bacalhau à Contrasta” é uma iniciativa da Câmara Municipal de Valença, C.I.M. – Comunidade Intermuni-

pal do Alto Minho e A.P.H.O.R.T - Associação Portuguesa de Hotelaria, Restauração e Turismo, no âmbito do programa PROVE/TASTE- Os Novos Sabores da Gastronomia Local e Regional.



MONÇÃO

Trilho do Senhor do Bonfim

Dia 12 de julho, domingo, com início às 09h00, na Igreja do Senhor do Bonfim. Distância de 9 quilómetros, interesse paisagístico-cultural, e uma dificuldade considerada fácil/moderada. Sem qualquer custo, inscrição na Loja Interativa de Turismo (T. 251 649 013 | turismo@cm-moncao.pt)

Dando continuidade ao projeto “Caminha para Conhecer Monção”, que compreende a realização de dez percursos pedestres entre os meses de maio e outubro, dois por mês com exceção de

agosto, realizou-se o domingo, 12 de julho, o Trilho do Senhor do Bonfim.

Com saída marcada para as 09h00 da Igreja do Senhor do Bonfim e chegada, ao mesmo local, sensivelmente três horas e meia depois, possui uma distância de 9 quilómetros, interesse paisagístico-cultural, e uma dificuldade considerada fácil/moderada. A deslocação até ao início do percurso é feita em viatura própria. A organização aconselha roupa adequada, calçado adaptado a terrenos irregulares, chapéu, água, protetor solar e reforço alimentar.



MONÇÃO



Abriu a piscina das Caldas

Até 31 de agosto, entre as 14h00 e as 19h00, monçanenses e visitantes podem usufruir deste equipamento junto ao rio Minho. Com vigilância de dois nadadores salvadores, autarquia mantém o mesmo tarifário do último ano.

A piscina descoberta do Parque das Caldas abriu ontem ao público, prolongando-se, todos os dias, até final de agosto com exceção dos dias 15 e 16 de agosto, feriado nacional e domingo da Festividade em Honra à Nossa Senhora das Dores.

Com horário apenas na parte de tarde, entre as 14h00 e as 19h00, o preço de entrada varia conforme a idade: menores de 9 anos (0,32 €), entre 10 e 17 anos (0,62 €) e maiores de 18 anos (0,93 €). Estes valores mantêm-se inalteráveis em relação ao último ano.

A GUARDA

A Alcalde da Guarda recibiu ao delegado territorial da Xunta en Pontevedra

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba recibiu a visita do Delegado Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra, José Manuel Cores Tourís.

Este encontro está enmarcado dentro da axenda de visitas que Cores Tourís ten fixadas en todas as localidades pontevedresas que nas últimas eleccións cambiaron de alcalde.

O encontro, tivo lugar no despacho do Alcalde, quen aproveitou para trasladarlle o Delegado Territorial, as diversas peticións dos veciños e veciñas da Guarda: a inclusión de A Guarda dentro do transporte metropolitano cando teñen que trasladarse a Tui ou a Vigo, cousa frecuente. O remate da vía de alta capacidade que debe unir Tui con A Guarda. Estas dúas solucións axudarían para fixar a poboación e que por razóns de traballo os guardeses/as non tiveran que trasladarse a vivir a outra localidade.

Antonio Lomba aproveitou esta cita para informarlle que, nos próximos días, lle farán chegar á Xunta o proxecto de acceso a praia do Muíño. Sobre este punto Cores Tourís dixo estar informado e a espera de recibilo para poder tomar unha decisión. O alcalde falou tamén do proxecto do polígono industrial A Guarda – Rosal, demandado



polas empresas da zona e que reduciría as taxas de paro; da instalación dun auditorio mul-

tiosos na localidade, pois son moitos os eventos que se celebran na guarda e non hai un

local con afora suficiente. Tamén lle lembrou á que o Concello está pendente dun pro-

xecto de reforma da Praza de Abastos. En este punto, o delegado da Xunta en Pontevedra, comentou que “nos próximos días” recibirán a resolución destas axudas xa que están “totalmente valoradas”.

Por último, o alcalde mostroulle a necesidade de mobiliario para o novo edificio que fará as funcións de Concello, a Casa dos Alonso. O delegado da Xunta comentou que aínda non sabían se este ano saían axudas para este tipo de partidas pero que, se tiveran algunha información ó respecto, lla trasladaría.

Cores Tourís púxose a disposición do Concello para todas aquelas demandas nas que puideran axudar. “Imos vendo todos os proxectos e terás noticias nosas en canto poidamos”, díxolle Cores Tourís.

Na cita tamén houbo tempo para falar dunha maneira distendida nos éxitos conseguidos, por exemplo, polo equipo feminino de balonmán da Guarda.

XXVIII ENCONTRO INTERNACIONAL DE CORAIS DA RIBEIRA DO RÍO MIÑO

18 DE XULLO, ÁS 9 DO SERÁN
AUDITORIO DE SAN BIEITO
A GUARDA



Coral polifónica de Tomiño
Coral centro artístico sportivo
de Pontearreas
Agrupación coral polifónica de
A Guarda
Coral polifónico de S. Teotónio
de Valença
Coral polifónico de Verdoejo
Orfeão de Vila Praia de Âncora
Coral Polifónica de Vila Nova
de Cerveira

Organiza:



Colabora:



Novas da Raia

MONÇÃO

Férias divertidas 2015 "Verão Artístico"

A Comissão de Protecção de Crianças e Jovens de Monção, em colaboração com a autarquia local, levou a efeito as Férias Divertidas 2015 "Verão Artístico", cujos destinatários foram crianças com idades compreendidas entre 6 e 12 anos. Estas férias proporcionaram aprendizagem, entretenimento e animação, desenvolvendo-se em oficinas de trabalho relacionadas com

dança, pintura e malabarismo, além de brincadeiras de outros tempos e deslocações à piscina.

Esta iniciativa, inscrita no plano de ação da Comissão de Protecção de Crianças e Jovens de Monção, teve como principal objetivo assegurar o preenchimento dos tempos livres das crianças de uma forma entretida, pedagógica e segura.



TUI

A catedral de Tui nun timbre de Correos

Filatélicos, clientes e peregrinos poden solicitar este timbre permanente e turístico para os seus envíos.

As marcas postais, motivo para a promoción turística.



A presentación do timbre especial celebrouse o día 6 de xullo, no vestíbulo da oficina de CORREOS de Tui. O acto contou coa presenza do Alcalde, Enrique Cabaleiro; do presidente do Grupo Filatélico de Tui, José Manuel González; do xefe de Sector de Oficinas de Correos, Manuel González e da directora da Oficina de Tui, M^a José Uris.

O timbre turístico presentado, únese a outros elementos filatélicos e a outros servizos e produtos creados para os visitantes e peregrinos que realizan o Camiño de Santiago. Ademais, permitirá que filatélicos e clientes, difundan o nome de Tui e a súa emblemática Catedral, a través de cartas e envíos postais.

A GUARDA

O obradoiro "Ponlle as pilas ao teu bocata" estará presente na "V Mostra das Tradicións Mariñeiras"

Dentro das actividades da "V Mostra das Tradicións Mariñeiras" que organiza o Concello da Guarda ós próximos 24, 25 e 26 de xullo, estará presente o obradoiro "Ponlle as pilas ao teu bocata" promovido pola Xunta de Galicia.

A actividade, terá lugar o domingo 26 ás 19 horas, e nela poderán participar entre 60 e 120 rapaces e rapazas.

A actividade ten unha duración aproximada de unha hora, e nela haberá tempo para unha introdución lúdica, un xogos e pos suposto, para a elaboración do bocata.

Todos aqueles rapaces e rapa-

zas, de entre 5 a 14 anos aproximadamente, que queiran participar nesta actividade deben cubrir unha inscrición previa.

Desde hoxe, e ata o próximo día 23 de xullo, os interesados poden dirixirse a Oficina de Turismo instalada no Concello para cubrir o formulario, no que o pai/nai ou titor/titora do menor afirme que o rapaz ou a rapaza non é alérxico nin intolerante ás conservas.. Se aínda quedan prazas sen cubrir nos días que se celebre a "V Mostra das Tradicións Mariñeiras", no punto de información tamén se poderán facer efectivas as inscricións.



MONÇÃO

“Dar vida à praça”



A autarquia monçanense promove, durante o mês de julho, a iniciativa “Dar Vida à Praça”. Esta consiste na dinamização do centro histórico da vila através da atuação de agrupamentos musicais locais, na Praça Deu-la-Deu Martins, todas as quartas feiras.

A iniciativa, que entra na segunda edição após estreia no verão passado, inicia-se esta quarta-feira, 1 de julho, com atuação do Grupo “Rusga dos Amigos de Merufe”. No dia 8, sobe ao palco o Grupo de Cavaquinhos do Centro Desportivo Recreativo e Cultural de Moreira. No dia 15, é a vez do Grupo de

Cavaquinhos Flores da Terra, da Associação Juvenil de Trute, seguindo-se, no dia 22, a Banda Musical da Casa do Povo de Tangil. A iniciativa termina no dia 29 com o Grupo de Ginástica “Bela Form`s”, da freguesia da Bela.

Além de promover o associativismo local, com a valorização dos grupos concelhios. “Dar Vida à Praça” pretende assumir-se como mais um motivo para, a meio da semana, munícipes, emigrantes e turistas desfrutarem do casco urbano monçanense ao ritmo de uma oferta musical diversificada. Todas as atuações têm início às 22h00.

A GUARDA

A Guarda acolhe unhas conferencias sobre educación

Durante os meses de xullo, agosto e setembro, o Concello da Guarda acollerá unhas conferencias sobre educación baixo o nome “Diálogos en Educación”, que atraerá a decenas de mestres e mestras á vila.

Estas conferencias, que son das máis importantes deste sector a nivel galego, serán impartidas por diferentes catedráticos das universidades de Galicia no antigo Colexio Santiago Apóstol (Colexio PP. Xesuítas. A Pasaxe, Camposancos), xermolo fine secular das Universidades de Deusto e Comillas.

A primeira cita é o xoves día 2 de xullo. Nesta primeira ponencia, Concepción Sánchez Blanco, chegada da Universidade da Coruña falará sobre as “Infancias nómadas. Educando no dereito á mobilidade”. Alfredo Campos García, da Universidade de Santiago de Compostela, dará a segunda conferencia o día 7 de xullo. Nesta ocasión Campos se centrará na “Importancia da memoria e as estratexias de aprendizaxe no ensino”.

O xoves 23 de xullo a charla “De formar crentes a formar cidadáns: unha mirada crítica dende a pedagogía” será impartida por Jurjo Torres Santomé, da Universidade da Coruña. Unha semana despois, chegando dende a Universidade de Vigo, Xosé Manuel Cid, falará sobre os “Mestres republicanos: o compromiso coa modernidade educativa”. Xa en agosto, o día 20, Antón Costa Rico, da Universidade de Santiago, falará ós presentes das “Luces e sombras na política educativa galega desde a transición democrática”. Sete días despois, Miguel Anxo Santos, da mesma universidade ca o anterior, falará sobre “Os concellos e a educación. Problema ou oportunidade”.

As últimas conferencias terán lugar no mes de setembro. Así o día 3 Araceli Serantes Pazos, da Universidade da Coruña, impartirá a charla “A conciencia ambiental: unha necesidade social e un reto educativo”.

Este ciclo de ponencias se pechará con Pedro Ca-

selles Beltrán, traballador do Ministerio de Educación, que falará sobre a “Política e educación. Camiño de volta dun técnico do estado na transición democrática”.

Este evento está organizado polo Concello da Guarda en colaboración co Departamento de Pedagogía e Didáctica da Facultade de Ciencias de Educación da Universidade da Coruña, baixo a coordinación de Xosé M. Malheiro Gutiérrez.

Estas actividades divulgativas están concibidas como tertulias-colóquios informais en tempo de verán, pero rigorosa no que compete no motivo da mesma, que non é outro que abordar múltiples aspectos relacionados coa problemática educativa desde diversos ángulos, conducidas por diferentes expertos no ámbito universitario. Todas as conferencias comezarán ás 21 horas.

*Se queren ampliar a información achegamos o contacto de Xosé Malheiro : 615 27 86 00



A GUARDA

Horarios do Ferry para xullo e agosto

O ferry-boat que une a localidade da Guarda coa vila portuguesa de Caminha fixou os horarios do mes de xullo e agosto.

Este transporte, que une Galicia con Portugal, polo río Miño, funcionará durante toda a semana.

De luns a venres, dende Portugal o ferry sairá a partir das 9

(horario español) a todas as horas en punto, excepto ás 14 horas, ata ás 21. Por outra banda, as saídas dende A Guarda, serán a partir das 9,30 ata ás 21,15, excluindo o das 14,30 horas.

Os sábados e os domingos o horario comezará dende Caminha ás 10 e dende A Guarda dende as 10,30 horas.



Novas da Raia

A GUARDA

Éxito na XXV edición da Festa da Langosta e Cociña Mariñeira

O pregoeiro, Yayo Daporta, fixo unha demostración culinaria

O pasado día 3 deu comezo a XXV edición da Festa da Langosta e Cociña Mariñeira no Concello da Guarda ca lectura do pregón na Praza do Reló e a apertura da carpa gastronómica no Porto da localidade.

Aos primeiros acordes da Agrupación Musical da Guarda, nunha praza ategada, os veciños e veciñas da Guarda e moitos dos visitantes que estes días pasean polas nosas rúas, quixeron estar presentes no inicio desta gran festa para, coa Praza abarrotada, escoitar o concerto que a Agrupación tiña preparado, previo á lectura do Pregón.

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba, moi emocionado, falou dos seus recordos de neno nunha familia de mariñeiros. A primeira sorpresa nesta XXV edición da Festa foi a a homenaxe do Concello a Elicio Magallanes, impulsor da primeira edición. Elicio, acompañado do alcalde, subiu o balcón e non dubidou en ofrecer unhas palabras ós seus veciños e amigos.

Chegou o momento máis esperado, a lectura do pregoeiro Yayo Daporta, un dos chefs, máis xoves en conseguir unha estrela Michelin, nun emotivo pregón destacou a calidade dos produtos galegos e o saber facer da xente que vive en Galicia.

De seguido a correspondente visita aos postos gastronómicos para coñecer os diferentes produtos que se ofertaban. O chef non dubidou en posar con langostas na man, con decenas de fans que o acompañaban e incluso probar o doce máis característico da Guarda, o roscón de xema. De seguido o chef cambadés subiuse ó escenario para facer unha demostración culinaria ante o público. Con dúas



■ O alcalde da Guarda Antonio Lomba no balcón do Concello

langostas vivas e unhas salsas baseadas, sobre todo, en cilantro e aceite de oliva, este cociñeiro demostrou as súas dotes creando un tartar e un carpaccio de langosta. Daporta foi mostrando e explicando cada paso ós presentes.

Dous nenos do público foron os afortunados e puideron probar estes pratos creados por un chef "Michelin".

Trala exhibición e cena, os asistentes á festa gozaron da música da orquestra "América"

Nos días seguintes podemos falar da XX Travesía a Nado Porto da Guarda, con obradoiros e inchables para nenos, e coa música dos grupos "The Winning Numbers" e "Lou Reyes". Nos días seguintes seguiron varias actuacións.



■ Yayo Daporta e Antonio Lomba



■ Yayo Daporta

Os primeiros poboadores da Gallaecia: Paleolítico e Mesolítico

Por Anxo Serafín Porto Ucha & Raquel Vázquez Ramil



■ Traballos arqueolóxicos na Cova Eirós (Triacastela)

No noso percorrido polo pasado da Gallaecia, temos que remontarnos aos inicios, o que se coñece como Paleolítico (de paleo, antigo, e lithos, pedra). A etapa prehistórica do Paleolítico caracterízase pola elaboración de útiles de pedra (tallados ou percutidos), por unha economía depredadora (caza, pesca e recolección) e por un estilo de vida nómada.

Cronoloxicamente o Paleolítico esténdese dende hai máis de dous millóns e medio de anos (en zonas de África) ata hai dez mil anos, falando en termos aproximados, dada as dimensións temporais que manexamos. Neste amplísimo período de tempo os historiadores distinguen o Paleolítico Inferior, o Medio e o Superior.

Da primeira etapa, o Paleolítico Inferior, quedan, no territorio da antiga Gallaecia, restos de pezas líticas, sobre todo cantos rodados de cuarcita que se tallaban mediante extracción de lascas; e así, hai artefactos dunha cara (monofaces) ou de dúas caras (bifaces). Coñécense varios xacementos desta época: Piteira (Toén), A Chaira (San Cibrao de Las), Pazos (San Cibrao das Viñas), Chan de Cereixo (A Portavedra, Gondomar), e as Gándaras de Budiño, estudado por Emiliano Aguirre, o descubridor da cova de Atapuerca, en 1963. O descubrimento máis recente dos xacementos de O Cabrón (Arbo) e Porto Maior (As Neves, Pontevedra) dei-

xou á luz un tipo de machados de considerable tamaño, similar aos atopados en África, o que avala a chegada do home á península dende o sur a través de Gibraltar. O perfil humano correspondía a caza-



■ Reconstrucción de un esqueleto de Homo Neandertalensis

dores-recolectores neandertales que vivían en hordas nómadas; alimentábanse das froitas que recoñían, de animais (bóvidos, cápridos, équidos e cérvidos) e de peixe e marisco.

No Paleolítico Medio os útiles de pedra característicos son máis variados e encádranse dentro do que se coñece como horizonte cultural musteriense. O tipo humano é o Homo Sapiens Neandertalis, cuxa presenza foi documentada no noroeste peninsular polos achádegos da Cova Eirós, en Triacastela. Era un homínido forte e robusto, de a penas 1,60 de estatura, pernas curtas e musculosas, cabeza grande e postura ergueita. Os seus dentes podían mastigar peles de animais, pero non tiña desenvolvemento a capacidade da fala, máis alá da emisión inconexa de sons. O home desta época habitaba en refuxios feitos con ramallos ao aire libre, ou en covas cando o frío era intenso. Soterrábase aos mortos, o cal indica certa crenza mística na vida de ultratumba; e era habitual o desprazamento seguindo o curso dos ríos, de aí a relativa abundancia de restos na beira do Miño.

Existen máis datos do Paleolítico Superior (30.000 e 8.000 a.C.), no que vive o Homo Sapiens Sapiens. O cambio climático rexistrado hai dez mil anos, cando rematan os grandes fríos e se produce unha subida xeral da temperatura, modifica os hábitos de vida das comunidades paleolíticas: os grupos de reco-

lleitores-cazadores aproveitan os bosques caducifolios e o ritmo dos desprazamentos vén marcado pola sucesión das estacións e os movementos dos animais que se cazaban. Os instrumentos de pedra desta fase son máis numerosos e ricos, tanto en variedade tipolóxica (burís, raedeiras, raspadoiros, follas de coitelo...) como en materiais (sílex, cristal de rocha, seixo); hai tamén útiles de óso de uro (o antigo boi salvaxe europeo, Bos taurus primigenius, antecesor da vaca doméstica).

Os xacementos desta etapa pódense agrupar en dous conxuntos: no interior hai covas e abrigos, como a Cova da Valiña (Castroverde), Prado do Inferno (Muras) e Férvedes (Xermade), onde apareceron útiles do período final do Paleolítico (Madaleniense) executados en sílex, cristal de rocha, seixo e gres (burís, perforadores, etc.). Na costa temos varios asentamentos en Pontevedra, sobre todo na zona entre Baiona e A Guarda, onde se atoparon cantos tallados e lascas de cuarcita, como os chamados picos camposanquienses, descubertos na Praia de Camposancos en 1924 polos xesuítas La Cruz e Luissier, profesores do colexio Apóstol Santiago, rexentado entón por relixiosos expulsados de Portugal. Relacionados con estes achádegos están os artefac-



■ Pico tipo asturiense de cuarcita. Alvarães (Viana do Castelo). Museo Nacional de Arqueoloxía de Portugal

dos recursos mariños, como as camboas ou ataxadeiras, recintos á beira do mar que eran anegados polas mareas, e nos que quedaban retidos os peixes e os crustáceos na baixamar.

Tamén nesta etapa atopamos diferenzas entre a costa e o interior. No litoral, na franxa sur de Pontevedra, abundan artefactos similares a cantos tallados, cunha punta pronunciada, os picos asturienses (así chamados polo seu parecido cos achados na veciña Asturias), relacionados cunha intensa explotación dos recursos mariños,



■ Bifaz de A Piteira (Toén), depositado no Museo Arqueolóxico de Ourense

tos líticos atopados na costa minhota, entre as praias de Viana-Areosa y as de Afife-Ancora, exploradas en 1929 polo arqueólogo Afonso do Paço.

Na seguinte etapa, o Mesolítico ou Epipaleolítico, que se estende dende o 10.000 ata o 4.500 a.C., as comunidades do noroeste peninsular especialízanse na recolección e no marisqueo. É unha fase de transición cara aos inicios da agricultura. Desenvólvense inxenosos sistemas para o aproveitamento

como os do xacemento de Fiales (Oia). No interior destacan os xacementos ao aire libre do val do río Arnela, en Lugo, ou o da Pena do Pé en Capela (A Coruña), onde apareceron artefactos líticos de pequeno tamaño, como burís, perforadores ou microlitos sobre láminas.

Na seguinte entrega veremos o desenvolvemento das primeiras manifestacións agrícolas que deron lugar ás grandes transformacións da revolución neolítica.

Ecuador e Arxentina participarán en Termatalia 2015

Despois da última edición celebrada en Arxentina en 2014, este país será protagonista e participará na próxima edición como país invitado presentando os seus recursos termais ante profesionais dunha trintena de países.



■ Alejandro Rubín, primeiro pola dereita, ofreceu en Quito unha conferencia sobre saúde en benestar.

A presenza de Arxentina como país correrá a cargo do Instituto Nacional de Promoción Turística, INPROTUR e será reforzada pola participación doutros destinos e empresas deste país como expositores, como é o caso destacado da provincia de Santiago do Esteiro. O INPROTUR contará cun posto promocional á entrada do recinto e ademais participará nas distintas accións profesionais e formativas. Arxentina leva moitas edicións participando de forma destacada e aumentando o seu papel protagonista ano tras ano ata conseguir converterse en sede do evento, como sucedeu o ano pasado coa celebración de Termatalia na capital termal do país, Termas de Río Fondo. O Instituto Nacional de Promoción Turística é o organismo responsable da promoción turística internacional da Arxentina e concreta a relación público-privada no que respecta á promoción turística internacional. O INPROTUR ten como misión posicionar a Arxentina como destino turístico internacional nos mercados emisores

Ecuador

O director de Termatalia, Alejandro Rubín, realizou unha intensa campaña de promoción da próxima edición da Feira en Ecuador. Co convite do Ministerio de Turismo de Ecuador e o apoio da Cámara Oficial de Comercio de España en Ecuador, da Embaixada de España e da Cámara de Turismo de Pichincha, impartiu un curso de capacitación en Mercadotecnia de Turismo de Saúde e Benestar en Quito. Os organizadores invitaron a participar aos principais empresarios ecuatorianos con negocios relacionado ao sector termal e ao turismo de saúde. Este curso contou coa asistencia de empresarios e de altos executivos do Ministerio de Turismo ecuatoriano que teñen "no radar" ao termalismo, un sector que en Ecuador ten situadas máis de 80 fontes, sendo moi poucas as que están técnica- mente utilizadas, óptimamente deseñadas e mercadeadas de forma moi incipiente. Isto implica que este país poida estar a perder grandes oportunidades nun negocio que é o de maior

crecemento dentro das modalidades turísticas en todo o planeta.

Ciclo de cursos

Por outra banda, qa edición de 2015 de Termatalia reforza o seu carácter formativo programando un ciclo de cursos que consolidarán o papel desta cita como centro de capacitación termal a nivel mundial. Impartiránse antes e despois da feira, que se celebra en Ourense o 24 ao 26 de setembro, e inclúen formación especializada con certificación académica e a realización de prácticas en varios centros termais de Galicia. Están dirixidos aos profesionais do sector que vaian participar en Termatalia, e en especial aos de América Latina. A presenza de Galicia e da cidade de Ourense na última edición da feira celebrada en Arxentina en 2014, contribuíu ao seu posicionamento como destino para a capacitación de profesionais no sector. A participación de empresas de consultoría, formación, equipamento e investigación da comunidade,

ademais da propia presenza do Campus da Auga da Universidade de Vigo, converteron a Termatalia, Galicia e Ourense espazos de referencia á hora de formarse profesionalmente neste campo.

Termatalia en Portugal

Termatalia crea unha nova delegación no Norte de Portugal respondendo así ao interese da organización por contar con varias delegacións en Portugal, país que conta con moitos recursos termais de grande importancia e calidade e cuxa proximidade á sede da feira abre moitas posibilidades de negocio. Antonio García, profesional moi vinculado á promoción turística da rexión de Porto e Norte, será o novo delegado desta área. Adriano Barreto cubrirá dende agora das zonas centro e sur do país e Antonio Cavaco exercerá a súa función nas Illas Azores (ademais de Cabo Verde). Portugal participará en todas as accións profesionais e actividades para o público xeral organizadas para esta edición. Así, as súas augas envasadas daranse a degustar no Bar de Augas e participarán na Cata Internacional de Augas, que foron premiadas en varias ocasións. Por outro lado, representantes do seu turismo, institucións e empresas, participarán como relatores no Encontro Internacional sobre Auga e Termalismo. Este foro internacional remata ademais coa realización, o sábado 24 de setembro, de diversas rutas termais sendo sempre transfronteriza unha delas. Termatalia é a única Feira Internacional de Tu-

rismo Termal celebrada na Península Ibérica, o que pode explicar o feito de que os profesionais do sector do turismo de saúde lusos consideren esta feira como o seu punto de encontro e que, de entre os miles de visitantes que cada ano se achegan a esta cita, unha elevada porcentaxe proceda deste país. Dentro da participación portuguesa, terá un protagonismo destacado a Rexión de Turismo Porto e Norte que acode a Termatalia para presentarse como o principal destino de turismo de saúde de Portugal. Cunha vintena de balnearios que contan con gran diversidade de equipamentos, infraestruturas e tratamentos de calidade, trátase da rexión con maior potencial termal do país e puxo en marcha un proxecto para posicionar o produto "Saúde e Benestar" como prioritario na súa campaña turística cara ao exterior, unha promoción que se complementa con outros atractivos como a súa gastronomía (especialmente os seus viños) e a súa paisaxe. Delimitado polo Norte e Sur polos ríos Miño e Douro respectivamente, Porto e Norte comprende algunhas das cidades máis importantes do país como é o caso de Porto, Braga e Vila Real e na súa toponimia queda patente a tradi-

ción termal da rexión xa que son numerosas as poboacións denominadas "Caldas de...". Concentra ademais algúns dos centros termais máis importantes do país e que nos últimos anos modernizaron as súas infraestruturas para converterse nun destino turístico de calidade. Entre as máis coñecidas da rexión encóntranse as

termas de Chaves, Pedras Salgadas, de Melgaço, Monção, Vizela, Gêres, Moledo, Espinho e Vidago.



■ Antonio García será o novo delegado de Termatalia na rexión de Porto e Norte de Portugal.